

Podemos Galicia



Alianza Verde

DEFENDE AS TÚAS IDEAS

**FACER
O QUE NUNCA
SE FIXO**

**Podemos
Galicia**



Alianza
Verde

Índice

1. Políticas públicas 6

Sanidade pública galega.....	7
Máis xustiza social: loita contra a desigualdade.....	22
Medidas urxentes contra a pobreza.....	26
A vivenda: un dereito.....	38
Educación pública, gratuíta e inclusiva.....	43
A Universidade galega.....	50
Investir en innovación e futuro.....	53
Unha Galicia con futuro.....	58
Cultura e Patrimonio.....	61
O deporte en Galicia.....	72

2. Dereitos da cidadanía 78

Compromiso efectivo coas políticas de Igualdade.....	78
A infancia: o futuro de Galicia.....	89
Defensa da diversidade.....	95
Memoria Histórica Democrática.....	98
Migración: un país de todas.....	101
Unha Galicia solidaria.....	105
Máis autogoberno galego.....	109
Galicia e as relacións con outros países.....	114
O galego: nosa lingua.....	117
Medios de información plurais, veraces e independentes.....	120
As administracións ao servizo da xente.....	126

3. Economía e futuro 131

O emprego como prioridade.....	131
Unha facenda galega ao servizo da xente.....	144
Un novo modelo económico para Galicia.....	150

O sector produtivo.....	152
Máis investigación, desenvolvemento e innovación.	159
Apostar polo noso rural.....	161
Apoio ao sector lácteo.....	171
Potenciar os nosos produtos.....	173
Os nosos viños.....	175
Xestión pesqueira integral.	178
Turismo de calidade e sostible.....	187

4. Ecoloxismo

193

Un novo modelo territorial para vertebrar o país.....	193
Unha mobilidade sostible.....	199
A auga: un ben común.....	204
Novo modelo de xestión de residuos.	208
Galicia e a emerxencia climática.....	214
Protexer a nosa riqueza natural.....	219
Aproveitamento da terra produtiva e políticas para as zonas de montaña.....	228
Preservar a nosa biodiversidade.....	230
Defensa dos animais.....	238
Sustentabilidade enerxética.....	241

1. Políticas públicas

Recuperaremos e garantiremos tódolos servizos públicos como pilar fundamental dunha sociedade forte e solidaria. O noso goberno terá como obxectivo fundamental a xustiza social e o benestar de tódalas persoas. Un goberno que vai estar ao carón de quen máis o necesite, que vai garantir a dignidade e a igualdade. Un goberno que sabe do lado de quen ten que estar, da súa xente, da xente que co seu esforzo traballa tódolos días por un país xusto.

Un goberno galego que vai rescatar a sanidade pública fronte os gobernos do PP que só aplicaron recortes e pretenden convertela nun privilexio. Un goberno que sabe que a educación de calidade é o único camiño para termos un futuro digno. Un goberno que non vai aforrar en benestar, que centrará o seu esforzo na recuperación e na superación das actuais políticas sociais. Un goberno que sementará futuro, que facilitará a maternidade e a paternidade e aplicará políticas de conciliación. Un goberno que loitará por conquistar a igualdade, que respectará tódalas diversidades e que as colocará como base fundamental da nosa cidadanía. Un goberno que non dubide e que loite contra todo tipo de pobreza, que coopere, que sexa solidario, que teime en sermos un país de todas e todos e para todas e todos, e que independentemente da nosa procedencia propicie unha igualdade real de oportunidades.

Un goberno dos máis, que traballe para construír un país mellor, que acompañe a súa xente e sexa quen de desenvolver tódolos servizos para tódalas persoas. Un goberno da dignidade para un país en común.

Sanidade pública galega.

Máis de unha década de goberno do PP caracterizada por un brutal e progresivo recorte do gasto público, está a ter consecuencias alarmantes na calidade da nosa sanidade pública, que leva máis de 400 millóns recortados en gasto sanitario nestes últimos de anos. Un gasto que ten unha repercusión directa na calidade asistencial e que, como desgraciadamente puidemos comprobar nunha situación de emerxencia sanitaria como a do COVID-19, se evidencia máis ca nunca. Pero tamén sobre os traballadores e traballadoras da Sanidade que están a asumir un incremento na carga de traballo, así como unha gran precariedade, debido á importante redución de persoal en hospitais e centros de saúde así como en recursos e dotación do material máis básico, facendo que hoxe só a súa profesionalidade e vocación sexa quen de permitírnos gozar aínda dun trato digno e humano. Tras adelgazar ao máximo os cadros de persoal de hospitais e centros de saúde mediante unha taxa de reposición, xubilacións forzosas e amortizacións de prazas, o persoal tivo que asumir un incremento na carga de traballo, así como unha gran precariedade, que ano tras ano advirte o propio Consello de Contas en relación ao incremento do persoal en situación de eventualidade, o que sitúa á propia Administración pública do PP como un motor de temporalidade na contratación. Esta precariedade e a falta de convocatorias de Ofertas Públicas de Emprego, provocan tamén unha mobilidade obrigada así como ausencia na substitución de baixas, permisos e vacacións. Este desmantelamento da Sanidade golpea máis fortemente en vilas e pobos que deixan de ter pediatras, e/ou outros especialistas, xerando diferencias de oportunidades e, incluso, unha importante alarma social para a poboación afectada. O noso compromiso é reverter a precaria situación do Servizo Galego de Saúde garantindo un sistema sanitario realmente universal e a equidade no acceso a estes servizos tamén no rural.

Doutra banda, a mercantilización que o PP ven desenvolvendo, ten o seu reflexo na progresiva infiltración das empresas privadas a través de concertos e privatizacións que, na práctica, converten a xestión sanitaria nun mero negocio. As interminables listas de espera están directamente vinculadas a estas políticas, xa que ademais de carecer dunha total falta de transparencia, responden aos intereses especulativos e ao beneficio do negocio privado montado en torno á saúde de todos e todas nós.

1. Contratación urxente de persoal suficiente para o reforzo dos servizos hospitalarios, de asistencia a domicilio sanitaria e social en todos os municipios de Galicia.

2. Volver a un sistema sanitario realmente universal.

Recuperaremos o dereito á saúde de tódalas persoas que quedaron excluídas nos últimos anos recobrando, con medidas excepcionais, a universalidade na atención sanitaria para tódalas persoas que a precisen no territorio galego.

3. Reinstauraremos a interlocución perdida con tódalas entidades que traballan con persoas en risco de exclusión social, ao fin de garantir un acceso normalizado á asistencia sanitaria.

Realizaremos unha política activa de seguimento, detección e corrección desta e outras causas de exclusión do sistema sanitario.

4. Equidade no acceso aos servizos sanitarios no rural.

Nós garantiremos a equidade no acceso aos servizos sanitarios no rural, onde estableceremos unha carteira de servizos mínimos e básicos para todo o territorio.

5. **Crearemos novas prazas no SERGAS para iniciar a recuperación dos postos de traballo suprimidos nos últimos anos, avaliando as necesidades asistenciais reais, ao fin de definir as necesidades de mellora nos cadros de persoal de cada servizo e solicitaremos ao Ministerio a eliminación das taxas de reposición no ámbito sanitario.**
6. **Planificaremos as Ofertas Públicas de Emprego de xeito progresivo durante a lexislatura, evitando atrasos innecesarios nas convocatorias e axilizando os procesos administrativos para reducir os prazos de incorporación, especialmente nas categorías e especialidades deficitarias, así como a integración de novas especializacións eliminadas, non implantadas ou ausentes nalgúns servizos.**
7. **Actualización de categorías profesionais e as súas funcións como no caso das especialidades en enfermaría, técnica/os auxiliares de enfermaría ou o recoñecemento das celadoras e celadores como persoal sanitario.**
8. **Estableceremos listaxes de contratación transparentes e públicas para todas as categorías, actualizando diariamente a orde de chamamentos.**

Renovarase o pacto de contratación recollendo medidas específicas para permitir o descanso e a conciliación do persoal eventual, así como criterios comúns para todo o SERGAS en relación ao uso de cada tipo de lista de contratación (xerais, especiais, pool, xornadas reducidas, etc.).
9. **Traballaremos na mellora das condicións profesionais para as prazas con máis difícil cobertura para garantir a equidade no conxunto do territorio.**
10. **A carreira e o progreso profesional formarán parte tamén da xestión de persoal.**

Potenciaremos a carreira desde o punto de vista de formación e desenvolvemento profesional, co obxecto de mellorar a calidade do sistema, potenciar a investigación e mellorar a satisfacción do persoal e das persoas usuarias.

11. Aplicación da Lei de Incompatibilidades.

Prestaremos especial atención á aplicación da Lei de Incompatibilidades para acabar coa duplicidade dos postos de traballo nos sistemas público e privado, situación que só favorece a desigualdade e o crecemento irracional das listas de espera.

12. Reforzo e ampliación das infraestruturas sanitarias públicas.

- Os hospitais galegos veñen sendo dotados de Plans Directores cheos de medidas que non chegan a cumprirse, e en ocasións nin tan sequera dotados de orzamento. Revisaremos estes documentos para planificar as reformas ou ampliacións necesarias nas estruturas de atención hospitalaria.
- Estudar en detalle, e en colaboración coas e cos profesionais, a situación da área sanitaria de Vigo que a día de hoxe está completamente desorganizada, garantindo o completo uso do hospital do Meixoeiro. En canto ao novo Hospital de Vigo comprometémonos a traballar para lograr a súa devolución íntegra ao SERGAS, toda vez que existen incumprimentos flagrantes dos pregos de contratación e do financiamento.
- Garantiremos que a ampliación e reformas por rematar no CHUAC coruñés se realizan acorde ás necesidades de camas actuais e futuras, para poder prescindir dos concertos sanitarios presentes.
- Revisaremos e desenvolveremos axeitadamente o Plan director do CHUS de Santiago de Compostela e facilitaremos, en acordo co Concello de Santiago e as asociación de pacientes, a creación dun aparcamento gratuíto con capacidade suficiente para as persoas usuarias do centro que remate co caos circulatorio na zona.

- Desenvolveremos un novo Plan de Atención Primaria para planificar as necesidades de novos centros de saúde e as reformas ineludibles nos actuais. Aceleraremos o traspaso de competencias ao SERGAS en relación ao mantemento dos centros de saúde que xa teñan presentada toda a documentación e dialogaremos cos concellos para facilitar o proceso naqueles que non tivesen completado os trámites.
- Reverter as privatizacións. O sistema sanitario público padece dende fai máis de dúas décadas unha progresiva infiltración das empresas privadas. Se ben nos inicios esta infiltración estivo máis centrada en servizos non puramente sanitarios -mais moi importantes para o sistema- ou na articulación de entes semipúblicos, nos últimos anos, desde a entrada do primeiro Goberno de Núñez Feijóo, a ofensiva chegou a unha parte moi elevada de servizos sanitarios.
- Levaremos a cabo unha auditoría interna para coñecer a situación da totalidade das privatizacións no SERGAS. Estudaremos as posibilidades económicas, legais e administrativas para a súa reversión. En función dos resultados, estableceremos unha planificación para poder acometelas en orde de prioridade e capacidade.

13. Traballaremos para reintegrar á xestión pública os recursos de I+D+i, Institutos Biomédicos, servizos de avaliación de altas tecnoloxías e docencia.

14. Evitar as derivacións á Sanidade privada.

Mentres existan servizos públicos dispoñibles non debe haber traslados á sanidade privada.

15. Traballaremos co obxectivo de prescindir dos concertos sanitarios a medio e longo prazo. Ata entón, as derivacións estarán debidamente xustificadas e serán auditadas periodicamente.

Tamén realizaremos unha auditoría no caso dos concertos singulares e estruturais, esencialmente o de POVISA -que ano tras ano denuncia o Consello de Contas-, para coñecer o seu custe total e como se teñen empregado os fondos públicos.

Mentres este contrato estea en vigor esixiremos á empresa o cumprimento das mesmas condicións e rateos de persoal que na Sanidade pública.

16. Derrogaremos a Lei 14/2013 de Racionalización do sector público, que realmente abre a porta á privatización da xestión da estrutura docente do SERGAS, transplantes, sangue e tecidos.

As competencias das axencias que constituíu ese texto legal quedarán integradas na rede pública.

17. Plan urxente para abordar as listas de espera.

A xestión das listas de espera está vencellada á privatización do sistema sanitario e directamente relacionada co beneficio para o negocio privado da saúde. É necesario poñer en marcha un Plan Urxente para abordar as listas de espera que contemple a utilización racional dos recursos do sistema público e abandone as actuais políticas de derivación cara aos centros concertados.

18. Publicación e transparencia das listas de espera.

Realizaremos un cambio na xestión das listas de espera, eliminando a opacidade das listas de espera non estruturais (das que se pasa a formar parte cando se rexeita o acceso á prestación sanitaria na privada priorizando a pública), de xeito que o procedemento sexa transparente e público. Informarase pola Consellería periodicamente no Parlamento da súa xestión, un deber constitucional co que a Xunta nunca cumpriu malia ás solicitudes de deputados e deputadas.

19. Modificación da Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias.

Mudaremos o texto para evitar o transvase de pacientes ao sistema privado, traballando por reducir a espera para consultas externas hospitalarias e para probas complementarias a 15 días en dous anos e a 60 días a cirurxía non urxente ou de problemas graves que deberá ser atendida no tempo que preciseo problema padecido.

20. Fin do peche de camas nos hospitais galegos.

Tomaremos as medidas necesarias para evitar o peche de camas que ten sobreesaturados os centros médicos galegos e só contribúe a empeorar a atención que reciben os doentes, a precarizar a labor do persoal sanitario e a incrementar os tempos de espera das listas.

21. Fortalecer e impulsar a Atención Primaria.

A Atención Primaria funciona como porta de entrada ao propio sistema e ten que ter como característica principal a máxima accesibilidade para garantir a inclusión das persoas. Actualmente é unha das partes da sanidade máis castigadas polas políticas de recortes no gasto sanitario destes últimos anos. Sobra recordar a situación dos Puntos de Atención Continuada (PAC), as urxencias extrahospitalarias que se atopan en moitos centros de saúde e que contan cunha absoluta falta de medios materiais e humanos.

- Solucionaremos a falta de cobertura de profesionais nos centros de saúde: pediatras (e un longo etcétera), eliminación das xerencias, falta de especialidades como a psicoloxía, saturación de outras especialidades como fisioterapia ou centros de saúde que non compren coas necesidades máis básicas de accesibilidade e habitabilidade, son algunhas das eivas das que adoece actualmente a nosa Atención Primaria.
- Incorporaremos, asemade, novas profesións sanitarias non implantadas ou ausentes nalgúns servizos, como pode ser

a de psicoloxía na Atención Primaria ou a terapia ocupacional. Así mesmo tamén reforzaremos a presenza de profesionais como son os da fisioterapia, logopedia, hixienistas dentais ou nutricionistas, así como as especialidades en enfermería.

- Dignificaremos este primeiro eido sanitario fronte ás actuais Xerencias de Atención Integrada, que supeditaron os servizos de Atención primaria aos hospitais, devolvéndolles a súa capacidade organizativa e de xestión. A atención primaria non debe ser subordinada da hospitalaria, se non traballar en cooperación con ela nun sistema máis coordinado e no que o persoal sanitario contribuirá democraticamente á toma de decisións.
- Elevaremos o orzamento en Atención Primaria ata alcanzar o 25% do orzamento sanitario e desenvolveremos un novo Plan de Atención Primaria para planificar as necesidades de novos centros de saúde e as reformas necesarias nos actuais.

22. Prevención e Promoción da saúde.

Incluiremos no Plan de Atención Primaria un verdadeiro programa de prevención e promoción da saúde con actividades educativas en colaboración coas Consellerías de Política Social e Educación, así como con entidades sociais. Neste senso, estudaremos a incorporación da Enfermaría Escolar aos centros educativos da rede pública, especialmente naqueles centros con alumnado con necesidades especiais.

23. Reforzaremos a estratexia en relación á prevención da obesidade, atendendo sobre todo á poboación infantoxuvenil con medidas en colaboración coa Consellería de Educación tendentes a mellorar hábitos de exercicio (incremento da actividade física na educación infantil e primaria, práctica do recreo activo, aumento da oferta de deportes nos centros educativos e apertura de instalación deportivas, etc.) e de alimentación nos centros escolares e nos

domicilios (en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP- para abordar posibles problemas nutricionais).

24. Traballaremos nunha nova estratexia de prevención da cronicidade que fortaleza a atención temperá, garantindo a equidade no acceso en tódolos territorios e a dotación da mesma con equipos multidisciplinares.

25. Ampliación de Unidades e tratamentos de Saúde Bucodental.

- Dende PODEMOS Galicia-Alianza Verde estudaremos a necesidade de ampliación do número de Unidades de Saúde Bucodental.
- Cómpre dotar ás existentes de recursos suficientes, entre eles o incremento do número de hixienistas dentais, para formar equipos multidisciplinares en cada unidade.
- Dotaremos ás Unidades de Saúde Bucodental de protocolos sanitarios de actuación feitos coas e cos profesionais.
- Na atención ás mulleres xestantes ampliarase a cobertura ás limpeza dentais e obturacións.
- Ampliaremos a cobertura para que, polo menos, as persoas con diabetes, cancro, transplantadas e outras enfermidades graves teñan dereito á profilaxe dental (coma no caso das mulleres xestantes), cousa que agora mesmo non cubre a sanidade pública.
- Posteriormente, estudaremos a ampliación ao resto da poboación adulta desta prestación, planificando os recursos necesarios para este fin.
- No relativo á cobertura na poboación infantil, ampliaremos a mesma ata os 18 anos e observarse a cobertura das endodoncias na poboación ata, como mínimo, os sete anos.

26. Servizos de Hemodinámica e Radioterapia en Lugo e Ourense.

Implantación dos servizos de Hemodinámica e Radioterapia, ampliando a prestación as 24 horas, para as áreas sanitarias de Lugo e Ourense.

27. Coidados paliativos e dereito a unha segunda opinión médica.

Revisaremos a recente Lei 15/2015 de Dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, especialmente no que se refire aos tratamentos nas unidades de dor e no seu dereito a unha segunda opinión médica sobre as súas doenzas, e adoptaranse medidas para o seu desenvolvemento e implantación real.

28. Unidades hospitalarias de crónicos/as.

Garantiremos en todas as áreas sanitarias a existencia de unidades hospitalarias para doentes crónicos/as.

29. Unidades específicas de Pneumoconiose.

Reforzaremos a actual unidade de atención á asbestose de Ferrol e crearemos un servizo análogo no sur da provincia.

30. Plan Galego de Saúde Mental.

Traballaremos coas e cos profesionais de psiquiatría, psicoloxía e enfermaría nun novo Plan de Saúde Mental que garanta o servizo universal, que camiñe cara un modelo integrador e comunitario. Mentres estea en elaboración e trámite implementaremos as medidas urxentes precisas.

- Incrementaremos a dotación de persoal das unidades de saúde mental e dos hospitais de día, resultando esencial a figura das psicólogas e psicólogos clínicos.
- Nesta lexislatura debe ser prioridade tamén a atención ao Trastorno Mental Grave e á saúde mental infanto-xuvenil, neste caso, coa necesidade dunha nova unidade de hospitalización no sur de Galicia.
- Estudaremos a situación das persoas trasladadas desde os antigos manicomios a residencias de persoas dependentes para tomar medidas que garantan a súa atención psiquiátrica e global.
- Coordinaremos os departamentos de saúde mental coa Atención Primaria, incorporando na mesma a psicoloxía clínica e definiremos un Plan Galego de Atención ao Suicidio.
- Seguiremos as recomendacións da ONU en relación a eliminación progresiva da contención mecánica nos dispositivos asistenciais e residencias.
- Así mesmo, incluiremos a perspectiva de xénero na planificación e atención á saúde mental.

31. Estudo e planificación para a implantación de Terapia Ocupacional.

Estudaremos as necesidades relativas á terapia ocupacional no SERGAS, establecendo unha planificación para a incorporación de profesionais co fin de cubrir desde o ámbito público os tratamentos destinados a conseguir a máxima funcionalidade e grao de independencia das persoas con algún tipo de limitación, xa sexa física, cognitiva,

32. Prevención e atención ás condutas aditivas.

Terán carácter urxente e prioritario nesta lexislatura a integración da atención e prevención das drogodependencias e condutas aditivas no SERGAS e a dotación dos recursos

precisos. Levaremos a cabo unha nova Lei Integral de Adicións e Drogodependencias, consolidada e actualizada que permita atender a novas necesidades sociais como a adición ao xogo ou as novas tecnoloxías, que están a ser cada vez máis preocupantes ao afectar, cada vez máis, a xente máis nova.

Aplicaremos tamén medidas de prevención da ludopatía e regulación estrita dos centros de xogo e recreativos en coordinación co Goberno do Estado.

33. Transporte Sanitario público.

Revisaremos a situación dos contratos en vigor, as condicións laborais e a situación das bases para esixir que mentres os contratos estean vixentes se cumpran os dereitos das e dos traballadores. Traballaremos para facer público 100% este servizo. Incrementaremos a dotación de vehículos seguindo as recomendacións dos profesionais. No mesmo senso, será auditada a situación das emerxencias aéreas.

Ademáis aumentaremos o número de efectivos terrestres (ambulancias) nas épocas ou días con picos de demanda (fin de ano, carnaval, San Xoan ou picos de gripe) co fin de reducir o tempo de atención.

34. Información e transparencia no investimento sanitario.

Garantiremos a transparencia na xestión dos recursos, recuperando o sistema de información sanitaria, impedindo que os datos sanitarios da poboación sexan utilizados polas multinacionais e elaborando un diagnóstico da situación do sistema. Os centros sanitarios publicarán unha memoria anual dando conta de recursos, actividades e resultados.

35. Acceso para consulta de problemas de saúde ou petición de trámites administrativos dos pacientes ao médico de familia, pediatra, matrona e enfermeira por vía electrónica.

36. Creación dun sistema centralizado de compra de medicamentos e desmedicalizar o sistema.

Auditaremos o gasto farmacéutico para poder reduci-lo, pero non a costa da cidadanía tal e coma aconteceu co RD 16/2012, senón para controlalo e poder investir mellor os cartos públicos. Con este fin, crearemos un sistema centralizado de compra de medicamentos, estudaremos a posibilidade de iniciar a produción pública de xenéricos e fomentaremos a investigación sanitaria neste eido.

A prescrición e comercialización de novos fármacos deberá basearse na evidencia científica, polo que tamén daremos formación adecuada e continua ao/as profesionais que prescriben medicamentos acerca das novas medicinas e avances científicos neste campo. Esta medida iría acompañada da regulación e limitación das actividades que realizan as industrias farmacéuticas para influir aos profesionais prescritores.

Desmedicalizar o sistema e acabar co uso irracional e abusivo da medicación e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

37. Fin á pobreza farmacéutica.

O impacto do RD 16/2012 e da crise económica no acceso da poboación aos produtos farmacéuticos tradúcese nunha cifra elevadísima de persoas que estarían abandonando os seus tratamentos por non poder facer fronte ao seu gasto. Iniciaremos o rexistro e estudo da adherencia terapéutica cos datos ofrecidos polas boticas en relación aos fármacos retirados. Traballaremos posteriormente con eses datos para adoptar medidas de carácter social tendentes a reverter esa situación.

38. Fomento da investigación pública.

- A Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polo

Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e polo Plan de Saúde.

- Estableceranse os mecanismos de coordinación do Plan galego de investigación e desenvolvemento en materia sanitaria co Plan galego de I+D+i.
- A Administración autonómica garantirá a suficiencia financeira da investigación pública e as condicións laborais das persoas investigadoras asegurándolles a estabilidade que lles permita desenvolver os seus estudos, proxectos e investigacións.
- Facilitaremos a creación e mantemento de grupos de investigación básica e aplicada que serán unha prioridade da política sanitaria, xunto coa creación dunha rede altamente cualificada de docencia de tódalas profesións sanitarias. É un instrumento de mellora asistencial e de coñecementos que repercutirá en toda a sanidade pública galega.
- Estabilizaremos os contratos do persoal investigador e tomaremos as medidas necesarias para a súa total integración na sanidade pública como persoal estatutario. Tamén modificaremos o marco legal para garantir que o valor engadido da investigación na sanidade pública permaneza neste ámbito.

39. Participación cidadá.

Reactivaremos e desenvolveremos os instrumentos de participación cidadá para democratizar o sistema en función das necesidades da poboación. Cómpre fomentar os consellos de saúde e máis contacto e interrelación coa Asociacións de Doentes. Implantaremos sistemas accesibles e resolutivos nos que as persoas enfermas poidan facer valer os seus dereitos en saúde, traballando no empoderamento, na toma de decisións de cada paciente e o respecto aos principios da Bioética.

40. Eliminación de barreiras arquitectónicas.

En cumprimento da Lei 10/2014 de Accesibilidade, auditaremos a situación dos centros e servizos sanitarios públicos, para detectar posibles barreiras arquitectónicas ou comunicativas e aplicar medidas para resolvelas.

41. Perspectiva de xénero na Sanidade Pública.

Desenvolveremos de xeito realista e con recursos suficientes os Plans de Saúde da Muller. Traballaremos de forma activa para que a sanidade pública contribúa a corrixir as desigualdades de xénero desde tódolos eidos, prestando especial atención ás mulleres, sobre todo no que atinxe a anticoncepción e sexualidade. A nosa aposta é dotar de dignidade e autonomía os tratamentos específicos destinados ás mulleres para que, por exemplo, ningunha paciente que interrompa unha xestación sexa derivada a centos de quilómetros de distancia ou a clínicas privadas.

A violencia machista debe ser observada tamén coma un problema que afecta á saúde e as e os profesionais deberán recibir formación para a súa detección e denuncia e a perspectiva de xénero tamén debe ser analizada no ámbito da investigación sanitaria.

A asistencia sanitaria que precisan as mulleres afectadas por doenzas específicas centrará tamén a nosa atención en:

- Promoveremos unha atención máis humanizada da atención perinatal. Revisaremos as medidas necesarias para facer que se cumpran os dereitos contidos no Plan de Parto e Nacemento.
- Difundiremos a Guía de Coidados da Endometriose entre os profesionais sanitarios tal e como demandan os colectivos de mulleres afectadas. Crearemos un equipo de traballo que defina as necesidades asistenciais para a súa detección e tratamento, así como a elaboración dun Plan de prevención e detección e as necesidades de derivacións nos casos de grao IV mentres non teñamos medios para tratalos na nosa Comunidade.

42. Medidas relativas ao Goberno central.

Dirixirémonos tamén ao Goberno central reclamando a derrogación da Lei 15/97, de 25 de abril, de Novas Formas de Xestión na Sanidade que abriu o camiño legal para permitir a transformación do sector público sanitario nun mercado e, en consecuencia, nunha oportunidade de negocio máis ao ser a peza clave que posibilita as privatizacións na sanidade pública.

Máis xustiza social: loita contra a desigualdade.

Galicia merece un novo modelo de políticas sociais que coide e atenda as necesidades reais da súa xente especialmente aquelas con maior risco de vulnerabilidade: menores, maiores, persoas con dependencia, familias en risco de exclusión, familias monomarentais ou monoparentais pero tamén aquelas que se atopan ante nunha situación sobrevida e incerta. Estas actuacións de choque servirán para garantir uns mínimos para subsistir. Apostamos por un modelo de benestar social integral, que, solidariamente, atenda as necesidades da xente neste momento de emerxencia social. Aplicaremos unha Renda Básica de Cidadanía que mellore o modelo obsoleto da RISGA, que supere o mero asistencialismo e que sexa un motor para a integración, especialmente dirixido a rematar coa feminización da pobreza, a que sofre a infancia e para a atención das persoas sen teito. As actuais RISGA e as Axudas de Inclusión Social, tal e como as xestionaron os gobernos do Partido Popular, derivaron nunha elevadísima porcentaxe de denegacións e solicitudes pendentes de resolver. Ao longo da lexislatura destinaremos orzamentos anuais a esta causa aumentando as rendas de inserción e garantindo uns ingresos vitais mínimos.

Ademais da garantía de sustento básico e vivenda digna reforzaremos, con recursos humanos e materiais, os Servizos públicos que deberán prestar especial protección ás persoas máis vulnerables (infancia, maiores, persoas con dependencia, familias en risco de exclusión, monomarentais ou monoparentais, etc.). Os datos amosan unha serie de inconvenientes insalvables dada

a concepción asistencialista das rendas condicionadas que as Comunidades Autónomas xestionan na súa carteira de políticas sociais. Entre estes problemas atópanse a cobertura insuficiente do actual modelo. Tamén fan caer nunha trampa desincentivadora na busca de emprego digno e regular. É un sistema que estigmatiza e infantiliza as súas condutas ao estar en permanente cuestión. Doutra banda, consideramos que as contías do actual sistema son insuficientes se temos en conta o custe real da vida e que a burocracia para obtelas é excesiva. Reiniciaremos as políticas de dependencia, apostando por un sistema galego que sexa quen de asumilo. Esixiremos ao Estado a reposición da súa achega ao Plan Concertado mínimo ao nivel de 2011 tendo como horizonte a súa superación. Marcamos como obxectivo que o sistema de Servizos Sociais sexa recoñecido, en futuras reformas, no Estatuto de Autonomía.

43. Xustiza social universal.

Desde PODEMOS Galicia- Alianza Verde pensamos que unha sociedade non acadará a súa plenitude mentres haxa xente que sofre e existan desigualdades. Cremos que é necesario que, á hora de acceder aos servizos aparelados aos dereitos sociais dependentes da Xunta de Galicia, a situación administrativa do ou da beneficiaria non pode ser un impedimento.

Por iso, eliminaremos o requisito de posuír unha residencia administrativa regular para poder solicitalos e optar a eles. A xustiza social, igual que a sanidade e a educación, debe rexerse polos principios de universalidade e accesibilidade.

Con este fin elaboraremos unha nova Lei de Políticas Sociais transformadora, co recoñecemento do dereito subxectivo e universal das prestacións, de xestión pública directa prioritaria, cos servizos e prestacións axeitados e suficientes e con programas preventivos.

44. Mellorar a RISGA para transformala nunha Renda Garantida da Cidadanía Galega.

Galicia merece un novo modelo de políticas sociais que coide e atenda as necesidades reais da súa xente.

Propoñemos modificar a lei transformando a RISGA nunha Renda Garantida da Cidadanía Galega, facilitando o acceso de persoas en situación de vulnerabilidade pero agora excluídas; incrementando o seu orzamento e a contía das axudas, e reforzando o persoal administrativo para evitar atrasos na tramitación de expedientes. Do mesmo xeito, incrementaremos os fondos do Plan Social contra a Desigualdade, así como a súa programación, obxectivos e contidos.

A nova RGCG deberá complementarse e compatibilizarse co novo Ingreso Mínimo Vital (IMV) de carácter estatal. É responsabilidade dos poderes públicos actualizar e adecuar a contía das prestacións mínimas á situación socioeconómica da contorna e garantir ingresos mínimos suficientes para a cobertura das necesidades básicas e o exercicio dos dereitos fundamentais e nese sentido, a contía das prestacións deberá ser acorde co Salario Mínimo Interprofesional e ser este o criterio para a determinación das contías das prestacións sociais que se prevén na lei 10/2013, seguindo as indicacións do Comité Europeo de Dereitos Sociais en relación ás remuneracións suficientes para garantir un nivel de vida digno, a RGCG situaríase no 80% do salario medio.

45. Propoñemos modificar estruturalmente a Renda de Integración Social de Galicia no camiño de paliar os problemas que actualmente amosa facendo as seguintes melloras:

- Incrementar a contía e facela compatible con outras outras fontes de renda, sexan empregos ou outras prestacións ou PNC. Esta compatibilidade garantirá que, ao percibir outras prestacións como o Ingreso Mínimo Vital ou Rendas Sociais municipais, as persoas cheguen percibir cantidades mínimas marcadas por indicadores como o Salario Mínimo Interprofesional, que se atopa en cifras como as recomendadas a nivel europeo.
- Valorar os requisitos individuais e non de convivencia, podéndose percibir mais dunha RISGA no domicilio. Garantindo o

principio de individualidade e dignidade eliminando como obxecto de valoración social outros familiares que non fagan parte da unidade familiar.

Garantirá o acceso a partir dos dezoito anos como calquera outro recurso público.

- Garantirá o acceso a todas as persoas empadroadas no territorio galego nos últimos 4 meses independentemente da súa situación administrativa.
- Axilizar os tempos de tramitación e reducir os requisitos de acceso. Simplificarase o procedemento para garantir o cobro de forma inmediata e cumpriranse os tempos de tramitación garantindo a resolución nun tempo máximo dun mes dende a entrada da solicitude no concello.
- Implementar a Renda Garantida da Cidadanía Galega que substitúa ou cando menos complementa á RISGA durante a lexislatura.
- Con todas as melloras xa incorporadas implementaremos un modelo con criterios de xustiza social acordados cos axentes sociais desde organizacións sindicais, colectivos e plataformas do sector social e de loita contra a pobreza, universidades públicas etc.

46. Converter Galicia nun referente dentro do estado español no debate, análise e estudo experimental de novos modelos de política social como, entre outros, a Renda Básica. Para isto levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Creación dun plan experimental de Renda Básica, seguindo o exemplo de Finlandia, Canadá, Barcelona, diversos concellos holandeses e estadounidenses, India, Quenia e Namibia, poñer en marcha un experimento de Renda Básica en Galicia que permita avaliar os efectos desta na poboación galega.
- Iniciar un debate parlamentario respecto á Renda Básica.

- Abrir o debate público entre a cidadanía galega respecto á Renda Básica, en colaboración con entidades que investiguen sobre ella.

Medidas urxentes contra a pobreza.

47. PODEMOS Galicia -Alianza Verde comprométese a cumprir e facer respectar o Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola Coordinadora Galega de ONGDs que recolle o compromiso político en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, á loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social; tamén no eido do comercio xusto, loita contra o cambio climático e defensa da igualdade de xénero. Así, ao longo da lexislatura, aprobaremos:

48. Unha Lei de Garantía de Ingresos concibida como dereito subxectivo con xestión de pagos inmediata ligada á situación de pobreza separada de procesos de inclusión social e empregabilidade e asegurando coordinación e subsidiariedade tanto co Ingreso Mínimo Vital estatal como con rendas municipais.

A curto prazo, debido á situación de emerxencia destas persoas, haberá que tomar medidas para dar máxima prioridade en importes e prazos a familias con menores ou persoas en situación de dependencia ao cargo (incluíndo un complemento vivenda).

49. Definiremos unha liña de cooperación entre o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e as entidades de acción social con servizo de orientación laboral acreditado polo mesmo para que poidan ser atendidas desde as mesmas as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) que se atopan no tramo de transición ao emprego.

50. Fomentaremos o emprego de calidade potenciando a creación de empresas ou iniciativas de economía social e solidaria para a súa participación nos procesos de contratación pública.

51. Simplificaremos a tramitación administrativa Historia Social Única e Informe Social de Inclusión como ferramenta exclusiva para calquera departamento da Xunta de Galicia, co fin de evitar o elevado número de solicitudes denegadas ou arquivadas.

52. Plan Integral de atención ás persoas sen teito.

Unha sociedade que procure un mínimo de xustiza e benestar social non pode permitir que existan persoas que non teñan garantidos uns mínimos de dignidade para o seu día a día. Deseñaremos unha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, que garanta a coordinación e corresponsabilidade entre a administración autonómica e as administración locais pero tamén, coas entidades sociais que traballan neste ámbito.

53. Habilitaremos un parque de vivendas de titularidade autonómica destinado a garantir dereito á vivenda digna ás persoas sen teito, seguindo o modelo *Housing First* (A vivenda primeiro).

54. Dotaremos de albergues públicos ás sete grandes cidades galegas. Na liña de garantir a dignidade de tódalas persoas, previa consulta cos órganos colexiados correspondentes, cortaremos toda colaboración con aquelas entidades privadas que mostren unha actuación pouco ética e irresponsable diante desta problemática.

55. Plan contra a feminización da pobreza.

Levaremos a cabo políticas activas de emprego feminino, con especial atención ás familias monomarentais. Con esta medida pretendemos desenvolver un plan de acción para minorar a incidencia da pobreza sobre as mulleres —e como dixemos, principalmente ás que teñan fillo/as ao cargo— que contemple a coordinación de políticas de emprego coas políticas sociais, de educación, de saúde e de igualdade. Para levalo adiante daremos prioridade ás liñas de co-xestión cos concellos na procura de respostas institucionais de maior proximidade.

56. Loita efectiva e urxente contra a pobreza infantil e xuvenil.

Apoiaremos especialmente ás familias con persoas a cargo (infancia, mocidade e persoas en situación de dependencia). Ampliación do número de prazas das escolas infantís de 0 a 3 anos, duplicando ata 1.000 o número de prazas de emerxencia social e adaptándoas ás circunstancias derivadas desta problemática.

57. Xeneralización da Rede Galega de Atención Temperá ao 100% da poboación galega con acceso a recursos dotados dun mínimo de tres profesionais que dea resposta inmediata ás necesidades transitorias ou permanentes da infancia.**58. Pacto Galego de Educación Inclusiva, que asegure a coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados que traballan con infancia e mocidade e que fomente o reforzo ao alumnado en situación ou risco de vulnerabilidade.****59. Substitución progresiva do financiamento a medidas asistencialistas aporofóbicas por tarxeta moedeiro social, Renda Básica da Cidadanía e accións de inclusión activa individualizada.**

60. Crearemos centros ou vivendas específicas por provincia para atención específica á infancia e mocidade con enfermidades mentais ou a persoas na mesma situación e en exclusión residencial con fillas, fillos ou persoas dependentes a cargo.

61. Ampliaremos as axudas por nacemento ata os nove anos para as familias con renda igual ou inferior a 28.000 euros e teremos en consideración o carácter especial das familias monoparentais e numerosas.

62. Melloraremos as condicións e ampliaremos ata os 18 anos a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos en unidades familiares en situación de pobreza.

63. Medidas contra a pobreza das persoas con diversidade funcional.

Elaboraremos un plan integral de atención á saúde física e psicosocial das persoas sen fogar e transeúntes. Implantaremos medidas específicas para identificar e paliar no posible a pobreza das persoas discapacitadas ou dependentes mediante a aplicación da Renda Básica da Cidadanía.

64. Garantir as subministracións básicas.

Impediremos os cortes de auga, luz e gas nas primeiras residencias cando a falta de pagamento se deba a motivos alleos á vontade das persoas, como a pobreza sobrevida. Estas proteccións, que se activarán de maneira automática cando exista a situación de vulnerabilidade, durarán un ano e estenderanse mentres persista a situación de vulnerabilidade. Ademais, as compañías cuxos contratos conteñan cláusulas abusivas ou sexan opacas na súa xestión dos servizos esenciais serán sancionadas.

65. Centros de Atención Integral 24 horas.

Dotaremos de Centros de Atención Integral 24 h. a persoas sen fogar e transeúntes nas sete cidades galegas de xeito corresponsable coa administración local e procurando a colaboración con entidades sociais que traballan neste ámbito.

66. Loita contra o discurso do odio, aporofobia e a desinformación.

Impulsaremos ás Oficinas de Atención as Vítimas como mínimo nos sete principais xulgados galegos se se demostra a súa efectiva coordinación con concellos, xulgados, forzas de seguridade e organizacións de acción social especializadas. Fomentaremos a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión, e difundiremos un discurso alternativo de logros, situacións de autonomía e empoderamento das persoas e as súas problemáticas sociais, non illadas. Realizaremos actuacións de formación e implicación da cidadanía na loita contra calquera tipo de prexuízo ou discurso do odio, en especial alumnado e profesorado, persoal das administracións públicas, organizacións de acción social e medios de comunicación.

67. Aumento dos fondos para a Lei de Dependencia.

No que a diversidade funcional e dependencia se refire, cremos necesario potenciar as Leis existentes dotándoas de fondos que permitan o seu desenvolvemento real, especialmente no caso da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que nestes últimos anos foron obxecto dun maltrato sistemático por parte da Xunta. Paralelamente, estableceremos un sistema de financiamento estable que non dependa das circunstancias da situación económica, garantindo así a sostibilidade dos servizos e programas vinculados á dependencia e a diversidade funcional.

68. Tamén é necesario acabar coas listas de espera, axilizar os trámites e garantir un acceso rápido ás prestacións e servizos do/as demandantes.

Para iso, reduciremos os prazos desde a solicitude de valoración de dependencia ata a prestación da axuda, empregando os PEC (Procedementos de Emerxencia Cidadá), que serán considerados prioritarios tanto a nivel orzamentario como na súa planificación, urxencia nos tempos e incremento da dotación de recursos humanos e materiais. Ademais, comprometémonos a elaborar os Programas Individuais de Atención (PIA) dos solicitantes que teñan recoñecido o grado de dependencia e que están á espera de percibir a prestación, posibilitando, de igual modo, o acceso ás axudas pendentes.

69. Fondo galego para a accesibilidade universal.

Crearemos un fondo co 3% do que os Orzamentos Xerais do Estado destinen anualmente aos investimentos de obras públicas, infraestruturas, novas tecnoloxías e sociedade da información mediante o que financiaremos os programas e actuacións de accesibilidade universal para conseguir que tódalas persoas en situación de dependencia ou con diversidade cognitiva/funcional poidan ser independentes e participar plenamente en tódolos aspectos da vida.

70. Desenvolvemento do sector dos coidados con traballo digno.

Poremos en funcionamento, de forma progresiva ao longo de toda a lexislatura, un sistema público de coidados e atención á dependencia integrada nos Servizos Sociais, complementaria e equiparable ao Sistema Público de Saúde, baseado na asistencia persoal e en todos aqueles medios e recursos orientados á consecución dunha vida independente. Un sistema apoiado nun investimento público estratéxico no que se coordinen os servizos sociais cos servizos de saúde e que contrate persoal de coidados vinculado aos servizos territoriais de saúde.

Este sistema permitirá aumentar o número de persoas dependentes atendidas e crear novos empregos. Daremos cumprimento e melloraremos o V convenio do persoal laboral da Xunta de Galicia coa reposición inmediata do artigo 19 para a adecuación dos cadros do persoal -que levan sufrindo múltiples minguas nos últimos anos- e planificaremos as necesidades de recursos humanos suficientes nos centros públicos, creando as prazas necesarias que serán ofertadas en Oferta Pública de Emprego, de xeito progresivo. No mesmo senso, cubriranse todas as baixas e permisos necesarios para dar cumprimento ás ratios de persoal e ás quendas estipuladas. Así mesmo, garantirase ao persoal dos centros dependentes da Consellería unhas carteiras para establecer as súas quendas de traballo de forma clara e transparente, evitando a arbitrariedade á hora de conceder permisos retribuídos.

71. Centros de servizos sociais de proximidade.

Desenvolveremos un plan de dotación e equipamento de centros sociais, priorizando a reutilización e adaptación de espazos e infraestruturas dispoñibles, que garantan que calquera núcleo de poboación conta con estes servizos na súa área de proximidade. Estes centros contarán, polo menos, cun traballador/a social, un educador/a social e un psicólogo/a. Trátase dun aumento que esixirá a ampliación do catálogo de prestacións e a expansión dos equipamentos sociais, enfocados a unha poboación receptora cada vez máis ampla e heteroxénea. Baixo a dirección estratéxica da Xunta, promoveremos tamén a xestión municipal dos equipos de servizos sociais, onde se potencia a intervención comunitaria.

72. Control de calidade dos servizos sociais.

Consideramos imprescindible a creación dun Instituto de Innovación e Investigación en Servizos Sociais que se adique a avaliar as políticas públicas do sector e a elaborar propostas de mellora, contando sempre cos colectivos implicados. Deste xeito deberán participar, ademais da administración, tanto empresas,

fundacións ou asociacións do sector, como movementos sociais ou cidadanía afectada pola problemática.

Desenvolveremos unha metodoloxía anual de avaliación das políticas de coidados, accesibilidade e servizos sociais en xeral co obxectivo de detectar erros e poñer en marcha accións correctoras e melloras.

73. Corresponsabilidade social dos coidados.

Realizaremos un xiro para incluír as actividades do ámbito familiar e comunitario dentro da nova “Estratexia galega de socialización dos coidados” ordenando e dignificando as condicións deste novo sector de emprego, con criterios de calidade e condicións de traballo dignas nos servizos de coidados. Crearemos unha “Rede de servizos públicos de coidados” que atenderá ás necesidades dos coidados das persoas nas diferentes etapas e situacións do seu ciclo vital e esixirá a dotación suficiente e axeitada de centros de día para persoas maiores e dependentes, con recursos humanos, técnicos e materiais suficientes para proporcionarlle axeitadamente ás persoas usuarias a atención social que precisen.

74. Do mesmo xeito, cremos que debe ser recoñecido formalmente o traballo das persoas inmersas nesta actividade cunhas condición laborais dignas.

Neste senso, dotaremos con carácter prioritario aos centros públicos da Consellería de Política Social das axudas materiais pendentes (guindastres, bañeiras e camas adaptadas..etc). Ao mesmo tempo levaremos a cabo unha análise das condicións nas que as e os profesionais desenvolven o seu traballo para reducir o elevado índice de accidentes laborais.

75. Incentivaremos a creación e funcionamento de empresas, de economía social ou cooperativas, adicadas aos coidados ao longo do ciclo de vida.

76. Aumento exponencial das prazas públicas en residencias de maiores e obxectivo de xestión pública.

Durante esta lexislatura comezaremos a desenvolver actuacións encamiñadas a aumentar o número de prazas nas residencias públicas para maiores. Un obxectivo encamiñado a garantir unha oferta 100% pública a medio prazo. Ademais:

- Faremos un seguimento dos servizos ofrecidos nas residencias de maiores para garantir condicións dignas de atención.
- Melloraremos e implementaremos programas de envellecemento activo e de apoio psicolóxico.
- Habilitaremos espazos nas residencias onde as persoas poidan manter o contacto coas súas mascotas.

77. Atención domiciliaria para quen desexe permanecer na súa casa.

Desenvolveremos un plan de atención domiciliaria que facilite ás persoas maiores que o desexen a permanencia no seu contorno cotián fomentando a xestión 100% pública. Deste xeito, favoreceremos tanto unha mellor asistencia ás/aos beneficiaria/os como unhas mellores condicións laborais dos profesionais dos coidados.

Permanecer na contorna cotiá ten que ser un dereito, igual que debería selo contar coas suficientes prazas para acudir a centros residenciais e de día. Abordaremos con novas políticas e actuacións estes tres modelos, baseados na libre elección das persoas usuarias.

78. Estratexia contra a soidade non desexada.

Aplicaremos unha estratexia que vaia desde a coordinación dos diferentes servizos útiles para a detección ata o acompañamento na medida que a persoa desexe, facilitando recursos na medida que se precisen, sexan estes asistenciais ou socioeducativos.

Promocionaremos e dotaremos os servizos sociais de proximidade para atender a situación de soidade de moitas persoas, prevela ou mitigar as súas consecuencias.

Favoreceremos programas nos cales se facilite a entrada da mocidade en tarefas de acompañamento ás persoas maiores soas, así como aqueles nos que se promova a interrelación entre as persoas maiores en actividades relacionadas coa atención a nenos e nenas, a transmisión de coñecemento e experiencias a moza/os en idade de escolarización obrigatoria, ou a colaboración en proxectos sociais e de emprendemento.

79. Actualización da normativa no ámbito da diversidade funcional.

- Promoveremos a adecuación da normativa aplicable á Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade (Convención ONU) como elemento indispensable para avanzar na consecución de melloras dentro da diversidade e a dependencia.
- Plan de choque para atender as necesidades da diversidade funcional.
- Elaboraremos un estudo rigoroso tanto de incidencia, impacto, necesidades e medidas a implementar por cada un dos colectivos con segmentación segundo o tipo de diversidade funcional
- Independencia e dereitos para as diversidades funcionais.
- Estableceremos programas de tránsito da institucionalización de persoas con diversidade funcional cara a modelos baseados no mandato da ONU, conforme ao artigo 19 da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (ratificada por España en 2008 e vinculante para todo o seu ordenamento xurídico) e en concreto, á Observación xeral núm. 5 (2017) sobre o dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade deste tratado internacional.

- Sensibilización social para a integración das diversidades.
- Realizaremos campañas de visibilización periodicamente que axuden a situar a imaxe das persoas con diferentes funcionalidades, con discapacidade ou dependencia nun marco de normalidade e solidariedade que axude á entender a diversidade como unha característica máis dentro da sociedade, relativizando o seu impacto.
- Ademais da utilización da linguaxe de signos, potenciaremos a inclusión dos sistemas aumentativos e alternativos de comunicación que faciliten e permitan o acceso e comprensión da información para toda a cidadanía. Tamén instaremos á CRTVG a que cumpra coa Lei Xeral da Comunicación Audiovisual: linguaxe de signos, subtítulos e audiodescripción.
- Aumentar e axilizar as prestacións por material ortoprotésico.
- Pensamos que é urxente unha reforma do sistema de subvencións destes materiais porque os máis necesitados economicamente deben optar sempre polos modelos máis baratos, de baixa calidade ou con moi poucas prestacións o que lles resta funcionalidade. Desde esta perspectiva, aprobaremos e incrementaremos as dotacións orzamentarias destinadas a axudas que se distribuirán en función da renda para corrixir estas desigualdades. Estas axudas deberán ser suficientes para cubrir a totalidade ou boa parte do custo deste material e estudaremos a posibilidade de axilizar e adiantar estas prestacións para que as persoas beneficiarias non se vexan obrigadas a facelo pola súa conta.
- Rehabilitación e fisioterapia na carteira de servizos básicos.
- Moitas persoas con discapacidade precisan de longas sesións de rehabilitación e fisioterapia, pero o SERGAS límitalles o acceso a estas prestacións. Propoñemos que, tras prescripción facultativa, estean incluídas na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde, garantindo así a súa universalidade e que os usuarios teñan asegurado poder completar os seus tratamentos.
- Dignificación das condicións de traballo das e dos profesionais do sector.

- Poremos freo á externalización e subcontratación dos servizos, fomentando a creación de centros e entidades de xestión pública. Mentres non existan os recursos públicos necesarios, e teñamos que asinar convenios para a prestación externa dos servizos, terán prioridade as empresas ou cooperativas de iniciativa social que defendan os principios do ben común e do estado de benestar, establecendo un máximo de un nivel de subcontratación posible. Ademais, fomentaremos a formación e a reciclaxe do conxunto dos profesionais como elemento imprescindible para acadar uns servizos de calidade.
- Financiamento ao Terceiro Sector adicado á diversidade funcional e dependencia.
- Realizaremos un contrato social co Terceiro Sector para asegurar o pleno exercicio dos dereitos das persoas con diversidade funcional ou en situación de dependencia. A través del, desde o Goberno galego -ademais de recoñecer o seu labor- facilitaremoslles os recursos necesarios para o funcionamento destas entidades sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da diversidade funcional e a dependencia. Pola súa banda, estas se comprometerán a asumir un compromiso ético coa mellora continua, cos criterios de transparencia e calidade na xestión dos programas e servizos, así como cos mecanismos de participación democrática e gobernanza que permitan que as persoas con diversidade funcional ou dependentes sexan atendidas como cidadáns e cidadás de pleno dereito e con plena participación en tódolos aspectos que lles afecten nas distintas etapas da súa vida.
- Garantir a viabilidade dos movementos asociativos do sector.
- Estableceremos un sistema de financiamento estable, cunha dotación económica fixa que non dependa da conxuntura económica grazas ao cal poderemos garantir a prestación dos servizos por parte do movemento asociativo no sector.

A vivenda: un dereito.

80. A vivenda como dereito e non como negocio.

Redactaremos unha nova Lei de Vivenda de Galicia negociada con tódolos sectores implicados e que teña en consideración na súa elaboración as propostas da PAH e de Stop Desafiuzamentos (entre outros interlocutores sociais), que garanta a consideración da vivenda como un dereito subxectivo en sede autonómica con tutela xudicial efectiva materializable no acceso a unha vivenda pública en aluguer así como a inclusión de medidas relativas á mobilización do mercado de vivendas baleiras, anti-especulación e de apoio á rehabilitación e reforma que serán tamén de obrigada inclusión nos planeamentos municipais.

81. Traballaremos a prol do aumento do investimento en vivenda ata chegar a medio prazo a un porcentaxe do PIB semellante á media dos principais países europeos e utilizaremos os mecanismos fiscais a disposición da Xunta de Galicia para favorecer a rehabilitación ou adquisición, a construción de vivenda pública e o aluguer.

82. Fixaremos un mínimo do 40% de reserva de solo para vivenda nova con algún tipo de protección nos PXOMs, elevando esa porcentaxe ate o 60% nas cidades e vilas con zonas urbanas máis tensionadas onde máis da metade de esa nova vivenda deberá destinarse a aluguer.

A través desta Lei garantiremos o dereito á vivenda cunha regulación ampla, transparente e rigorosa das preferencias e condicións de acceso. Crearemos un banco de vivendas públicas que realice un inventario de vivendas e un seguimento da oferta e demanda, elaborando instrumentos de mobilización que faciliten e incorporación de vivendas deshabitadas ao banco e dotación de recursos para apoiar a súa rehabilitación ou acondicionamento.

- 83. Usaremos a definición de vivenda baleira recollida na Ley 12/2023, de 24 de maio, dirixida a grandes posuidores que xestionen a vivenda de tal xeito que non cumpra a súa función social, para posibilitar que aqueles concellos onde sexa necesario poidan aplicar recargos no IBI, co obxectivo de facilitar a mobilización de vivenda desocupada.**

Estableceremos un imposto sobre as vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos, sempre que sexan propiedade de entidades financeiras, doutras persoas xurídicas ou de «grandes tenedores».

- 84. Ante o fracaso na súa aplicación modificaremos o Programa de Vivenda Baleira de Galicia co obxectivo de facelo atractivo para que os propietarios poñan vivendas a disposición para o alugueiro social.**

Estenderémolo a tódolos concellos e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) actuará como axente dinamizador do programa.

Polo menos un 80% da nova vivenda pública (procedente preferentemente da mobilización das vivendas baleiras) será en réxime de aluguer co obxectivo de acadar gradualmente un parque público de vivendas en aluguer económico da orde do 10% do parque total de vivendas, para o 20% restante utilizarase o réxime de cesión de dereito de superficie, coa finalidade de preservar a titularidade pública do solo.

- 85. Para evitar que a vivenda protexida poda ser obxecto de especulación, calificarémola de maneira permanente para que non perda a súa condición independentemente do tempo que pase dende a súa construción.**

- 86. Transformaremos o Observatorio Galego da Vivenda no Observatorio Galego polo Dereito á Vivenda (ODV), que se adicará á análise, deseño e implementación**

de políticas destinadas a garantir o acceso da cidadanía a unha vivenda digna.

87. Plan Integral contra os desafuzamentos.

Os desafuzamentos téñense constituído como unha vulneración constante dun dereito tan fundamental e elemental como o do dereito á vivenda. Para combater esta lacra colaboraremos con outras institucións e conxuntamente elaboraremos un Plan Integral contra os desafuzamentos.

Crearemos un mecanismo de coordinación entre Xunta de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPXG), entidades bancarias, Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e cos colectivos sociais que nos permita unha actuación rápida e preventiva.

88. Solución aos asentamentos precarios de Galicia.

Existen máis de 30 asentamentos precarios (popularmente mal chamados barrios chabolistas) en Galicia e importantes concentracións de infravivenda. Esta problemática debe abordarse con medidas específicas enmarcadas na modificación da Lei Galega de Vivenda, a través dun Plan de Acceso ao Hábitat Digno, que apostarán por incorporar de maneira explícita os diferentes modelos de tenza e de produción de hábitats (cesión de uso, autoconstrución...) atendendo á valorización de modelos diversos de convivencia, familia e vida. Unha das premisas desta proposta será o recoñecemento da diversidade tanto a nivel morfolóxico e urbanístico entre os diferentes asentamentos como a nivel social, de xeito que se contemplen propostas plurais que atendan ás diferentes circunstancias de cada persoa ou grupo de convivencia.

A solución a esta situación de precariedade pasa tamén por aplicar políticas públicas transversais de diversas áreas de goberno: Educación, Sanidade, Traballo e Emprego, etc. que deben contar necesariamente coa participación da poboación residente afectada na transformación do seu hábitat.

Serán necesarias tamén campañas de sensibilización que axuden a erradicar prexuízos e favorezan a relación entre os veciños e a eliminación de guetos.

89. Ampliación do parque de vivenda pública destinada ao aluguer.

Para garantir o dereito á vivenda é necesario ampliar o parque de vivenda pública autonómica en réxime de alugueiro.

- Elaboraremos medidas para unha intervención coordinada entre as diferentes administracións, comprometendo a maior parte das reservas de solo público para a construción de vivendas neste réxime onde exista verdadeira demanda (incrementando os orzamentos adicados a vivenda pública e buscando financiamento do Instituto de crédito Oficial e do Banco Europeo de Inversións)
- Recuperaremos tamén vivenda xa existente. Paralelamente exerceremos o dereito de tanteo e retracto das vivendas da SAREB (dos bancos) así como daquelas sobre as que as entidades financeiras inicien procesos de lanzamento para facilitar a continuidade das persoas e familias desafiuzadas ben en réxime de aluguer social, ben ofrecéndolles refinanciar a débeda.
- Incluiremos, tamén, a creación dun banco de vivendas rurais en réxime de aluguer que contribúa a atraer e fixar poboación nestas zonas.

90. Cesión de solo en dereito de superficie.

Utilizaremos o mecanismo de cesión de solo en dereito de superficie do patrimonio autonómico de solo (mecanismo que permite o concesión do solo durante unha serie de anos, sen que este deixe de ser público) para permitir que cooperativas, entidades sen ánimo de lucro e entidades privadas podan construír vivenda destinadas ao aluguer con prezos controlados pola administración a cambio do pago dun canon anual.

91. Adaptación do bono de alugueiro social á realidade.

As actuais axudas para o acceso a un aluguer, ademais de escasas, deixan fóra a moitas persoas que realmente os precisan porque esixen moitos e complicados requisitos para acceder a ser persoa beneficiaria. Deixan tamén pouca marxe de flexibilidade e están excesivamente burocratizados. Desde PODEMOS Galicia – Alianza Verde propoñémonos modificar a Orde do 11 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aumentar as prestacións e adaptar os requisitos á realidade do mercado de alugueiro no noso país, incorporando medidas que ofrezan garantías ás arrendadoras como seguros ou avais. Facilitando así que accedan a alugar vivendas ás persoas que accedan ao bono social.

92. Control de alugueiro.

Colaboraremos co Goberno central para a regulación dos prezos do aluguer libre en tanto a existencia dunha masa crítica de vivenda de aluguer público non facilite a autorregulación do mercado. Participaremos coa administración do Estado na modificación ou elaboración dunha nova Lei de Arrendamentos Urbanos (LAU) na liña de favorecer un equilibrio entre os dereitos dos propietarios e dos inquilinos, e propiciar uns prezos de aluguer máis alcanzables.

93. Apoio aos Concellos na creación de bolsas de aluguer.

Proporcionaremos soporte xurídico e técnico aos concellos para a creación de Bolsas de vivendas de alugueiro. O obxectivo é mobilizar con urxencia vivenda baleira como mecanismo áxil para dotar de recursos habitacionais ás persoas e familias vulnerables ante a falta de vivenda pública.

94. Regulamento dos pisos turísticos.

Revisaremos a regulación vixente (Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro) dos chamados pisos turísticos, limitando a súa oferta e creando zonas de saturación, impedindo a súa ubicación en ámbitos sensibles dos centros urbanos consolidados e, particularmente, nas cidades históricas e na súa contorna.

95. Reorientación do sector da construción.

Reorientaremos o sector da construción cara a actividades de rehabilitación, mellora da eficiencia enerxética en edificios e construcións, domótica e adaptación ás novas necesidades sociais, aumentando a porcentaxe de inversión pública para favorecer a rexeneración urbana. A rehabilitación ofrece un 70% de man de obra fronte ao 30% de materiais, ao contrario que a edificación de nova planta, que inverte esas porcentaxes, polo que esta proposta favorece a creación de postos de traballo e consolida o tecido local de pequenas e medianas empresas.

Educación pública, gratuíta e inclusiva.

Apostar polo ensino público é apostar polo futuro. Consideramos que é un dos piares básicos de calquera sociedade democrática porque sen educación non hai pensamento crítico e, tal como estamos a sufrir, corremos o risco de que outros -con intereses partidistas ou persoais- con mensaxes falsas e populistas acaben manipulando a realidade para acabar recortando as liberdades e os dereitos civís da cidadanía. Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde defendemos unha educación pública verdadeiramente gratuíta e inclusiva para tódalas persoas, que non deixe a ninguén atrás. Comprometémonos co dereito ao ensino e a igualdade de oportunidades para tódalas nenas e nenos de Galicia, independentemente do lugar no que vivan. Neste senso, o principal obxectivo é reverter máis dunha década de recortes que ten minguido os cadros de persoal, os dereitos laborais e que, desafortunadamente, tivo unha importante repercusión na perda de calidade no ensino.

96. Aumentar a contratación de mestres e profesorado e rebaixar a ratio de alumnado por aula:

- Planificaremos a oferta de emprego público ao longo da lexislatura en diálogo permanente cos sindicatos partindo dunha diagnose que considere as previsións de matrícula, así como as xubilacións, e que responda ás necesidades dos centros educativos públicos.
- Reduciremos as ratios de alumnado por aula para asegurar unha atención educativa máis próxima e de calidade: 15 alumnos/as en infantil (0-6 anos) 19 alumnos en Primaria e Secundaria,
- Apostaremos pola escola pública a través dun plan de redución dos concertos educativos e habilitaremos vías para a incorporación dos centros educativos concertados á rede pública.
- Parella educativa e coeducación. A parella educativa consiste en ter dous profesionais da ensinanza traballando en igualdade de condicións e responsabilidades en relación a un mesmo grupo de alumnos e as súas familias; realizando un traballo colaborativo, compartido, cooperativo, conxunto e ben organizado. O traballo conxunto dos docentes pode mostrar valores aos alumnos que non se manifestarían co traballo dun solo profesor na aula.
- Redución da burocracia actual. Promoveremos un acordo con tódolos sindicatos educativos (ANPE, CCOO, CIG, CSIF,...) para diminuír a burocracia á que ten que facer fronte o profesorado.

97. Elaboraremos unha lei educativa propia que sirva de marco normativo para atender as necesidades da escola galega do século XXI e blinde orzamentariamente este dereito fundamental fixando un plan de incremento anual que nos permita acadar unha porcentaxe do PIB asimilable á media dos principais países europeos.

Reverteremos os recortes, recuperando os cadros docentes, os dereitos laborais, tanto no que ten a ver cos dereitos salariais como coa recuperación do horario do profesorado para volver ás 21 e 18 horas lectivas en primaria e secundaria, respectivamente.

Ademáis promoveremos a colaboración entre o universo escolar e as asociacións presentes nos concellos, promovendo espazos de encontro e intercambio, incluído o uso dos espazos de recreo en horas non lectivas.

98. Gratuidade do ensino: garantía da igualdade de oportunidades.

PODEMOS Galicia - Alianza Verde comprométese a avanzar nun ensino verdadeiramente gratuíto como garante real da igualdade de oportunidades.

- Recuperaremos a gratuidade dos libros de texto e outro material escolar.
- Promoveremos unha maior e mellor organización do proxecto "EDIXGAL" facendo que o sistema se implante en tódolos cursos da etapa pero permitindo que sexa un sistema mixto, é dicir, determinadas materias poden ser impartidas con recursos dixitais e outras materias mediante libro de papel. Todo este material sería gratuito para as familias.
- Apostaremos polos comedores gratuítos de provisión directa, garantindo o uso de produtos frescos, de proximidade e de tempada para favorecer a produción local e apoiar ás pequenas e medianas empresas locais.
- Garantiremos o dereito á educación ao longo de toda a vida cun sistema de bolsas e axudas que estea adaptado á realidade do noso país e que opere como verdadeiro mecanismo de compensación social.

99. Protección da escola rural.

Defenderemos a especificidade da escola rural e protexeremos lexislativamente este modelo educativo, reducindo os requisitos mínimos para asegurar a súa pervivencia. Tomaremos medidas inmediatas que poñan en valor o modelo de escola rural e que revertan o desmantelamento que vén padecendo nas dúas últimas lexislaturas.

100. Estratexia por unha escola inclusiva.

- Adaptaremos a lexislación para favorecer a inclusión total do alumnado facendo fincapé na modificación da orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Actualizaremos tamén o decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011, conforme á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- Crearase un Observatorio Galego de Inclusión Educativa. Para mellorar a inclusión incrementaremos o número de profesionais que atenden as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- Aseguraremos a escolarización inclusiva do alumnado con xordeira en tódolos niveis educativos creando proxectos de agrupación e dotándoos dos recursos humanos e materiais suficientes.

101. Compromiso cunha escola feminista.

A escola ten que ser o primeiro campo de batalla contra as violencias machistas. Con este obxectivo incorporaremos de maneira transversal a educación feminista en tódalas etapas educativas, tanto nas materias escolares como nas actividades extraescolares e de tempo libre, facendo visibles as achegas das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade e ao

coñecemento acumulado pola humanidade. Ao mesmo tempo:

- Incluiremos a educación afectivo-sexual feminista e diversa de forma regrada en tódalas etapas educativas.
- Aseguraremos a formación para o profesorado en materia de igualdade e prevención contra a violencia de xénero mediante programas específicos.
- Promoveremos a igualdade de xénero na composición de tódolos organismos escolares.
- Desenvolveremos un plan de patios coeducativos que fomente o uso igualitario dos espazos para combater, en tódolos eidos, os estereotipos asociados ao xénero.

102. Pacto pola lingua e a cultura galegas no ámbito educativo.

- Derrogaremos o decreto do plurilingüismo para elaborar de forma consensuada coa comunidade educativa unha nova normativa de promoción do idioma galego no ensino que teña como punto de partida o PXNLG de 2004.
- Reforzaremos a elaboración de materiais e recursos didácticos de calidade en galego, diversificados e actualizados para as distintas etapas educativas, con especial atención á FP e ás accións a desenvolver na etapa infantil. Recuperaremos o investimento en accións normalizadoras, poñendo en valor o traballo dos Equipos de Normalización Lingüística.
- Novo marco de competencia lingüística. Deseñaremos proxectos lingüísticos que garantan a competencia multilingüe, de tal forma que se adapten ás características dos centros escolares e a súa contorna: proxectos integrados de linguas, cambios metodolóxicos na ensinanza, desdobres de grupos, etc. Poremos en práctica programas bilingües e multilingües orientándoos ao alumnado e evitando que sexan usados para o seu empobrecemento científico ou para minimizar a presenza da nosa lingua no currículo académico.

103. Dando cumprimento á Lei de aproveitamento dos vínculos coa Lusofonía, levaremos a cabo un esforzo sostido na promoción do portugués como segunda lingua estranxeira optativa na xeneralidade dos centros de educación secundaria.

104. Aposta por un ensino integral.

Tendo en conta as demandas sociais así como a diversidade cada vez maior que cómpre atender nas aulas favoreceremos a incorporación de novos perfís profesionais nos centros de ensino. Nomeadamente crearemos prazas de educadores e educadoras sociais nos centros educativos que terán a consideración de axentes educativos e introduciremos a psicoloxía educativa nos centros de ensino.

105. Inclusión da Educación Ambiental no sistema educativo galego, creación de “bosque-escola” e hortas nos colexios.

- Introduciremos a educación medioambiental en tódolos niveis educativos para favorecer os valores e comportamentos compatibles coa protección e conservación do medio ambiente e a concienciación sobre a necesidade de actuar para reverter a emerxencia climática, así como co desenvolvemento sostible e a protección dos animais.
- A creación do bosque-escola aumenta a capacidade de concentración dos nenos e nenas e provoca unha mellora de forma significativa cando están en contacto coa natureza.
- Creación de hortas nos colexios.

106. Erradicar o acoso escolar e a violencia das aulas.

Deseñaremos programas específicos de atención ao acoso escolar ou bullying: materiais pedagóxicos, departamentos de orientación, titorías de atención á diversidade, coordinación con servizos sociais, seguridade, etc.

Elaboraremos un protocolo específico para a detección e corrección do acoso no que deben participar tamén os equipos directivos, docentes e AMPAS.

107. Favorecer a participación do alumnado.

Modificaremos a normativa que regula o consello escolar co obxecto de fomentar a participación do alumnado nestes espazos de decisión e que a súa voz sexa escoitada e tida en conta.

108. Reformulación da FP.

Realizaremos unha planificación integral da Formación Profesional que garanta unha oferta pública, de calidade, plural, e vinculada coa realidade socioeconómica do territorio.

109. Pulo á igualdade de oportunidades na formación postobrigatoria.

Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde queremos garantir a igualdade de escolla formativa postobrigatoria para todo o alumnado. Con este obxectivo, ampliaremos de forma progresiva a oferta educativa e desenvolveremos unha oferta de bolsas que garantan ao alumnado non urbano as mesmas oportunidades para acceder ás diversas modalidades de Bacharelato (BAC) ou ciclos formativos de FP.

110. Formación e desenvolvemento profesional do profesorado.

A formación e o acceso á función docente son obxecto dun debate social que reclama o seu estudo e revisión consonte os novos retos educativos. Apostamos por establecer medidas a prol da estabilidade laboral que faciliten o compromiso do profesorado con iniciativas asociadas a unha maior calidade educativa. Fixaremos mecanismos de coordinación entre a formación

inicial e a permanente, na procura dun traballo en rede sobre a formación e a investigación educativas entre as institucións formadoras e a administración. Reduciranse progresivamente as circunstancias docentes relacionadas coas 'materias afíns'.

111. Recuperación dos dereitos laborais do persoal de servizos.

Crearemos unha mesa específica de negociación para tódolos traballadores e traballadoras non docentes dos centros de Ensino para negociar: funcións das diferentes categorías, ratios, dotación do persoal necesario e suficiente en tódalas categorías profesionais para a realización do seu traballo en óptimas condicións e recoñecemento do labor educativo dos profesionais da educación. Recuperaremos os dereitos laborais do persoal de servizos coa derogación da Lei de Medidas 1/2012 e activando os artigos suspendidos do V Convenio.

A Universidade galega.

Sempre defenderemos un sistema universitario público e garantiremos o acceso universal aos estudos superiores. Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde pularemos pola derogación dos decretos aprobados polo goberno de Mariano Rajoy [Decreto de medidas urxentes de 2012, Decreto 3 + 2, Decreto de acreditación de centros] que foron a vía da privatización encuberta do ensino universitario que agora cómpre reverter. Avanzaremos nun novo marco normativo que garanta un sistema universitario realmente público, de calidade, comprometido coa investigación e adaptado ás nosas necesidades.

112. Aposta por unha universidade pública e gratuíta.

Avanzaremos nunha universidade pública gratuíta, comezando polo custe cero das matrículas nos estudos de grao e diminuindo as taxas académicas dos mestrados. Faremos tamén gratuíto o acceso aos másteres habilitantes. Modificaremos a actual Lei de Universidades para derogar os artigos da Lei

de Universidades de Galicia que facilitan a creación de universidades privadas e de titulacións a distancia sen garantías da necesaria calidade.

113. Garantía de acceso universal aos estudos superiores.

Comprometerémonos co acceso universal aos estudos universitarios aplicando un programa de bolsas propio en función de criterios socioeconómicos que preste, ademais, atención a outras necesidades complementarias do estudiantado como o transporte e o aloxamento.

114. Máis financiamento para as universidades públicas.

Negociaremos un novo plan de financiamento das Universidades públicas galegas (2025-2028) que as dote dos recursos suficientes e nos aproxime ás cifras dos países que nos rodean. Elaboraremos un regulamento específico que desenvolva o procedemento de determinación dos indicadores e de formulación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG), aumentando a transparencia e obxectividade do financiamento universitario, así como a rendición de contas á sociedade. Estudaremos medidas fiscais que incentiven as achegas e investimentos privados ás Universidades para fins docentes e de investigación.

115. Compromiso coa investigación universitaria.

- Estableceremos prazos fixos para as convocatorias de investigación de xeito que se garanta unha maior estabilidade para a carreira investigadora.
- Teranse tamén en conta criterios de paridade de xeito que os permisos de maternidade non penalicen as avaliacións das investigadoras.
- Elaboraremos un plan de retención e retorno do talento investigador perdido na última década.

- Crearemos unha convocatoria de axudas competitivas que favorezan a transferencia de coñecemento e a colaboración entre o tecido social e asociativo galego e a Universidade, así como a participación de profesorado e alumnado na actividade social e cultural do noso país.

116. Recuperación dos dereitos laborais do persoal docente e investigador.

Apostaremos pola negociación colectiva para a recuperación dos dereitos e das condicións laborais coa creación da Mesa Sectorial de Universidades. Nesta mesa traballarase un plan de estabilización do persoal docente e investigador que remate coa precariedade e aumente os cadros de persoal.

117. Oferta plural e diversificada de titulacións.

O Goberno galego optará por criterios cualitativos, e non exclusivamente cuantitativos, para garantir unha oferta plural e diversificada de titulacións: potenciaremos a especificidade dos programas formativos (con máis posgraduados e másteres que permitan continuar os estudos de cada unha das titulacións de Grao), implantaremos accións de internacionalización, garantiremos oferta suficiente nos distintos ámbitos de coñecemento, etc.

Unificación dos currículos universitarios no territorio galego sempre que exista máis dunha universidade coa mesma oferta de titulación.

Iniciaremos, ao tempo, un proceso de adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores ao Sistema Universitario Galego (SUG), que suporía o desenvolvemento de dereitos e unha maior cobertura de servizos para o alumnado, evitando a crecente privatización das ensinanzas artísticas. Da mesma forma poremos en marcha o proceso para a integración plena no SUG das titulacións sanitarias impartidas nos centros do SERGAS.

118. Estudos de xénero e feminismos.

Recuperaremos a importancia dos estudos de xénero e feminismos así como a súa coordinación interuniversitaria no marco da ampliación da política de ordenación universitaria galega. Crearemos un programa de doutorado feminista interuniversitario e multidisciplinar, coordinado polas tres universidades públicas galegas.

119. Compromiso coa inserción laboral das persoas tituladas nas nosas universidades.

Poremos en marcha programas autonómicos de acceso ao primeiro emprego desde organismos xa existentes ou a través da creación dunha axencia específica para este fin, que contribúan a paliar o exilio económico das mozas e dos mozos cun maior nivel de formación académica.

Investir en innovación e futuro.**120. O novo Goberno galego primará a especialización e o coñecemento.**

Unificaremos as políticas de I+D+i na Axencia Galega de Innovación e remataremos coa actual dispersión entre as diversas áreas do Executivo. Impulsaremos un novo Plan Galego de I+D+i 2024-2028, rematando coa interinidade actual, con maior dotación de recursos e en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente da Comisión Europea, que basea os seus principios na consecución do crecemento económico en base ao coñecemento.

121. Conectividade dixital en todo o territorio galego.

A dispersión demográfica e a orografía de Galicia ocasionan que o acceso a internet e, en xeral, a implantación da banda ancha no rural galego estea moi atrasada. Iso é un obstáculo económico e social, pois desanima a actividade industrial, dificulta o acceso

da cidadanía á Administración e é un motivo engadido para o despoboamento. Debe resolverse de forma urxente e máis cando o escenario da crise sanitaria acelerou a implantación dunha nova realidade laboral como o teletraballo. Unha opción de futuro que será imposible en gran parte do país coa actual rede de acceso a internet.

122. Eliminar a fenda dixital e formar nun uso intelixente das tecnoloxías.

Aplicaremos unha Estratexia de formación e alfabetización dixital, para que toda a cidadanía acceda en igualdade de oportunidades aos beneficios do proceso de dixitalización.

Complementariamente incrementaremos as transferencias ás entidades locais destinadas ás aulas de alfabetización dixital e, de forma específica, o orzamento adicado ás aulas da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT).

123. Aumento do investimento público en I+D+i.

Ao longo da lexislatura achegarémonos á media europea do investimento público en I+D+i, que suporá o 3% do PIB galego.

124. Reforzo da investigación, transferencia e democratización do coñecemento.

A política de transferencia e democratización do coñecemento debe ser unha prioridade da estratexia de I+D+i. Crearemos unha rede de comités estratéxicos sectoriais para que o sector público sexa un actor con capacidade para asumir riscos pero tamén para obter beneficios e orientar a I+D+i cara á creación de emprego de calidade e de valor social.

125. Aposta pola innovación.

Converter a ciencia e a I+D+i nun puntal da nosa economía aumentando o investimento público en sectores estratéxicos e de futuro como a produción de vehículos eléctricos, de enerxías renovables, naval e aeronáutica, intelixencia artificial, fármacos e biotecnoloxías, sector agrogandeiro, pesqueiro e forestal. Neste investimento, as axudas directas superarán amplamente ao orzamento destinado a créditos, que se limitará a aqueles cuxa execución sexa moi probable, e garantirase que as subvencións a empresas se dediquen realmente a I+D+i e non a actividades xa consolidadas.

126. Potenciar e aproveitar o talento galego.

A pesar dos recortes económicos atopamos grupos de investigación en Galicia punteiros que son quen de competir a nivel mundial. A Administración pública debe ser captadora de talento e exercer funcións de transmisión de coñecemento aos axentes privados.

127. Apostaremos polo talento dos galegos e galegas, procurando que o seu coñecemento poida repercutir no noso país e evitando que teñan que marchar fóra.

Cómpre impulsar programas que garantan unha oferta laboral suficiente para os e as investigadoras galegas, de xeito que se poida atraer ás persoas que nos últimos anos tiveron que buscar oportunidades noutros países e, igualmente, asegurar que no futuro os mozos e mozas que inician a súa carreira investigadora poidan atopar en Galicia espazos nos que desenvólvela.

Reforzaremos os programas de contratos predoutorais e post-doutorais, sen esquecer as xeracións de investigadores e investigadoras que nos últimos anos, por mor dos recortes, quedaron sen a oportunidade de optar ás convocatorias que foron suspendidas ou adiadas. E, igualmente, débese regularizar e estabilizar a situación laboral dos investigadores e investigadoras que desde hai anos traballan en Galicia á espera dunha consolidación dos seus postos.

128. Polígonos industriais en rede.

Realizaremos os investimentos necesarios para dotar de banda ancha de alta velocidade aos polígonos industriais e parques empresariais de Galicia, como ferramenta indispensable para potenciar e maximizar o seu crecemento e expansión.

129. Máis medios para a investigación no eido agroalimentario.

Dotaremos de recursos aos Centros de Investigación e Departamentos de I+D+i dos organismos públicos de investigación do eido agroalimentario e forestal, impulsando a súa colaboración cos sectores produtivos e demais axentes do sistema de coñecemento e innovación. Nos últimos anos a Xunta do PP levou a cabo un proceso de desmantelamento dalgúns destes servizos (por exemplo, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM). É necesario revertir esa situación garantindo como mínimo que se cubran as vacantes tanto de persoal investigador como do que realiza funcións de apoio e mantemento das instalacións, que se levan sen cubrir desde 2014.

130. Difusión e incorporación do coñecemento ás unidades produtivas.

Fomentaremos as actividades de extensión e difusión dos centros de investigación en colaboración coas Oficinas Agrarias Comarcais (OACs) dotándoas de persoal dentro do Plan de Emprego Público no Rural, comezando por cubrir as prazas que actualmente se atopan vacantes. As OACs deberán de xogar un papel dinamizador no rural e non de simples xestores de burocracia.

131. Os Distritos Forestais tamén serán reforzados con persoal técnico para conquistar os obxectivos de que todos teñan un Plan de Ordenación de Recursos Forestais aprobados, e que axuden a mellorar a xestión conxunta do monte.

Crearemos unha rede galega de explotacións piloto (explotacións reais colaborando en actividades innovadoras e de difusión con centros de formación e de I+D+i).

Promoveremos escolas de coñecemento labrego baixo a filosofía de compartir saberes («campesiño a campesiño»), iniciativas prácticas nas que produtores novos e maiores poidan intercambiar saberes sobre técnicas, variedades, etc., de modo que o coñecemento tradicional e a perspectiva contemporánea se retroalimenten e complementen.

132. Innovación na xestión do minifundio.

Impulsaremos a innovación na xestión do minifundio, propiciando iniciativas novidosas de xestión territorial (especialmente fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra) e accións de cooperación público-privada. Realizaremos un inventario e daremos difusión ás iniciativas innovadoras existentes a modo de experiencias piloto ou laboratorios viventes.

133. Programa estratéxico de formación agroalimentario e forestal.

A Xunta de Galicia debe reforzar e mellorar a formación agroforestal e alimentaria, mediante a potenciación dos CFEAS (Centro de formación e experimentación agroforestal), mantendo os módulos formativos existentes e recuperando ou creando outros novos orientados a cubrir tódalas alternativas produtivas en Galicia. Esta nova oferta incluírá a formación en agricultura ecolóxica e agricultura sostible.

134. Rede Rural Galega e Rede Galega de Innovación en Agricultura.

Activaremos a Rede Rural Galega e a Rede Galega de Innovación en Agricultura porque son dous instrumentos moi valiosos para a identificación dos problemas de cada comarca e para poder xerar as solucións axeitadas a cada un deles coas achegas de tódalas partes implicadas, tendo como obxectivo principal favorecer o éxito da incorporación de mozos/as ao rural.

135. Divulgación científica.

Impulsaremos programas e espazos de divulgación científica para incrementar o coñecemento e o interese que estes ámbitos espertan na sociedade, sobre todo na mocidade, impulsando as vocacións científicas. Cómpre facer especial fincapé no fomento do estudo de carreiras científico-técnicas por parte das rapazas, co obxectivo de diminuír a actual fenda de xénero. Tamén, débese facer un esforzo por incrementar o uso do galego nestas materias, despois de que nos últimos anos as reformas do PP vetasen o uso da lingua galega para o ensino das matemáticas e outras materias de ciencias.

136. Proxectos piloto para o cultivo de novos produtos nos que Galicia é deficitaria e ten potencial.

A Xunta de Galicia liderará proxectos piloto para a posta en produción de terras infrautilizadas ou ás que se lles pode sacar maior rendemento ubicadas en explotacións agrarias e forestais para o cultivo de pequenos froitos, plantas medicinais e aromáticas, ornamentais de exterior, etc. Actualmente Galicia é deficitaria neste tipo de produtos que cada vez teñen máis demanda nos mercados e para os que ten un gran potencial. Trátase de proxectos innovadores cun alto impacto positivo social, económico e ambiental.

Unha Galicia con futuro.

A difusión e implantación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) é desigual en Galicia. Existe unha diferenciación territorial no acceso (urbano versus rural) e tamén unha diferenciación social entre as capas de maior nivel socioeconómico e as máis desfavorecidas. O chamado «analfabetismo tecnolóxico», é dicir, a falta de coñecementos para o uso das novas tecnoloxías por persoas ou colectivos, é un factor que dificulta significativamente as posibilidades socioeconómicas e a integración e laboral. A «alfabetización tecnolóxica» convértese

nun dereito social de nova xeración e, polo tanto, nun deber dos poderes públicos.

O obxectivo é que na vindeira lexislatura academos, en fogares e escolas, unha porcentaxe de utilización das TIC igual á media dos países con maior rendemento da utilización TIC da UE con atención prioritaria aos concellos, barrios e zonas de menor nivel socioeconómico.

137. Internet universal e de balde.

Apostamos pola implantación dun servizo universal gratuíto en todo o país, que se xestionará priorizando os territorios e capas sociais máis desfavorecidas. Levaremos adiante o Plan de Banda Ancha 2024. Este Plan, que asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de ofrecer unha cobertura de cando menos 30 megabits por segundo para toda a poboación. Garantiremos a gratuidade do servizo até os 10 megabits/segundo.

138. Acceso a internet en tódolos centros públicos.

O noso compromiso é o de levar o acceso a internet a toda a rede educativa pública de nivel primario ou medio, conseguindo unha ratio dun ordenador conectado á rede por cada tres alumnos e alumnas. Garantiremos, cando menos, a conexión na rede de bibliotecas públicas, nos centros sociais (de maiores, cívicos ou asociacións veciñais), así como nos espazos de asistencia a persoas migrantes.

139. Universalización e accesibilidade á cultura e á historia galega.

Dixitalizaremos os fondos culturais e históricos da Administración autonómica e dos seus órganos e poñerémolos a disposición da cidadanía, de maneira libre e gratuíta a través da rede, permitindo ademais a descarga dixital dos fondos das bibliotecas estatais. A publicación destes fondos realizarase mediante licenzas libres

e formatos abertos que aseguren unha difusión dos mesmos sen restricións.

140. Fomento da estratexia TIC.

- Adaptaremos as esixencias legais ao tamaño das empresas.
- Ampliaremos os servizos de tutela e soporte a emprendedores aos primeiros cinco anos de vida da empresa.
- Melloraremos os fondos e instrumentos públicos para financiar o sector a través de captación de fondos públicos europeos. Revisaremos os certificados de profesionalidade para a capacitación de profesionais TIC e facilitaremos a súa incorporación e a satisfacción das necesidades reais do sector.
- Impulso das TIC no rural para o fomento do «*smart farming*».
- Impulsaremos a adopción das tecnoloxías dixitais innovadoras da internet das cousas e a analítica de datos (incluíndo Big Data) no rural e nas explotacións agrogandeiras.
- Favoreceremos a colaboración de tódolos sectores implicados (produtores, transformadores, provedores de maquinaria, enxeñerías, centros de coñecemento e a propia Administración) para aproveitar estas oportunidades e superar as barreiras existentes.

141. Aposta polo software libre na administración.

Impulsaremos o software libre, establecendo un uso preferente de programas de código aberto nas institucións públicas, impulsando a migración progresiva das administracións cara a este modelo e superando dese modo situacións monopolísticas e de dependencia tecnolóxica. Opoñémonos á implantación das patentes de software, que favorecen as grandes corporacións, en detrimento de programadores individuais e das pequenas empresas que producen este tipo de programas.

Cultura e Patrimonio.

A Cultura será un eixo fundamental do novo goberno por ser un ben común e un sector de primeira necesidade. As políticas culturais do Partido Popular na Xunta de Galicia incumpriron sistematicamente co dereito á cultura da poboación.

Agora cómpre unha política cultural digna , que teña incidencia positiva sobre o universo de significados compartidos polas/os galegas/os, e baseada nuns obxectivos claros e medibles que sexan traballados e acordados coa comunidade cultural.

Os principais obxectivos da futura lexislatura serán, en primeiro lugar, a urxencia na loita contra unha precariedade do traballo cultural, e a transformación do ecosistema cultural desde unha cooperación interinstitucional liderada pola Xunta de Galicia.

Poremos en valor os empregos das creadoras e creadores través do recoñecemento e protección dos seus dereitos e faremos valer o papel que debe xogar a administración na loita contra a precariedade, dadas as numerosas eivas existentes na materia.

No escenario inmediato, atenderemos ás urxencias mantendo a atención nas cuestións de fondo a través das seguintes medidas:

142. Promoveremos códigos de boas prácticas.

Co obxectivo de combater a precariedade das traballadoras e traballadores da Cultura, convén promover un código de boas prácticas entre a Administración e as traballadoras e traballadores da Cultura. Isto contempla que a Administración galega non traballará nin concederá axudas a empresas, asociacións ou entidades que non cumpran con determinados criterios: salarios dignos, cláusulas sociais, igualdade ou cumprimento dos convenios colectivos vixentes.

143. Implantaremos unha Oficina de Acción e Asesoramento cultural.

A finalidade desta Oficina de consultoría e acompañamento será orientar laboral, xurídica, económica, técnica, artística, e formativamente ás traballadoras e traballadores da cultura.

- 144. Crearemos un Consello Asesor consultivo de profesionais independentes que terá carácter estable e contará coa presenza de representantes do tecido artístico e cultural do país que traballará conxuntamente co Consello da Cultura Galega, co Igape, AGADIC, coa Consellería de Emprego, etc. formado por distintos especialistas nos diversos eixos da cultura e as artes (do libro, audiovisuais, artes escénicas e musicais, artes gráficas, plásticas e visuais,...).**

A Xunta terá en conta as recomendacións e propostas deste Consello á hora de promover leis, axudas ou outras accións lanzadas desde o Goberno.

- 145. Elaboraremos un censo de creadoras e creadores, así como de empresas culturais co fin de cuantificar o sector segundo as distintas ramas de actividade e de poder establecer políticas culturais focalizadas á mellora da calidade e estabilidade do traballo e políticas de fomento do tecido produtivo.**

- 146. Plan de formación co fin de incrementar o grao de profesionalización dos traballadores culturais.**

Impulsaremos as convocatorias dos procedementos de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral nas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais relacionadas co sector cultural.

- 147. Impulsaremos bolsas á creación co fin de poñer en valor os procesos creativos dos creadores culturais.**

148. Nova Lei do Audiovisual.

A Lei do Audiovisual vixente ven de 1999 e aparece obsoleta. Convén adaptarse aos novos tempos, especialmente nun sector en evolución constante como é o do audiovisual, ao tempo que adaptar e trasladar a normativa europea aprobada en outubro de 2018. Esta reformulación levarase a cabo en colaboración co propio sector, definido pola súa riqueza de produción e o traballo dos seus profesionais. Crearase unha comisión de expertos que desenvolverá as modificacións necesarias.

149. Apoio ao sector escénico e aprobación da Lei para as Artes Escénicas.

Aprobación dunha Lei das Artes Escénicas de Galicia con dotación orzamentaria suficiente para impulsar o desenvolvemento, fomento, formación, difusión, protección, normalización e preservación das artes escénicas galegas.

150. Defensa da Igualdade.

Todas as accións e axudas públicas orientadas á creación e produción intelectual e artística velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e oportunidades entre todas as persoas, independentemente das diferenzas de cor, xénero, identidade sexual, diversidade funcionais, persoas indocumentadas ou con antecedentes penais.

151. Recuperación da Consellería de Cultura.

A Xunta de Galicia do PP leva anos aplicando importantes limitacións na área de Cultura, desde evidentes carencias de persoal a importantes reducións orzamentarias. Isto desembocou en problemas de orde estrutural e organizativo, un déficit de directrices e un desleixo perenne que impiden o correcto funcionamento dos seus organismos e un desequilibrio ou ausencia de relación coa cidadanía e cos actores culturais. Ademais, a Xunta

do Partido Popular eliminou a Consellería de Cultura, refundíndoa con educación e dun tempo a esta parte coa de Turismo con Especial atención ao Xacobeo, unha decisión que prexudicou gravemente ao sector cultural. En PODEMOS Galicia - Alianza Verde cremos que a Cultura contar coa súa propia Consellería, e desde ela recuperar o seu papel artellador da sociedade e formular unha nova relación da administración cos sectores culturais. Esta consellería contará con dúas novas direccións xerais: a do Libro e a das Traballadoras culturais.

152. Recuperación orzamentaria na área de Cultura.

Tras anos de recortes, o noso obxectivo será aumentar e estabilizar o orzamento destinado a cultura, o cal nos permitirá levar unha redistribución territorial e temporal dos recursos fronte ao eventualismo. Un dos mecanismos será a creación ao inicio da lexislatura do Fondo Cultural Galego por lei parlamentaria tal e como indica o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

153. Reformulación da megaestrutura compostelá do Monte Gaiás.

Redistribución das partidas orzamentarias da Consellería de Cultura para lograr a redistribución dos recursos en todo o territorio do país, evitando que nunca máis a bautizada por Manuel Fraga Iribarne coma Cidade da Cultura, absorba de forma desequilibrada os recursos económicos destinados á cultura do país.

154. Reformulación e actualización da AGADIC.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) debe ser un organismo público que dea resposta ás necesidades de dinamización e impulso integral dos sectores das artes escénicas e musicais e do audiovisual galego. Cómpre a mellora do organismo cunha maior racionalización na súa propia división en áreas e cambios que garantan unha boa xestión e que simplifiquen

a lexislación e a súa interpretación para evitar as diferenzas que acontecen actualmente. É fundamental que a AGADIC traballe a prol da industrias culturais galegas, fomentando a produción, comercialización e distribución das obras, con criterios xustos e transparentes e con medidas que garantan unha estabilidade no tempo (como contar cun calendario de convocatorias e uns orzamentos estables), así como fortalecer e revitalizar o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, entendidos como instrumentos realmente útiles ao servizo da cidadanía e deste sector.

O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) terá autonomía fóra de AGADIC, prevalecendo o reforzo da súa condición de centro de coñecemento, didáctica e divulgación, programación e conservación do patrimonio fílmico e fotográfico. Este último apartado terá o debido reforzo cun programa específico de restauracións, así como a creación de instrumentos de difusión deste patrimonio.

155. Apoio ás artes plásticas galegas.

A sinerxía co sector das artes plásticas concrétese fundamentalmente a través de catro puntos:

- Aumento da inversión na programación de artistas galegos no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).
- Profesionalización e pagos correctos aos artistas polas exposicións e aos traballadores culturais que os acompañan nos procesos de produción e exposición.
- Concursos públicos e procesos abertos de contratación que incorporen as boas prácticas que solicita o sector.
- Axudas á mobilidade dos artistas e becas de formación para galegos na Galicia interior e exterior.

156. Apoio á danza tradicional galega e reforzo do Centro Coreográfico galego.

Explicitátese por medio de catro medidas principais:

- Apoio á danza tradicional galega a través do CCG.
- Recuperación orzamentaria do CCG co obxectivo de desenvolver un programa estable de producións, coproducións, residencias e traballo cos espectadores no ámbito das artes do movemento.
- Convocatoria dun concurso-proxecto para dar cobertura ao posto de Directora/or do CCG.
- Elaboración dun Plan Director das Artes Vivas consensuado co sector.

157. Política cultural transparente baseada nos datos.

Levaremos a cabo, xunto ao sector, unha política cultural cuns obxectivos claros e medibles, con medidas ben articuladas e coherentes entre si, que incorporen indicadores de avaliación claros, para o cal, fortaleceremos o Observatorio da Cultura Galega.

158. Concorrenza competitiva e cláusulas sociais fronte ao clientelismo.

Aposta polas convocatorias en réxime de concorrencia competitiva co obxectivo de redistribuír os recursos públicos de apoio ao sector empresarial e asociativo.

Favorecer a innovación da produción cultural conectada cos sectores produtivos e o ámbito da investigación.

Incorporaremos cláusulas de carácter social e medioambiental nos procesos de contratación pública para favorecer a incorporación de empresas galegas que aposten pola contratación de traballadores en risco de vulnerabilidade social na prestación de servizos de atención ao público, atención técnica e outros servizos externalizados precisos para atender as programacións e mantemento dos equipamentos culturais dependentes da Consellería de Cultura.

159. Recuperación do libro galego e fomento da lectura.

Apoio directo ás escritoras e escritores a través dunha convocatoria anual de bolsas de creación para autoras e autores literarios.

Aumento da adquisición de fondos de libros e publicacións de editoriais galegas para fornecer ás bibliotecas e ludotecas públicas do país.

Reforzo das actividades nas bibliotecas coma clubs de lectura e accións de mediación cos pequenos, adolescentes, maiores, migrantes e persoas en risco de vulnerabilidade social para o fomento da lectura e conseguir que as bibliotecas sexan lugares de vida e memoria favorecedores do pensamento crítico das comunidades de proximidade.

160. Incorporación da produción cultural actual da diáspora galega.

Fortaleceremos as relacións entre a produción cultural da Galicia exterior e a da Galicia interior para posibilitar a integración. Atenderemos a novos ámbitos organizativos de galegos/as na diáspora e convocaremos bolsas de traballo no ámbito creativo para favorecer a acollida en empresas dos galegos/as no exterior.

161. Aposta pola cultura viva no rural.

O rural galego precisa unha programación cultural nas vilas e nos pobos co obxectivo de activar a produción cultural nas comunidades rurais e posibilitar o acceso equilibrado á programación cultural en igualdade coa cidade.

Na procura dunha vida máis participada, potenciaremos programas de mediación e proporemos alternativas innovadoras coas comunidades co fin de favorecer e achegar unha democratización real da cultura ao medio rural.

162. Fomento da creación en espazos de titularidade pública.

Con esta medida facilitaremos ás traballadoras e traballadores culturais exercer o seu traballo e facer máis accesibles os gastos necesarios derivados da creación cultural. Un camiño que vai da coxestión de espazos ao fomento de modelos participativos nos centros e prácticas culturais.

163. Lei Galega de Mecenado e Fondo Social.

Aprobaremos a Lei Galega de Mecenado e crearemos un Fondo Galego da Cultura como ferramenta de responsabilidade compartida privada e social para o patrocinio da cultura en Galicia, unha iniciativa historicamente pendente no noso país. Estableceremos o reforzo da alianza entre entidades e institucións na procura do investimento público e social cara á cultura.

164. Centros Multiculturais de integración e enriquecemento.

Ademais da defensa e promoción da cultura que nos é propia, en Galicia residen multitude de persoas procedentes doutros países. Como pobo de emigrantes que somos sabemos do importante que é o respecto ás culturas dos colectivos inmigrantes e da riqueza que engaden á nosa. Comprometémonos a facilitar a estes colectivos espazos para reunirse e programacións onde amosar a súa cultura mediante actividades artísticas propias na procura dunha integración social plena e dun enriquecemento global da cidadanía.

165. A cultura tamén nas escolas.

Activaremos aulas de escritoras e escritores e un programa de residencias artísticas nos centros de Educación Primaria e Secundaria coa finalidade de achegar a produción cultural e os referentes contemporáneos das letras e as artes galegas ás novas xeracións.

166. Apoio á produción cultural da mocidade galega.

A mocidade é o futuro do país e o futuro da cultura galega. Habilitaremos dúas convocatorias urxentes: unha de bolsas de formación e investigación e outra convocatoria de proxectos para desenvolver procesos e actividades no sector co obxectivo de fortalecer a produción cultural da mocidade.

Tamén favoreceremos a implantación de métodos de coxestión de espazos públicos infrautilizados con colectivos e asociacións de xente moza.

167. Protección da música ao vivo.

Protexeremos e alentaremos a música ao vivo con especial consideración para facilitar o seu desenvolvemento como manifestación identitaria da cultura galega en toda a súa diversidade de estilos e formatos, facendo fincapé na protección da programación de música ao vivo en espazos públicos e nos locais de todo o país e garantindo a presenza de artistas galegos/os en condicións dignas.

168. Creación do Centro de Fotografía Galego

Promoveremos a creación deste Centro co obxectivo de que conserve, dixitalice, procese, organice, difunda e promova o estudio do noso rico patrimonio fotográfico, poñéndoo a disposición da actividade investigadora, tanto da historia da fotografía, como doutras múltiples disciplinas para as que a fotografía pode ser de interese.

Consideramos que o interese pola fotografía histórica ten que ir acompañado dunha política adecuada de cara a potenciar a creación fotográfica contemporánea.

169. Defensa do patrimonio histórico e natural.

O patrimonio construído, sexa rural ou urbano, é un elemento

de configuración identitaria e cultural, pero tamén un factor fundamental de desenvolvemento endógeno da sociedade galega, non só desde o punto de vista económico senón tamén social.

Galicia ten bens declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO (a cidade histórica de Santiago, o Camiño Francés, a muralla romana de Lugo e a Torre de Hércules na Coruña) e dispón dun inxente patrimonio histórico construído en tódalas súas cidades e vilas históricas (Ferrol, Pontevedra, Ourense, Mondoñedo...) pero tamén no resto do territorio xa que conta con seis Parques Naturais (o das Fragas do Eume; o Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; o Monte Aloia; o da Baixa Limia-Serra do Xurés; O Invernadoiro e Serra da Enciña da Lastra; e o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas) e outros espazos de extremada beleza (A Ribeira Sacra, O Courel, etc). A xestión deste patrimonio debe de ser atendida desde unha Dirección Xeral dotada económica e tecnicamente con recursos que agora non ten e regulada por unha Lei de Patrimonio de Galicia que necesita ser revisada, entre outras cousas, no que se refire aos ámbitos competenciais.

170. Conservación e divulgación do noso patrimonio.

Durante os once anos previos, observouse a cultura e o patrimonio como parte do mercado turístico, acentuando máis o valor de uso destes bens, a posibilidade de consumo e a contribución destes a un teórico desenvolvemento dos destinos. Un modelo onde a xestión do Xacobeo e o Camiño de Santiago son os seus máximos expoñentes, e que a pandemia mundial ven de deixar o descuberto todas as súas limitacións. Ao falar de turismo cultural desde a óptica da política cultural pola que aposta PODEMOS Galicia - Alianza Verde, os seus principios básicos serán a protección do valor da existencia do ben, as accións para garantir os valores intrínsecos do ben ou manifestacións culturais e a conservación do valor de identidade que teñen para a sociedade que os crea. A década de abandono que leva padecendo o noso patrimonio reflíctese no seu estado de deterioro e incluso, ás veces, de serio compromiso ou risco de desaparición. Por iso pensamos que é necesaria e urxente a súa recuperación,

conservación, difusión e accesibilidade. Pero, ademais, todas estas medidas deben entender o patrimonio na súa totalidade e establecer sistemas e metodoloxías de accesibilidade universal a estes bens. Neste sentido, propoñemos unha serie de actuacións paralelas e complementarias:

171. Precisamos dun completo Plan de Dixitalización que inventaríe, catalogue e avalíe o noso patrimonio, tanto o referido a bens culturais materiais como inmateriais, para a subseguinte rehabilitación ou a súa posta a disposición da cidadanía.

Non só de materiais de procedencia con orixe en fondos públicos, tamén fondos de asociacións, entidades e/ou fundacións, e de coleccións privadas.

172. Perseguimos tamén o establecemento dun Plan de Rehabilitación do Patrimonio Cultural que deberá abordarse en fases sucesivas e para o que proporemos un programa de investimentos e intervencións.

Este Plan de Rehabilitación representa un dos retos máis relevantes nun lugar que posúe un enorme patrimonio público histórico (ou privado, cos distintos réximes de cesión ou goce), motor fundamental que estimula e posibilita a nosa proxección e riqueza cultural mundo adiante. O Plan fará énfase tamén nas infraestruturas da arqueoloxía industrial e os elementos patrimoniais en perigo.

173. Plan de actuación global sobre os arquivos históricos.

A desprotección ou inexistencia de políticas culturais da Xunta do Partido Popular alcanza tamén aos nosos arquivos históricos. Elaboraremos un Plan de Actuación sobre eles en todo o territorio que persiga a súa preservación, posta en valor e garantía de investimentos. Este conxunto de accións complementaría e incluíriase no Plan de Dixitalización de materiais do noso patrimonio.

174. Xestión integral dos Camiños de Santiago.

A complexidade e riqueza cultural e patrimonial do Camiño de Santiago obriga unha xestión integral do Camiño desde un organismo e unha óptica cultural e non desde as administracións turísticas. Na medida do posible, e respectado os itinerarios históricos, promoveremos o afastamento do Camiño de estradas de alta capacidade de tránsito, buscando a seguridade e a autonomía das peregrinas para conformar un camiño patrimonial e etnograficamente máis rico e vivo para o futuro.

O deporte en Galicia.

O deporte resulta demasiadas veces estigmatizado, simplificado ou reducido a aspectos competitivos. Porén, aparece como punto de encontro de infinidade de galegas e galegos que procuran formación, entretemento e saúde. Á necesidade de fomento da inclusión social e de deportes e prácticas minoritarias, engadimos a protección dos dereitos laborais e plans que inciden xustamente en aspectos tan vitais como descoidados.

175. Apoio á creación do Estatuto dos e das traballadoras do deporte.

Dentro das competencias autonómicas, apoiaremos a creación dun Estatuto dos e das traballadoras do Deporte. Adoptaremos medidas para combater a precariedade das traballadoras e traballadores deste sector e promoveremos, para iso, medidas fiscais, laborais e xurídicas que permitan o pleno desenvolvemento do seu traballo. Non son persoas privilexiadas, moi poucos acadan uns ingresos altos, e debemos ter en conta que son actividades que conlevan unha retirada a unha idade temperá. Negociaremos coas diferentes asociacións de deportistas profesionais este Estatuto.

176. Equiparación das mulleres deportistas e do deporte feminino.

O deporte feminino debe ter exactamente a mesma entidade que o masculino en tódalas disciplinas e niveis. Actualizaremos as leis galegas do deporte para garantir a igualdade de trato, fomentaremos a presenza de mulleres nas federacións galegas das distintas disciplinas e darémolles un trato máis xusto dentro dos informativos das canles públicas de radio e televisión. Ao tempo, potenciaremos medidas para favorecer o tránsito ao profesionalismo ou a mera consecución da dignificación laboral.

177. Defensa dos deportes tradicionais galegos e minoritarios.

Desde a Secretaría Xeral do Deporte procederemos a realizar un inventario daquelas prácticas deportivas que nos son propias e das que acontecen en Galicia sen contar co respaldo dunha federación propia co obxectivo de facilitar a súa posta en valor e práctica, agrupándoos. Nesta medida incorporaremos soporte económico aos concellos que faciliten infraestruturas para que se celebren este tipo de prácticas.

178. Contra a violencia no deporte.

Desenvolveremos un Plan contra a violencia e en defensa do xogo limpo, dos valores e da convivencia no deporte. Con este obxectivo dotaremos dun maior investimento á parte formativa. Realizaremos políticas de coordinación para a cooperación con outras administracións.

179. O deporte como elemento de inclusión.

Sostemos que a formación de equipos nos distintos deportes é un elemento que pode servir tamén para a socialización e para a inclusión social de colectivos desfavorecidos. Con esta idea fomentaremos a creación de equipos de todo tipo de disciplinas integrando neles a nenos, nenas e persoas de colectivos en risco de exclusión ou con capacidades diferentes. Asemade, eliminaremos as trabas económicas ou administrativas que lles impiden realizar este tipo de actividades en pé de igualdade.

180. Plan de accesibilidade aos recintos deportivos.

Elaboraremos un plan global de eliminación de barreiras arquitectónicas nos espazos deportivos, así como de mellora da súa accesibilidade.

181. Aumento das horas lectivas curriculares de Educación Física.

A práctica do deporte e da actividade física é un elemento fundamental da formación das persoas e do fomento de hábitos de vida saudables. Reforzaremos dentro dos programas educativos nas etapas do ensino obrigatorio a materia de Educación Física, dotándoa de máis horas lectivas e convocando un maior número de prazas de docentes desta materia.

182. Transferencia das competencias en materia deportiva.

Esixirémolles ao Consello Superior de Deportes a transferencia das competencias en materia de distribución de axudas e subvencións de fomento da actividade e das infraestruturas deportivas. Garantiremos unha mellor distribución territorial e disciplinar desas axudas.

183. Seguridade Pública e Emerxencias.

A Lei de Emerxencias 5/2007 está superada pero a Xunta do PP leva anos parcheándoa. Galicia é a única Comunidade onde hai servizos de bombeiros privatizados.

Temos actualmente un sistema onde diferentes tipos de servizos traballan sen coordinarse, xerando moitas desigualdades territoriais con respecto á seguridade das persoas e do contorno.

É necesaria unha norma básica en forma de decreto estatutario ou unha lei de coordinación de emerxencias de Galicia (en función do marco normativo que exista nese momento a nivel estatal nesta materia), que sairá do traballo que se desenvolva

a partir dunha mesa de estudo técnica sobre as emerxencias para abordar a súa reformulación integral.

184. Mesa para a elaboración dunha norma básica que regule as emerxencias de Galicia.

Constituiremos unha Mesa de Estudo -na que contaremos coa participación dos sectores técnicos e profesionais- para a elaboración dunha norma básica que regule as emerxencias en Galicia. Entre outros abordaremos os seguintes aspectos:

Coordinación baixo mando único dos diferentes servizos de emerxencias (bombeiros/as comarcais, municipais, grupos de emerxencias supramunicipais, servizos municipais de emerxencias...).

185. Transformar o 112 nun servizo integrado de emerxencias de xestión 100% pública e baixo supervisión dese mando único.

186. Comarcalización dos Parques de Bombeiros/as.

Definiremos esta comarcalización mediante un sistema técnico de distribución territorial baseado en isócronas. Atenderemos as demandas presentadas nos últimos meses polo persoal dos Parques de Bombeiros para dignificar o seu traballo.

187. Desenvolveremos territorialmente a regulación dos sistemas de acceso e promoción aos servizos de emerxencias de Galicia.

Recuperaremos e revisaremos as formacións capacitantes do sector facilitando o acceso e achegándoo a todo territorio. Trátase de regular e de revisar o sistema de competencias. Pretendemos, igualmente, incorporar na formación universitaria relacionada materias capacitantes para o exercicio posterior da actividade profesional.

188. Desenvolvemento da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia.

Unha vez redactado e consensuado o decreto de desenvolvemento da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia queda garantir o seu cumprimento a través do órgano correspondente e asegurarse da súa correcta aplicación. Estableceremos medidas de control e seguimento que confirmen a súa eficacia.

189. Favorecer a incorporación de mulleres nos servizos de seguridade e emerxencias.

Non se trata só dunha medida de xustiza para o acceso en igualdade ao emprego público, senón tamén dunha mellora dos servizos que ao fin son comunitarios, polo que debe traballarse na súa feminización.

Para isto será necesario tamén analizar as probas de acceso e garantir un sistema homoxéneo nas mesmas. Constituiremos mesas técnicas de estudo para asegurámonos de que os criterios de acceso non estean baseados en indicadores creados por e para homes nin, no caso das probas físicas, nas súas características corporais. Entendemos que deben responder ás necesidades reais das funcións e tarefas que deberán desenvolver nos postos de traballo aos que optan.

2. Dereitos da cidadanía

Compromiso efectivo coas políticas de Igualdade.

Poñeremos en marcha novos organismos en materia de igualdade e reforzaremos a rede actual de apoio ás mulleres. Pero este compromiso, para que realmente surta efecto, precisa dun importante incremento do orzamento dedicado a estas políticas.

190. O noso compromiso é ampliar o orzamento destinado a políticas de igualdade até o 1% tanto no xeral como en tódalas áreas de goberno para incorporar a transversalidade en toda a estrutura.

Ademais, entre outras actuacións, financiaremos as seguintes:

- Apoio e promoción das asociacións de mulleres.
- Axudas a entidades sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade.
- Consolidación e ampliación de servizos de igualdade de entes locais.
- Desenvolvemento de plans de estudo en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes polas universidades públicas.
- Axudas a proxectos de investigación sobre asuntos de muller I+D+i.

- Incentivar plans de igualdade para pequenas e medianas empresas (PEMEs).
- Plans de emprego e emprendemento para mulleres.
- Ademais, desde o Goberno galego comprometémonos a dar apoio institucional á celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

191. O dereito a decidir: Lei Galega de Saúde Sexual e Reprodutiva.

A autonomía reprodutiva das mulleres é un dereito básico: representa o seu dereito a decidir sobre o seu corpo, a elixir libremente e de xeito responsable se desexan optar pola maternidade ou non, cando e con quen. A negación deste dereito é un mecanismo de control patriarcal que presupón a incapacidade xurídica das mulleres para decidir sobre as súas vidas. En consecuencia, de forma inmediata, tomaremos as medidas necesarias conducentes a garantir o acceso á interrupción voluntaria do embarazo en calquera hospital público do noso país, eliminando a obxección de conciencia para esta práctica sanitaria e impulsaremos a aprobación dunha lei que garanta este dereito para as mulleres galegas, independentemente das prácticas sexuais. Para isto, derogaremos a Lei 5/2010 e aprobaremos a Lei Galega de Saúde Sexual e Reprodutiva servíndonos de exemplo a “Ley Orgánica 1/2023, de 28 de febrero, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo”.

Canto aos abortos terapéuticos, crearase unha unidade capaz de atendelos con tódalas garantías no SERGAS. Incrementaremos o cadro de persoal de matronas na rede pública e traballaremos para incluír a atención sexolóxica dentro das prestacións.

Nesta nova normativa estableceremos tamén o acceso universal a unha atención de calidade da saúde sexual, na que se cumpran uns prazos mínimos para a realización de citoloxías e mamografías así como para a obtención dos seus resultados.

Facilitaremos o acceso aos medios anticonceptivos e estudaremos o financiamento de medios profilácticos de barreira

–sobre todo entre as mulleres, persoas mozas e colectivos minoritarios–, facendo especial fincapé na prevención contra o incremento de infeccións e enfermidades de transmisión sexual e da VIH-SIDA.

192. Reforzaremos, ademais, o funcionamento da estrutura dos Centros de Orientación Familiar, retomando as funcións para as que foron concibidos, mais aló da atención sanitaria de calidade, volverase prestar todo o apoio psicolóxico, educativo e de sensibilización da liberdade sexual e reprodutiva con garantías para a saúde das persoas.

Ademais se recuperará a tarde xove para toda a mocidade que precise asistir.

193. Retomarase a actividade dos centros Quérote+ en toda Galicia tal e como foron concibidos e non como un mero servizo pasivo de atención cada vez máis invisible e descoñecido pola falta de proactividade.

Prestaremos atención á necesidade de formación das e dos profesionais sanitarios na atención ás mulleres que manteñen relacións sexuais con outras mulleres e primando o respecto absoluto á identidade de xénero escollida.

Con todas estas medidas pretendemos garantir os dereitos sexuais e reprodutivos, o acceso universal ao planeamento familiar, así como o asesoramento e educación sexual adecuado especialmente na adolescencia.

194. Eliminar a penalización da maternidade.

Eliminaremos o factor de penalización que a maternidade representa actualmente para as mulleres traballadoras a través dun programa de medidas sancionadoras e corresponsabilidade efectiva nas familias biparentais. Equipararemos os permisos por nacemento -iguais, intransferibles e remunerados ao 100%

do salario- entre traballadores e traballadoras da administración galega. Instaremos ao Goberno estatal para que emprenda a reforma lexislativa para a equiparación plena dos permisos por nacemento e adopción e que cada persoa proxenitora teña igual permiso, intransferible e remunerado ao 100% do salario, independentemente do seu sexo, criterio de convivencia ou diversidade familiar.

195. Coñecer a realidade para establecer estratexias eficaces.

Precisamos coñecer con precisión como inciden as diferentes violencias contra as mulleres ao longo do seu ciclo de vida, para deseñar as liñas de actuación máis eficaces para combatela. Para isto é preciso realizar unha macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia de xénero que sofren as mulleres tanto na infancia como na adolescencia, vida adulta e vellez.

196. Estratexia Galega para a abordaxe integral da violencia de xénero.

Asumimos o compromiso de desenvolver unha estratexia de abordaxe integral ante a violencia machista que está, no peor dos casos, asasinando mulleres polo feito de selo. A estratexia definirá un modelo de intervención psicosocial para o empoderamento das mulleres, consensuado co conxunto de profesionais e o movemento feminista durante os primeiros seis meses da lexislatura. Esta medida supón a aplicación en Galicia do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres (Convenio de Istambul), e polo tanto, tamén unha revisión e mellora da Lei galega 11/2007 para a prevención e atención integral da violencia de xénero. A intención é responder a un concepto máis amplo da atención integral e tamén ás necesidades específicas ante as situacións de maior vulnerabilidade, coordinando actuacións e recursos no ámbito da saúde, do ensino, da vivenda, da economía e do emprego no territorio galego. No marco desta medida, incluiremos a aprobación e desenvolvemento dun protocolo para a abordaxe da violencia de xénero no ámbito da saúde en Galicia, dentro do protocolo xeral contra a violencia machista.

197. Mellora dos sistemas de atención social contra as violencias machistas.

Entre outras, avanzaremos na posta en marcha das seguintes actuacións:

- Implantación de protocolos de Atención Social Integral para tódalas mulleres vítimas de violencias machistas.
- Garantir que todas as mulleres, incluíndo integramente as diversidades funcionais, poidan acceder en igualdade de condicións a tódolos recursos de información, apoio e atención para vítimas de violencias machistas.
- Mellorar a implantación do artigo 19, punto 5, da Lei 1/2004 a través da creación dun Protocolo de supervisión multidisciplinar con perspectiva de xénero para Servizos Sociais.
- Dotación de efectivos suficientes aos servizos sociais municipais e autonómicos que atendan situacións de prevención, intervención ou seguimento en supostos de violencias machistas.
- Creación de Rede de centros de atención ás violencias sexuais 24/365.
- Garantiremos cos recursos necesarios unha atención ininterrompida (24 horas os 365 días do ano) dirixida a atender e axudar ás persoas que sufran agresións sexuais en coordinación con outros servizos que deberán ter a formación necesaria para garantir un proceso no que se facilite o apoio e a asistencia necesaria durante todo o tempo que sexa preciso.
- Reformulación da Rede de Acollemento.

É necesario ir mudando o modelo de acollemento dotando á rede de espazos habitacionais para que atendan ás diferentes necesidades, adaptados aos perfís que desde hai anos veñen mudando nestes servizos, onde é preciso acoller en condicións adaptadas a persoas non só en situacións de violencia de xénero, senón tamén con patoloxías asociadas (derivadas ou non) como enfermidade mental, consumos de drogas etc.

Ademais é necesario traballar en coordinación cos Centros de Información ás Mulleres e outros servizos (sanitarios, xurídicos, laborais, educativos, sociais...) para que teñan un enfoque de empoderamento e de fomento da autonomía das mulleres e das persoas afectadas. Para isto é necesario:

- Abrir novos espazos de acollemento diversificados.
- Incorporar novos perfís profesionais adaptados ás necesidades reais (nomeadamente axentes de igualdade e educadoras sociais).

198. Redimensionamento dos Centros de Información ás Mulleres.

Os Centros de Información ás Mulleres (CIM) son espazos de atención a mulleres en xeral que a día de hoxe están adicándose, case na súa totalidade, a violencias machistas. Os CIM deben ser redimensionados para dar cobertura a violencias machistas eliminando listas de agarda e dispoñendo de persoal para abranguer os servizos para os que foron creados. Para isto é necesario:

- Publicar un novo decreto consensuado co persoal técnico que xa traballa nos CIM que teña en conta que é preciso valorar unha comarcalización dos mesmos.
- Ademais é preciso incorporar novos perfís profesionais nos mínimos requiridos: axentes de igualdade, traballadoras/es sociais e educadoras/es sociais. Reforzaremos, asemade, a asesoría xurídica e psicolóxica.

199. Autonomía económica para vítimas de violencias machistas.

Implantaremos un Plan integral de compensación, reparación e recuperación cara á autonomía para mulleres vítimas de violencias machistas, que incluírá unha prestación de garantía de vida, destinada a evitar que a falta de autonomía económica sexa un factor que prexudique a saída dunha relación de violencias machistas de calquera tipo. A prestación suporía un mínimo

equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional cunha duración e contía baseadas en criterios de autonomía e capacidade de acceso a ela. Estableceremos, así mesmo, un plan de emprego específico para mulleres maiores de 40 anos e para mulleres que se atopan en risco de exclusión social.

200. Axudas aos concellos na loita contra violencias machistas.

Estableceremos un marco competencial claro, un financiamento suficiente e unha estrutura profesional estable que sosteña os programas e servizos de prevención, detección e atención integral necesarios.

201. Rede de Escolas de Empoderamento Feminista ao longo do territorio.

Como parte dos programas de prevención e abordaxe integral das violencias machistas abriremos liñas de financiamento e cooperación estables en colaboración coas entidades locais para a posta en marcha de Escolas de Empoderamento Feminista, ofrecendo, ademais, un servizo de coordinación para optimizar recursos e favorecer o traballo en rede destas Escolas de Empoderamento.

Esta proposta complementarémola coa descentralización dos servizos de igualdade e políticas de xénero para que os seus efectos cheguen a todo o territorio galego e, fundamentalmente, ao ámbito rural onde poremos en marcha unha rede de oficinas comarcais de igualdade.

202. Coa trata non hai trato.

Consideramos a dignidade e os dereitos humanos como valor máximo, e en base a isto, desenvolveremos un programa específico para o desmantelamento das redes de trata e de explotación sexual en Galicia. Nesta liña estableceremos dous eixos de actuación, por unha parte, unha rede de colabora-

ción directa co resto das administracións e protocolos para a detección da existencia e operación das redes de trata de persoas; e por outra, desenvolveremos un programa de asesoramento para mulleres vítimas de trata.

203.Xulgados de Violencia sobre a Muller.

Iniciativa para a conversión dos Xulgados de Violencia sobre a Muller en exclusivos en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra (actualmente só existen na Coruña e Vigo), como paso previo á comarcalización dos Xulgados de Violencia, a fin de dar unha resposta eficiente e especializada a esta problemática. Esta medida deberá ir acompañada da debida dotación de medios materiais e persoais, así como dos equipos técnicos necesarios para garantir o correcto e áxil funcionamento dos Xulgados.

Aplicaremos a Lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero fortalecendo a asignación de recursos, persoais e económicos, nos dispositivos de atención e derivación das mulleres ante situacións de violencia de xénero, de xeito que poidamos mellorar a protección das denunciantes.

204.Formación para a igualdade nos itinerarios de atención.

Posta en marcha dun plan de formación en materia de igualdade de xénero e sobre as violencias machistas dirixido a todo o persoal e axentes que interveñen en calquera das fases do itinerario de atención ás mulleres en situación de violencia, estendéndoo ao resto de profesionais que exerzan en servizos onde se pode facer detección.

205.Pacto social: Desaprender o machismo e a violencia.

Formación especializada nos centros escolares para a prevención das violencias machistas, dirixida tanto ao profesorado

como ao alumnado. Campañas de sensibilización dirixidas a activar á poboación fronte ás violencias machistas, facendo especial fincapé na comunicación coa poboación máis moza. As campañas de concienciación sobre este problema non só terán como obxectivo o de rescatar ás mulleres que sofren violencia de xénero senón tamén acadar a implicación da sociedade nas denuncias de todo tipo de agresións machistas, de cara a un gran pacto social contra estas violencias.

206. Recuperación da memoria histórica do feminismo galego e da loita LGTBIQ+.

É unha cuestión de xustiza darlle visibilidade e difundir a historia das mulleres. Por iso, o Goberno de PODEMOS Galicia - Alianza Verde porá en marcha un programa específico de recuperación da memoria histórica das mulleres, do movemento feminista e da loita pola igualdade e polos dereitos LGTBIQ+.

207. Estratexia galega da socialización dos coidados.

O sector público ten unha responsabilidade importante no xeito en que se exercen os coidados, que poden facilitar ou dificultar as condicións de vida e diluír ou manter a división por cuestións de xénero.

Desenvolveremos unha estratexia coordinada que contemple o incremento de prazas en centros de día e nas escolas infantís, a regulación do tempo de traballo, a apertura nunha maior franxa horaria de centros escolares de primaria e secundaria, a aposta pola figura profesional da/o asistente persoal, programas de dignificación do traballo de coidados (bolsas de emprego, condicións dignas) e, en xeral, iniciativas en favor da corresponsabilidade.

208. As mulleres do rural esenciais para o desenvolvemento sostible.

É fundamental entender o valor do traballo que realizan as mulleres no ámbito rural, dalo a coñecer e impulsar unha igualdade real canto oportunidades e condicións. Para iso é preciso abrir novas perspectivas para a súa incorporación nas organizacións agrarias e nos grupos de desenvolvemento rural. A través dun programa específico, desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde impulsaremos redes que aposten polo empoderamento das mulleres do rural como axentes estratéxicos para a consecución dun rural sostible desde a corresponsabilidade entre mulleres e homes.

209.Paridade nas Administracións públicas e organismos financiados con diñeiro público.

O respecto das diversidades e o fomento da igualdade deben mover toda a acción do Goberno galego. Con esta premisa e fronte aos incumprimentos da Xunta de Feijóo, comprometémonos a:

- Establecer a obriga de alcanzar a paridade nas Administracións públicas e organismos financiados con diñeiro público. No prazo de catro anos, os distintos órganos públicos, e as entidades cuxo financiamento reciba unha proporción relevante de cartos públicos deberán ter unha composición paritaria.
- Incluiremos, ademais, entre os criterios de adxudicación de ofertas de licitacións do sector público, elementos relacionados co fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e estableceremos mecanismos de control para vixiar o cumprimento dos mesmos na execución dos contratos.
- Velaremos porque a linguaxe inclusiva e non sexista estea presente en tódalas publicacións e comunicacións promovidas e/ou contratadas pola Administración, dando cumprimento á normativa en materia de igualdade europea, estatal e autonómica (mediante o decreto lexislativo 2/2015).
- Crearemos unha Comisión de Avaliación do Impacto de Xénero para que os orzamentos da Xunta de Galicia

contribúan á igualdade e, a través da normativa específica, ofertaremos formación especializada para o persoal político e técnico responsable de incorporar esta perspectiva nos orzamentos.

- Durante o primeiro ano de lexislatura, deseñaremos e desenvolveremos un plan de formación de xénero para todo o persoal político e técnico da Xunta de Galicia.

210. Transversalidade da igualdade de xénero.

Crearemos unidades para a transversalidade da igualdade en cada unha das Consellerías da Xunta de Galicia, adscritas á Presidencia e en coordinación co Instituto Galego de Igualdade.

211. Produción de indicadores non androcéntricos máis alá do PIB.

Debemos cuestionar que é o que medimos para definir a que lle estamos a dar importancia na idea de progreso e riqueza dunha sociedade. Precisamos ampliar o foco de atención, atendendo a todo o que incide no benestar das persoas e facilita transicións sostibles a outro modelo de sociedade en igualdade. Apos-tamos, polo tanto, pola creación dun novo mapa de indicadores que mostren que é o que está a pasar coa calidade de vida, coas relacións de desigualdade, coa fenda salarial e coa capacidade de transformación das situacións de desigualdade estrutural.

212. Obrigatoriedade de estudos de avaliación do impacto de xénero.

Garantiremos que os proxectos de especial importancia para as condicións de vida da cidadanía vaian acompañados do pertinente estudo de avaliación sobre a previsión do impacto de xénero, en cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade que a Xunta do Partido Popular non está a aplicar -Lei Orgánica de Igualdade 3/2007 e DL galego 2/2005 polo que se

aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

213. Valedoría da Igualdade e Instituto Galego da Igualdade de Xénero.

PODEMOS Galicia - Alianza Verde atenderá as reivindicacións históricas do movemento feminista galego creando o Instituto Galego de Igualdade de Xénero (IGIX) e a Valedoría da Igualdade. O primeiro será un organismo autónomo adscrito á Presidencia do Goberno galego que rexerá e coordinará o desenvolvemento das políticas de xénero da Xunta de Galicia. Pola súa banda, a Valedoría da Igualdade supervisará de oficio e a demanda, calquera tipo de atentado aos dereitos humanos e aos dereitos das mulleres.

214. Consello Galego das Mulleres.

Renovaremos e darémolles un novo pulo ao Consello Galego das Mulleres, como axente interlocutor ante o Goberno do movemento feminista e do asociacionismo das mulleres galegas.

215. Comisión permanente para a Igualdade de xénero.

O compromiso de PODEMOS Galicia - Alianza Verde coa igualdade traducirase na conversión da actual Comisión non permanente para a igualdade e os dereitos das mulleres nunha Comisión permanente para a igualdade de xénero. O obxectivo é darlle estabilidade ao traballo do Parlamento en materia de igualdade, e garantir a súa transversalidade.

A infancia: o futuro de Galicia.

Os nenos e as nenas son o colectivo máis vulnerable da sociedade, por no ter adquirido o seu pleno desenvolvemento físico

e mental, mais por isto non deixan de ter dereitos. A complicada situación económica global provocou o empobrecemento de moitas familias, que puxo en risco de exclusión a moitos rapaces e rapazas e, polo tanto, ameaza seriamente a igualdade de oportunidades non só na alimentación ou educación, senón tamén na sanidade ou no acceso ao ocio, á cultura, ás novas tecnoloxías, etc. Ademáis hai casos aínda con máis crueldade nos que son vítimas de abusos ou violencia. A infancia e a mocidade de hoxe son o futuro do noso país.

Por todos estes motivos as administracións públicas deben prestar unha especial atención e vixilancia á infancia e á mocidade e velar e defender os seus dereitos, con independencia da súa orixe, e buscando sempre o interese superior dos nenos e nenas. Son, ademais, de obrigado cumprimento a adopción das medidas necesarias para facer efectivos tódolos dereitos recoñecidos na Convención de Dereitos do Neno.

216. Maiores fondos para infancia.

Nesta lexislatura deseñaremos unha nova Lei autonómica de Infancia e Adolescencia que rexerá a Estratexia galega para nenos, nenas e mocidade e que contemplará desde a educación gratuíta ata a loita contra a pobreza infantil. Incrementaremos o investimento público en infancia ata alcanzar a media europea e facer efectiva a loita contra a pobreza, a igualdade de oportunidades e a non discriminación dos nenos e as nenas, especialmente nos ámbitos da educación, a sanidade, sexualidade e identidades de xénero, servizos sociais e de protección.

217. Lei de familias monoparentais e monomarentais.

- Realizaremos unha proposta lexislativa que corresponsabilice á sociedade no seu conxunto e que ofrezca cobertura ás necesidades das familias monoparentais, contribuíndo á superación dos prexuízos, a igualdade en dereitos e a posibilidade real da libre elección.

- Definiremos a monoparentalidade de forma inclusiva, permitindo un rexistro de familias que permita aplicar medidas relacionadas con acceso a servizos e prestacións de xeito prioritario para elas/es e as/os menores a cargo, reformas fiscais e desgravacións, etc.

218. Protocolo de intervención en situacións de violencia contra a infancia.

Aprobaremos un novo protocolo de actuacións para a coordinación e intervención das distintas institucións cando se sospeiten ou detecten situacións de violencia contra a infancia e a adolescencia. O novo protocolo debe superar o marco do actual, que é moi xenérico e propicia a descoordinación, repetición de intervencións e mesmo o entorpecemento nos procedementos cos conseguintes prexuízos ás vítimas.

219. Educación e protección fronte ás agresións sexuais a nenos, nenas e adolescentes.

A mellor política de actuación para protexer á infancia e aos/ás adolescentes das agresións sexuais é a prevención polo que destinaremos máis recursos na contorna educativa, social e sanitaria e crearemos unha liña de atención telefónica pública de información e asistencia as 24 horas, atendida por un equipo profesional e multidisciplinar.

Complementaremos esta actuación co deseño de recursos educativos, tanto para o ámbito escolar como para o seu uso por parte das familias, que facilite o diálogo e a información certa e adaptada segundo a idade sobre sexualidade. Isto permitiranos, ademais, reflexionar sobre as relación entre iguais, abordar o problema das violencias machistas, falar sobre saúde e a sexualidade, as diversidades sexuais e identidades de xénero, etc. É un espazo onde os nenos, nenas e adolescentes poden obter información para a detección da violencia sexual e sobre os recursos que teñen á súa disposición para pedir axuda.

220. Protección de nenos e nenas migrantes.

Garantiremos que as/os nena/os e moza/os que migran sós (Menores non Acompañados) reciben un tratamento segundo a Convención de Dereitos do Neno, considerando sempre a súa condición de menores por diante do seu status migratorio. Como medidas de garantía dos seus dereitos estableceremos as seguintes:

- Loitaremos e estudaremos opcións para evitar as repatriacións en contra da vontade do menor, e do mesmo modo instaremos e apoiaremos ao Goberno de España nesa liña.
- Regularemos un procedemento de determinación da idade multidisciplinar e non baseado exclusivamente en probas invasivas, que requirirán en todo caso de informe médico previo favorable á súa práctica en cada caso concreto.
- Mentres non conclúa o proceso de determinación de idade non poderá abrirse ningún procedemento por presunta infracción (por exemplo falsificación de documento), e non poderá perder a súa condición de menor de idade.
- A norma deberá garantir idénticos dereitos aos nenos e nenas nadas en territorio estatal e a aqueles que nacesen no estranxeiro.

221. Dignificar e reformular o sistema de centros de menores.

- Adecuaremos o sistema de acollemento e fixación do carácter transitorio dos centros de menores, co obxecto de traballar na integración social das e dos mesmos. Os centros de menores deben ser repensados para que exista unha integración na vida da contorna na que se atopen.
- Os nenos e nenas usuarias deben ser atendidos/as obrigatoriamente polo sistema público de saúde, servizos sociais e educación. Evitaremos que estes servizos se dean por medio de entidades privadas ou nos propios centros.

- Promoveremos a integración social de tal xeito que ao alcanzar a maioría de idade poidan continuar os seus estudos ou integrarse no mercado laboral, acolléndose aos programas existentes de acompañamento a mozos/as en proceso de emancipación.
- Prohibiremos a existencia de centros exclusivos para menores estranxeiros. É unha discriminación por orixe que debe ser desbotada.
- Tal e como se recomenda desde os organismos internacionais, priorizaremos o acollemento familiar -cando sexa posible- ou residencial pero en centros cun número baixo de prazas que posibilite o coidado personalizado e integral e a atención ás necesidades afectivas dos nenos e nenas.

222. Potenciar o acollemento familiar.

Reforzaremos o sistema de acollemento de menores implementando as medidas necesarias para que se cumpra a normativa vixente, priorizando o acollemento familiar -dando apoio a outros membros da súa familia, se os houbera- fronte ao internamento institucional ou residencial. Incidiremos especialmente na obrigatoriedade nos casos de crianzas menores de tres anos. Incluiremos o acollemento especializado e profesionalizado en Galicia mediante o favorecemento e o acollemento de nenas e nenos con especiais dificultades e aplicando liñas de formación expresas.

223. Información fiable para actuacións eficaces sobre a infancia e adolescencia.

O acceso a datos periódicos e fiables é fundamental para que as administracións públicas e asociacións poidamos desenvolver eficientemente o noso labor. Por iso é imprescindible que se publiquen datos estatísticos coa periodicidade que se estime adecuada en cada caso, sobre: empobrecemento da infancia, igualdade e incidencia da violencia contra a infancia e a adolescencia (anual, facendo un desglose por tipoloxía, xénero, idade,

relación do vitimario coa vítima, medida de protección adoptada, modalidade no tocante ao acto de toma de declaración á vítima menor de idade, tempo transcorrido desde a denuncia, porcentaxe de sobreseimentos, tipo de sentenza).

Informe anual dos Institutos de Medicina Legal e clínicas forenses que reflicta o número de equipos que actúan en cada partido xudicial; características profesionais dos mesmos; número de casos avaliados, facendo constar o tipo de intervención (psico-social ou forense, física ou psicolóxica); tempo transcorrido entre a recepción do caso e a primeira entrevista; número de entrevistas por caso e, en concreto, co neno ou nena; tipoloxías de delitos; e resultado das avaliacións forenses (afirmativa/negativa/non concluínte). Outros datos obtidos a través de estatísticas, e a través do desenvolvemento da investigación lonxitudinal de incidencia do maltrato infantil, etioloxía, tratamento para a recuperación, etc.

224. Xestión pública dos servizos de infancia.

Tódolos servizos relacionados coa infancia pasarán progresivamente á xestión pública directa, o único sistema de xestión que permite o control dos métodos de selección de persoal, que garante unha serie de dereitos das persoas usuarias do servizo (rexistro de entrada, certificación de asistencia, carácter público dos documentos e declaracións que emite o servizo, etc.), e diminúe a posibilidade de que os intereses económicos determinen a calidade do mesmo. Estas actuacións realizarémolas de maneira prioritaria nos casos dos centros de menores (encalqueradas súas modalidades), equipos de avaliación de idoneidade para adopcións, acollementos (tanto nacionais como internacionais), e en xeral calquera outro servizo que teña potestade para tomar decisións relevantes nas vidas de nenos, nenas e adolescentes. Ao mesmo tempo, realizaremos tarefas de avaliación da calidade dos servizos de xeito periódico e incluiremos no proceso consultas ás persoas usuarias menores de idade.

225. Rexistro de especialistas en atención infantil e a adolescentes e en avaliación do maltrato.

Confección dunha listaxe de equipos de profesionais capacitados en escoita de nenos, nenas e adolescentes e en avaliación do maltrato infantil que teñen que acreditar formación e experiencia na materia e quedarán rexistrados para ser chamados polos xulgados de xeito aleatorio. O obxecto desta medida é o de abordar as carencias dos servizos públicos a este respecto, pois os Institutos de Medicina Legal non teñen nin recursos nin espazo normativo para a realización de avaliacións psicosociais (o que foi recoñecido polo propio Valedor do Pobo, segundo figura no seu informe de 2016 e 2018).

226. Garantir a atención temperá.

Desenvolveremos un verdadeiro sistema de atención temperá, pola súa importancia para a eficacia das intervencións sobre nenos e nenas con alteracións, trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e, por tanto, para o seu benestar presente e futuro. Recoñeceremos un dereito subxectivo á atención temperá integral, universal, gratuíta e pública.

227. Contra a síndrome de alienación parental e os modelos de intervención non científicos.

Non destinaremos fondos públicos a entidades ou actividades que ataquen a imaxe e credibilidade das vítimas, promovan a aplicación de teorías non avaladas cientificamente, como a Síndrome de Alienación Parental (SAP) ou incidan en fórmulas sexistas.

Defensa da diversidade.

Fomentaremos unha política que teña en conta a inclusión de tódalas diversidades e, de xeito específico, á diversidade sexual prestando atención ás necesidades e demandas das persoas e

os colectivos de lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais e Queer (LGTBIQ+). Desenvolveremos políticas contra a violencia que sofren moitos e moitas adolescentes no ámbito escolar e combateremos os comportamentos discriminatorios que padecen as persoas pola súa identidade sexual ou de xénero en tódalas esferas da sociedade, dándolle visibilidade a estes colectivos e promovendo estratexias e campañas de tolerancia.

228. Revisión e actualización da Lei 2/2014.

Esta Lei pola Igualdade de Trato e a non discriminación das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais en Galicia require dunha actualización e unha dotación orzamentaria para a súa aplicación. Asumimos o compromiso da súa implementación tras unha revisión conxunta coas entidades do movemento polos dereitos das persoas LGTBIQ+.

Desenvolveremos un plan de acción e campañas educativas pola inclusión en igualdade das persoas LGTBIQ+ e dilución dos comportamentos baseados no odio. Tamén desenvolveremos un plan de visibilidade e protección das persoas maiores LGTBIQ+.

229. Contra a discriminación e o bullying nas escolas

Queremos promocionar decididamente á convivencia en igualdade e respecto, facilitándolle á xuventude o acceso a servizos e recursos de apoio práctico para combater os comportamentos baseados na LGTBIQfobia e no odio ás persoas lésbicas, gais, trans e/ou bisexuais ou racializadas.

Desenvolveremos o Servizo territorial contra a discriminación, en colaboración coas Deputacións para termos acceso a tódolos municipios. Tamén impulsaremos a creación do Centro de recursos LGTBIQ+ e de apoio ao tecido asociativo das persoas deste colectivo.

230. Despatoloxización trans.

Aprobaremos a Lei Galega para a Despatoloxización Trans na que se inclúa a atención específica a menores trans e se blinde o acceso a intervencións sanitarias gratúitas, así como aos bloqueadores hormonais no caso de menores.

231. Promoción da inclusión laboral das persoas LGTBIQ+.

Aprobaremos un paquete de medidas fiscais e laborais que incentiven a contratación e/ou o autoemprego deste colectivo, con especial incidencia nas persoas trans.

232. Secretaría Xeral de Políticas LGTBIQ+

No Goberno de PODEMOS Galicia - Alianza Verde crearemos a “Secretaría Xeral de Políticas LGTBIQ+” para a planificación, implementación, transversalización e avaliación das políticas que afectan directamente a este colectivo.

233. As forzas de Seguridade ao servizo e protección das diversidades sexuais.

Asumimos o compromiso de incluír a diversidade sexual e os dereitos das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBIQ+) na formación das forzas de seguridade, emerxencias e protección civil do ámbito competencial da Xunta de Galicia e a través da incorporación obrigatoria de capacitación nesta materia na formación impartida e xestionada pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

234. Comisión permanente no Parlamento sobre Diversidade sexual e afectiva e identidades de xénero.

Para poñer en marcha novas accións e políticas de avance na inclusión das persoas atendendo ás diversidades e á depen-

dencia, crearemos no Parlamento de Galicia unha comisión permanente sobre diversidade. Este órgano tamén terá como obxectivo darlle visibilidade ao traballo feito neste eido.

Memoria Histórica Democrática.

Galicia foi un territorio arrasado pola represión e o espolio do réxime fascista de Franco. Foi a sociedade civil, ante o desleixo e adulteración dos sucesivos gobernos do PP, quen iniciou un proceso de reivindicación das políticas de verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición enmarcadas no informe do relatorio da ONU para os Dereitos Humanos. A concepción da Memoria Histórica, coa exploración e restitución dos dereitos infrinxidos na ditadura, vai acompañada dunha noción máis íntegra de memoria vencellada a outras loitas, legados e tempos pasados de coñecemento hoxe imprescindibles. Son moitas as eivas e carencias que é preciso corrixir neste eido lastrado por políticas públicas afectas de amnesia que falsean a memoria de Galicia.

235. Restaurar a Memoria Histórica Democrática.

Recuperaremos a Memoria Histórica de Galicia desde unha perspectiva democrática que responda aos criterios establecidos na Lei 52/2007, de 26 de decembro, baseada en feitos históricos e remate coas versións falsas. Reparación para o nome das vítimas e recuperar os dos homes e mulleres que loitaron por defender as liberdades e o dos que participaron en movementos sociais, sindicais e feministas durante ese período.

Crearemos un arquivo audiovisual con entrevistas e testemuños das persoas participantes nestes movementos, así como a participación das mesmas en foros en centros educativos e elaboraremos recursos pedagóxicos para achegar á mocidade a unha reflexión crítica sobre a Memoria Histórica.

236. Censo oficial de vítimas do franquismo e reparación.

Elaboraremos un censo oficial e completo de tódalas vítimas do franquismo e da violencia policial e da extrema dereita en Galicia ata a promulgación do noso Estatuto de Autonomía. Impulsados pola mesma obriga ética localizaremos e protexeremos as foxas comúns do noso país para ir, progresivamente, procedendo ás exhumacións das vítimas. Colaboraremos, subvencionaremos e daremos todo tipo de facilidades a organizacións como a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) para a escavación de foxas no noso territorio. En paralelo, procederemos á creación dun rexistro voluntario de ADN dos familiares dos represaliados para a súa posterior identificación.

237. Instaremos e apoiaremos no Congreso español a anulación global das sentenzas dos tribunais militares que realizaron xuízos sumarísimos, en cumprimento do espírito da Lei de Memoria Histórica que xa recoñece a ilexitimidade destes tribunais pero que aínda non se aplicou.

Este asunto é indispensable para a reparación do bo nome dos defensores das liberdades que loitaron contra Franco ou de aqueles que, simplemente, foron acusados arbitrariamente da comisión de delitos.

Neste sentido, esixiremos tamén a retirada de todas as distincións, recoñecementos, etc. a calquera dos verdugos, torturadores ou responsables -en calquera grao- da represión franquista.

238. Recuperación das propiedades en mans da familia Franco.

Instaremos ao Goberno de España para a ilegalización da Fundación Francisco Franco, tal e como ditamina o Parlamento Europeo e á retirada inmediata dos fondos públicos cos que se está a financiar a fundación privada. Igualmente pediremos e apoiaremos a anulación de tódolos títulos nobiliarios concedidos durante a ditadura, incluído o do Ducado de Franco, que aínda hoxe ostentan os sucesores do ditador.

239. Sinalización de lugares emblemáticos da memoria democrática.

A loita democrática, sindical, feminista ou obreira debe ter reflexo nas nosas localidades para que o recordo dos seus logros e os nomes dos seus protagonistas perduren no tempo.

- Localizaremos e incorporaremos sinalética con información dos mesmos (contextual, histórica...).
- Distinguiremos estes espazos coa “Rede Galega de Lugares da Memoria”.
- Habilitaremos unha páxina web onde estean todos recollidos coa conseguente explicación histórica dos mesmos, co obxectivo de convertelos nunha ferramenta pedagóxica máis.
- É preciso un compromiso do futuro Goberno de Galicia para a retirada da simbología franquista en colaboración cos concellos, e dar o impulso definitivo á eliminación de nomes dos franquistas dos rúas, símbolos nos edificios públicos, retirada de monumentos, etc. dando cumprimento efectivo á Lei de Memoria Histórica.

240. Arquivo das Memorias e divulgación da verdade.

Propoñemos a creación dun arquivo accesible e vivo (de actualización permanente), un contedor da memoria das diversas loitas históricas en Galicia que se converta nun informe da vulneración de dereitos humanos sufridos no noso país desde o ano 1936. Esta actuación complementarase coa realización de accións e actividades complementarias para a súa adecuada divulgación e coñecemento, especialmente entre os/as máis novos/as.

En paralelo, realizaremos unha páxina web de referencia sobre a Memoria Histórica Democrática de Galicia que conterá o censo de vítimas e toda a información dos arquivos, documentos e publicacións sobre esta cuestión. Dixitalizaremos todos estes

contidos e poñerémolos a disposición da cidadanía mediante esta web propia, que tamén contería material fotográfico, sonoro e audiovisual de testemuños de vítimas e protagonistas deses feitos. Promoveremos a configuración da memoria de forma inclusiva, buscando a colaboración de asociacións e institucións memoriais e aberta á participación da cidadanía, condicionada unicamente á realidade histórica dos feitos.

Como contribución ao proceso de recoñecemento da verdade e reparación ás vítimas do franquismo, instauraremos un Día da Memoria Histórica en Galicia, que celebraremos en todo o ámbito educativo, e no que incorporaremos actividades para a divulgación dos valores pedagóxicos da Memoria e a concienciación sobre os dereitos e liberdades que defenderon as vítimas do fascismo.

Migración: un país de todas.

Apostaremos por unha política de portas abertas para todas as persoas, con independencia da súa orixe, xa que entendemos o mundo desde unha perspectiva solidaria e de cidadanía global. Ninguén mellor ca nós para saber o que supón emigrar. Os movementos migratorios provocados por circunstancias económicas, sociais, medioambientais, etc. son globais e no noso país sabemos ben a importancia de atopar no destino unha sociedade acolledora e, sobre todo, unhas institucións á altura deste fenómeno que, por outra banda, deben respectar e asumir os compromisos establecidos na Convención de Xenebra e os Dereitos Humanos.

Non se pode implantar un discurso apocalíptico de que a nosa poboación envellece e a nosa xente marcha, senón afrontar os movementos demográficos ofrecendo ás persoas que conformamos Galicia un lugar onde pague a pena vivir, con coberturas sociais e de coidados, servizos públicos de calidade que favorezan a vida dos/as que xa estamos aquí, para poder quedar se así o desexamos, e ao tempo para aqueles e aquelas que queiran vir.

241. Instauraremos un Plan de Cidadanía para as persoas migrantes e solicitantes de protección, asilo e refuxio participado coas entidades do Terceiro Sector, coas asociacións de inmigrantes, coas administracións locais e Deputacións para abordar un modelo de integración intercultural baseado nos principios de recoñecemento da cidadanía.

242. Reactivación do Consello Galego da Inmigración.

Recuperaremos o Consello Galego da Inmigración como mesa de diálogo e encontro para debater políticas, medidas e intervencións sobre as migracións en Galicia.

243. Dereitos sanitarios universais para todos e todas as residentes en Galicia.

Garantiremos o acceso universal á sanidade e eliminaremos os copagos para a poboación estranxeira empadroadada e residente en Galicia. Non permitiremos ningún tipo de discriminación no tratamento nin a existencia de requisitos innecesarios para ter acceso a todos os servizos da Sanidade Pública Galega.

244. Garantía de atención sanitaria para os e as galegas residentes no exterior.

Do mesmo xeito, velaremos tamén, mediante convenios internacionais, porque os galegos e galegas podan recibir unha axeitada atención sanitaria alá onde teñan implantada a súa vida actualmente. No caso de que o país de destino non lla outorgue, aqueles que volvan temporalmente a Galicia terán garantida aquí a asistencia.

245. Loita activa contra o racismo e a xenofobia.

Crearemos unha Oficina de Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica para potenciar xunto coas entidades do Terceiro Sector,

asociacións de inmigrantes e concellos medidas para erradicar a discriminación racial ou étnica na Comunidade Autónoma de Galicia. Loitaremos así, de forma activa e participativa, contra o incremento da xenofobia e o racismo ante a auxe de posicións anti-inmigratorias en Galicia. Faremos unha enquisa sobre as actitudes dos galegos/as ante a inmigración para planificar medidas de acordo con tódolos os actores implicados (asociacións de inmigrantes, entidades do Terceiro Sector, concellos, Administración Autonómica, etc.).

246. Fomento do asociacionismo das persoas migrantes.

Abriremos unha liña de subvencións específicas para asociacionismo migrante co fin de fomentar a participación e o tecido asociativo das persoas estranxeiras en Galicia.

247. Creación dunha Secretaría Xeral de Cidadanía Migrante.

Comprometémonos á creación dunha “Secretaría Xeral de Cidadanía Migrante” (en substitución da actual “Secretaría Xeral de Emigración”) onde incluiremos todas as competencias en materia de inmigración agora na área de inclusión social. Desde esta nova Secretaría coordinaremos e desenvolveremos de forma integral as políticas integrais dirixidas a toda a poboación migrante: retornados, nova emigración galega no exterior, emigración histórica, inmigrantes e persoas refuxiadas e solicitantes de protección internacional, asilo e refuxio.

248. Reforzo das conexións coa cidadanía galega asentada no estranxeiro.

Potenciaremos e apoiaremos economicamente o Observatorio da Nova Emigración (ONDA) para detectar as necesidades da nova diáspora galega e estimular os lazos e conexións con Galicia desta cidadanía no exterior para impulsar proxectos de intercambio e colaboración transnacional.

249. Incremento da presenza da Lingua e Cultura galegas nas universidades estranxeiras.

Reforzaremos o número de lectorados de “Lingua e Cultura Galegas” en universidades estranxeiras con presenza de comunidades migrantes galegas (da histórica vaga migratoria e da nova diáspora galega) e dotalos de orzamento para fomentar a difusión da lingua e cultura no exterior.

250. Impulso aos vínculos afectivos e culturais da infancia no exterior con Galicia.

Prestaremos especial atención á infancia no exterior co obxectivo de que manteñan os vínculos culturais e afectivos coa nosa terra. Apoiaremos iniciativas, no estranxeiro, que favorezan proxectos educativos nos que se inclúan a lingua e cultura galegas. Ademais, promoveremos un programa de estancias educativas de nenas e nenos galegos que residen no exterior en centros educativos públicos próximos ao lugar de residencia da súa familia directa.

251. Facilidades para o retorno.

Realizaremos un novo Plan de Retorno baseado nun proceso participativo coas entidades organizadas no exterior, detectando novas necesidades e deseñando políticas de retorno que sexan acadas á nova realidade migratoria. Facilitarémolles ás persoas que retornan o acceso a vivenda de protección oficial, pisos tutelados e axudas para o alugueiro ou adquisición da primeira vivenda. As xestións administrativas centralizaranse na Oficina de Retorno e o traballo realizarase en estreita colaboración coas asociacións e federacións de emigrantes e persoas retornadas.

252. Galicia terra de acollida.

Recuperaremos o investimento en políticas de acollida de migrantes, colaborando con iniciativas municipais como as UAMI (Unidades de Atención ás Migracións) e con entidades de iniciativa cidadá, garantindo que ningunha persoa sexa excluída por razóns de orixe.

Unha Galicia solidaria.

Entendemos que os gobernos, calquera que sexa o seu ámbito de actuación, son responsables dos efectos que as súas

políticas teñen sobre a cidadanía que representan así como sobre outros territorios e a propia sostibilidade do planeta. É preciso, tal e como demanda a Axenda 2030, que desde a Xunta de Galicia impulsemos mecanismos específicos que garantan que o conxunto das nosas políticas sexan coherentes cun desenvolvemento humano sostible.

Así, apostamos por un país solidario e cooperante, un país de acollida que defenda un concepto de cidadanía global sen que iso supoña renunciar á nosa identidade como pobo. A Administración galega, en consonancia e representación do sentir da meirande parte da súa cidadanía, debe ser un axente de cooperación transformador e basear as súas actuacións no desenvolvemento sustentable, no enfoque feminista e na defensa dos dereitos humanos, apoiando ás organizacións representativas do sector que pretenden levar a solidariedade galega a outras partes do mundo.

253. Nova Lei de Cooperación ao Desenvolvemento.

Impulsaremos unha nova lei que substitúa á Lei 3/2003 de Cooperación ao Desenvolvemento. O marco normativo galego debe actualizarse á nova axenda internacional de desenvolvemento e adaptarse ás especificidades coas que se traballa no ámbito de cooperación: execución de proxectos fóra de

Galicia por organizacións non lucrativas, en períodos plurianuais de gasto e en contornos de traballo que esixen flexibilidade e orientación aos resultados.

254. Fortalecer o sector da cooperación en Galicia.

- Incrementaremos a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) ata chegar a 0,5% do orzamento consolidado en materia de cooperación ao desenvolvemento, sempre co horizonte do compromiso do 0,7%. Comprometémonos a recuperar tamén a Dirección Xeral de Cooperación Exterior.
- Fortaleceremos os convenios de colaboración coas plataformas e organizacións representativas do sector para construír xuntos o futuro da Cooperación Galega xunto co resto dos actores políticos e sociais e as universidades públicas galegas para chegar a establecer a política galega de cooperación que queremos.
- Realizaremos unha avaliación dos resultados da convocatoria de Fortalecemento de ONGDs con carácter previo á súa reformulación e, chegado o caso, ampliaremos a dotación financeira.

255. Transparencia e mellora dos instrumentos da Acción Humanitaria.

Comprometémonos a garantir que os instrumentos que canalizan as axudas da Cooperación Galega sexan transparentes, en concorrencia competitiva, previsibles, se publiquen anualmente e teñan os máximos índices de execución. Tamén a que se simplifiquen as condicións de execución e tramitación para facelos máis eficientes. Asemade, seguiremos mellorando os instrumentos da Acción Humanitaria e garantimos que polo menos o 10% da AOD da Xunta de Galicia se destinará a actuacións neste eido.

256. Plan de acollida para as persoas refuxiadas (e solicitantes de protección internacional, asilo e refuxio) e menores migrantes.

Elaboraremos un Plan de acollida a persoas refuxiadas que facilite o seu aloxamento e inclúa programas de formación e emprego. Neste plan incorporaremos especificamente o acollemento de persoas que foxen pola súa orientación ou identidade sexual e de atencións aos/as menores migrantes non acompañados que inclúa a transición á vida adulta dos e das menores tutelados/as pola Xunta de Galicia.

257. Defender a quen defende.

Temos un compromiso firme na defensa dos Dereitos Humanos e o adquirimos tamén na defensa de tódalas persoas que os defenden. Ademais da incorporación do enfoque baseado en dereitos humanos na Cooperación Galega é necesario poñer en marcha un programa propio de apoio ás e aos defensores dos dereitos humanos semellante ao que xa existe noutros territorios do Estado para poder acoller temporalmente no noso país a persoas vinculadas a organizacións sociais que pola súa actividade en defensa dos dereitos humanos sofren risco de persecución ou ameazas.

258. Seguindo o Plan de Cooperación Galega:

- Impulsaremos a participación directa da administración autonómica en programas estratéxicos de cooperación nos países identificados como prioritarios, converténdonos nun axente máis de cooperación activo e transparente.
- Elaboraremos un Plan Director que primará a participación dos axentes sociais, de institucións como as universidades galegas e dos concellos agrupados no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O Consello Galego de Cooperación será reformado para que a representación da Xunta de Galicia non supere o 40% dos seus membros.

- Aseguraremos que os traballos e estudos de carácter técnico que se encarguen sexan adxudicados mediante procedementos que garantan a publicidade, transparencia e libre concorrencia.
- Potenciaremos campañas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que promoven a construción dunha cidadanía comprometida e crítica para fomentar a participación real e efectiva da sociedade. Estas actuacións terán unha orientación estratéxica e unha dotación orzamentaria dun 15% da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) da Xunta de Galicia. Para isto implicaremos de forma directa aos departamentos autonómicos con responsabilidades en áreas como Educación, Mocidade, Benestar Social e Igualdade.
- No marco do Sistema Universitario Galego promoveremos a creación dun mestrado no ámbito de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria.

259. Implicar á sociedade, ás administracións e aos medios públicos.

- Promoveremos a participación da sociedade civil neste compromiso solidario: mellorando a funcionalidade do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento; creando un órgano específico de participación e rendición de contas ligado á aplicación da Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e poñendo en marcha unha Mesa de Dereitos Humanos no Parlamento de Galicia.
- Buscaremos tamén fomentar a participación dos municipios e deputacións galegas na política pública de cooperación ao desenvolvemento e promover o fortalecemento das súas capacidades neste eido.
- Impulsaremos, asemade, a redacción dun código ético dirixido aos medios de comunicación, especialmente os medios públicos, encamiñado a combater os estereotipos e prexuízos sobre as persoas migrantes.

Máis autogoberno galego.

PODEMOS Galicia - Alianza Verde reconece o carácter nacional de Galicia e o dereito da cidadanía galega a decidir libremente o seu futuro despregando toda a potencialidade do autogoberno, na xestión dos seus recursos propios e na relación cos outros pobos.

Queremos que este dereito a decidir se exerza para construír, sobre bases de estrita igualdade, un marco de convivencia entre os diferentes pobos peninsulares. O noso país é un suxeito político que debe ter ferramentas que lle permitan exercer o seu autogoberno, garantir os elementos que o configuran como nación e defender o benestar das galegas e galegos e de quen vive en Galicia. Ferramentas que fagan valer os intereses de Galicia e da súa cidadanía no plano estatal, europeo e internacional, garantindo a participación das institucións galegas en todos os niveis.

Galicia debe situarse nun plano de igualdade coas outras comunidades recoñecidas constitucionalmente como 'nacionalidades', e facer valer a súa condición nacional ante a posible modificación do modelo territorial do Estado. Apostamos por construír un marco xurídico-político máis avanzado, que asuma de maneira consecuente o seu carácter plurinacional e facilite o desenvolvemento do noso autogoberno.

260. Decidir o noso autogoberno.

Propoñemos o establecemento dun novo marco de relacións bilaterais entre o goberno galego e estatal asegurando que a Comisión bilateral Galicia-Estado se transforme nun órgano político do máis alto nivel de diálogo que permita a adopción de acordos mediante o consenso entre ambos gobernos. Propoñemos que se sometan á revisión desta Comisión as propostas normativas e orzamentarias do Goberno do Estado que atinxan ao ámbito galego de competencias.

261. Reforma do Sistema de Financiamento autonómico.

O control dos recursos tributarios xerados nun territorio é clave para promover un modelo de desenvolvemento propio. Galicia non pode renunciar a un novo sistema de financiamento se pretendemos construír un proxecto que proporcione solucións ás necesidades demandadas pola sociedade galega.

- Desde o Goberno galego esixiremos unha maior autonomía financeira e plena capacidade normativa, de xestión e corresponsabilidade fiscal sobre os impostos que soportan os suxeitos pasivos do noso país. Neste sistema incluiremos competencias para regular o financiamento suficiente das entidades locais.
- Habilitaremos mecanismos de reequilibrio territorial e unha maior simplificación dos fondos de solidariedade existente,
- Revisión do Fondo de Compensación Interterritorial que promova unha converxencia real entre as diferentes comunidades autónomas.
- Deseñaremos, ao fío, unha nova fórmula de cálculo das necesidades de gasto para Galicia.

No marco da negociación co Estado e co resto das Comunidades Autónomas (CC.AA.), defenderemos un novo modelo de financiamento que lle asegure a Galicia os recursos necesarios para garantir os servizos públicos de calidade, cubrir as súas necesidades sociais e desenvolver as políticas necesarias no ámbito económico e social. Procuramos un novo modelo de financiamento coas seguintes características:

- Suficiencia do sistema. Defenderemos o incremento dos fondos no conxunto do sistema para que permita, cando menos, recuperar o nivel de ingresos/gastos previos á crise de 2008 e ás políticas de austeridade e recortes.
- Reequilibrio territorial. Reforzando os fondos e actuacións para impulsar un maior desenvolvemento dos territorios con menor nivel de renda, cumprindo o principio constitucional establecido no artigo 138 da Constitución Española.

- Soberanía fiscal, que nos permita incrementar os nosos ingresos actuando sobre as actuais figuras tributarias ou creando outras novas adaptadas aos cambios económicos que se teñen dado nos últimos anos.
- Combater o dumping fiscal entre os territorios. Esixiremos o establecemento duns mínimos -especialmente sobre os impostos que gravan a riqueza- que impidan que os territorios con máis recursos inicien unha estratexia de devaluación fiscal competitiva que acaba trasladándose a todo o Estado.
- Reforzar a cohesión territorial e a solidariedade do sistema. Promoveremos a recuperación do principio da nivelación completa nas necesidades de gasto das CC.AA. e non só os que se definen como servizos básicos (sanidade, ensino, política social).
- Reclamaremos que o novo Sistema de Financiamento se basee sobre unha estimación precisa e veraz do custo real da prestación dos servizos públicos e as necesidades de cada territorio, utilizando as variables de axuste do gasto por habitante, e dándolle o peso real que ten, tanto á dispersión como á demografía en sentido amplo.
- Proporemos a modificación do método e o procedemento de estimación dos ingresos e dos anticipos a conta dos mesmos para adecuar os recursos dispoñibles a realidade da recadación, establecendo mecanismos que permitan adaptar os anticipos á evolución real dos ingresos no propio exercicio.
- Esixiremos o establecemento dun mecanismo automático das entregas a conta.
- Avogaremos porque o novo Sistema potencie a autonomía financeira das Comunidades Autónomas, dándolles unha maior capacidade e polo tanto tamén máis responsabilidade na xestión dos seus propio ingresos, avanzando desde o modelo actual de impostos compartidos (IRPF, IVE e especiais, fundamentalmente) cara outro no que as CC.AA. asuman a recadación completa dalgunha das figuras tributarias (IVE, por exemplo) separando así as responsabilidades de cada nivel de administración.

- Abordaremos, no marco da negociación deste novo modelo, mecanismos para aliviar a carga da débeda pública e facelo de forma xusta entre os diferentes territorios para evitar solucións desiguais ás débedas derivadas da aplicación dos instrumentos de liquidez extraordinarios.
- Realizaremos unha revisión profunda do Fondo de Compensación Territorial (FCT) nunha dobre dirección: o incremento sensible da contía global do FCT e a redefinición dos criterios de reparto para que Galicia volva a ter a participación que tivo historicamente e dar cumprimento ao principio de equilibrio territorial establecido no artigo 138 da Constitución Española.
- Por último tamén realizaremos as xestións oportunas para, mediante un modelo negociado, recuperar os ingresos pendentes a Galicia derivados da liquidación do IVE pendente de ingresar logo da reforma do ministro Montoro.

262. Maiores competencias sobre o noso territorio.

Solicitaremos que as institucións galegas teñan:

- A competencia para aprobar e autorizar a instalación de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran por Galicia; así como a asunción das funcións administrativas de autorización, supervisión e control que desempeña o Estado no que ten que ver coas refinarias e almacéns de hidrocarburos radicados no noso país.
- Reclamaremos tamén as competencias en materia de liñas de transporte de enerxía eléctrica que discorran polo noso territorio, así como a aprobación de tódolos proxectos de centrais eléctricas que se sitúen no país.
- Tamén reivindicaremos a transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á execución de obras hidráulicas de interese xeral.

263. Transferencias en materia de convivencia e seguranza.

Desde o Goberno galego, PODEMOS Galicia - Alianza Verde reclamará as competencias relacionadas co tráfico e coa seguranza viaria coa consecuente dotación de cadro de persoal suficiente. Alén das funcións de vixilancia e prevención que asumirá a policía galega, este proceso debe completarse co traspaso de tódolos servizos estatais relativos á documentación e á matriculación de vehículos, á sinalización, á realización de exames, á autorización e expedición de licenzas, recursos e sancións administrativas, ou ás taxas. Tamén queremos xestionar de xeito autónomo a regulación sobre seguranza privada, de tal maneira que se realicen desde Galicia as funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas do sector. As institucións galegas reclamarán, ademais, as funcións de inspección das embarcacións marítimas e de seguranza marítima, así como as relativas aos portos de interese xeral do Estado en Galicia e á loita contra a contaminación mariña, a transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre e o traspaso dos medios da Demarcación de Costas.

264. Estado en Galicia ao Goberno galego

- Completar os traspasos de competencias a Galicia. Solicitaremos a reactivación da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para impulsar os traspasos doutras competencias aínda pendentes á Xunta de Galicia.
- Son tamén especialmente importantes as competencias vinculadas ao traballo porque queremos que o Goberno galego desenvolva a súa capacidade de execución en materia laboral e participe na decisión e implementación das competencias estatais en materia de emprego. Neste sentido, demandamos a transferencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Esixiremos o exercicio efectivo das competencias propias en materia de políticas activas de emprego e, por tanto, a xestión das políticas formativas do ámbito laboral e os recursos do Fondo Social Europeo.

- Traspaso da xestión do servizo de Correos e Telecomunicacións.
- Traspaso das competencias en materia de catastro.
- Traspaso da ordenación da industria e o comercio.
- Traspaso de tódolos centros educativos ou formativos situados en Galicia que aínda. dependen da Administración central.
- Traspaso de competencias ferroviarias do servizo de cercanías e liñas interiores.
- Traspaso das referidas á sanidade penitenciaria.

Galicia e as relacións con outros países.

Galicia é un país atlántico situado no sur de Europa, ponte entre a hispanofonía e a lusofonía, cunha importante comunidade emigrada tanto no vello continente como en América. Todas estas particularidades implican a necesidade de que o Goberno galego desenvolva unha acción exterior que nos sitúe no mundo. Unhas políticas públicas que superen as debilidades actuais, que aproveiten as oportunidades derivadas da nosa situación privilegiada, e que ofrezca unha planificación estratéxica a medio-longo prazo. Nun mundo cada vez máis complexo cómpre simultanear accións políticas, económicas, culturais ou sociais que aproveiten as nosas potencialidades, sobre todo as relacionadas coa nosa pertenza á Unión Europea, na eurrrexión Galicia-Norte de Portugal.

265. Avanzar na presenza internacional galega.

Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde desenvolveremos tódalas potencialidades que recolle o propio Estatuto de Autonomía, nomeadamente o artigo 35.3, e difundiremos a realidade e especificidade galegas no mundo, proxectando a personalidade internacional de Galicia mediante o pleno desenvolvemento das competencias. Conforme ao principio de

subsidiaridade, Galicia poderá asinar convenios ou acordos con outras entidades (estatais ou subestatais) en materias da súa competencia. Nomeadamente, terá a capacidade específica de formalizar acordos transfronteirizos no marco da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

266. Galicia na Unión Europea.

Pularemos polo establecemento de canles efectivas para a participación de Galicia nos asuntos europeos co fin de salvagardar as súas competencias, con voz e voto nos comités, institucións ou órganos no que estea representada, para a defensa dos sectores estratéxicos galegos, especialmente o agrogandeiro e o pesqueiro.

267. Transformaremos a Fundación Galicia Europa para convertila nunha verdadeira oficina permanente de representación institucional e defensa dos intereses galegos perante as institucións europeas, integrándoa na estrutura administrativa da Xunta e Galicia e dotándoa dos recursos e o persoal técnico necesarios.

268. Potenciación da Eurorrexión.

O eixo Galicia-Norte de Portugal resulta unha prioridade da política exterior galega en tódolos ámbitos. A eurorrexión debe actuar como un organismo real de diálogo entre os gobernos galego e portugués, e por iso traballaremos en contidos concretos que potencien esta colaboración institucional.

- Impulsaremos o desenvolvemento do Eixo Atlántico, reforzándoo con novas comisións sectoriais en materias de transporte e infraestruturas ou cultura, e incorporando, máis alá das administracións locais, ás distintas universidades e axentes sociais. Paliaremos a desatención estatal nas comunicacións co país veciño, en particular por ferrocarril (liña Vigo-Porto).

- Inclusión na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa. Impulsaremos decididamente a solicitude de admisión de Galicia como membro na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) co fin de aproveitar os vínculos do noso país coa contorna lusófona.
- Creación de infraestruturas de carácter permanente. O Goberno galego de PODEMOS Galicia - Alianza Verde creará as ferramentas permanentes necesarias para promover unha estratexia integral de acción exterior.

269. Impulsaremos unha Lei de coordinación que aglutine toda a acción exterior do Goberno galego e estableza infraestruturas de carácter permanente no estranxeiro.

270. Compromiso por unha maior promoción exterior das institucións culturais galegas.

Para que unha cultura goce de boa saúde, é preciso alimentarmos o seu coñecemento e contactos no exterior. Incentivaremos as relacións das institucións culturais galegas coas súas homólogas, con especial atención ás dos nosos contextos culturais e lingüísticos mais próximos, como é o caso de Portugal. Apoiaremos a programación conxunta e os intercambios no ámbito artístico, tanto de institucións autonómicas como de xestión municipal (CGAC, MARCO, Auditorio de Galicia, etc).

271. Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde lamentamos profundamente e rexeitamos de contundentemente todos os asasinatos de persoas civís tanto palestinas como israelís.

A agresión indiscriminada de Hamas contra a poboación civil no sur de Israel e a resposta desproporcionada que o Estado de Israel está facendo contra a poboación civil en Gazatí son inadmisibles. Romperemos toda relación que teña a Xunta de Galicia e o goberno Israelí ata que cesen os ataques contra

a poboación civil e se realice un proceso de paz baseado na verdade, xustiza e reparación para as familias das vítimas.

O galego: nosa lingua.

En galego estamos no mundo. A lingua propia do país é a nosa maior obra colectiva e por iso debemos darlle unha atención preferente. Un idioma que permite a comunicación máis próxima e que tamén é unha xanela que abre camiños globais e favorece especialmente unha relación fluída cos países lusófonos. Promoveremos o uso transversal do galego en tódolos ámbitos a través dunha galeguización íntegra da Administración pública galega, tanto nas actividades internas como externas. Actualizaremos as ferramentas dispoñibles, así como o discurso lingüístico, para adaptármonos á situación actual e co obxectivo de apostar polo galego como lingua de cohesión social.

272. Redacción dun novo Plan Director de Lingua.

Derrogaremos o decreto do plurilingüismo para elaborar de forma consensuada unha nova normativa de promoción do idioma galego que teña como punto de partida o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) de 2004, xa que non se aplicou consecuentemente malia ser aprobado por unanimidade no Parlamento hai máis de quince anos. Consideramos este plan como un punto de partida de consenso, mais é necesario superalo, redactando un novo Plan Director no que estean implicados tódolos axentes relacionados co traballo do noso idioma.

Apostaremos por unha coordinación estreita entre o departamento do Goberno galego responsable da Política Lingüística e os concellos de Galicia, para articular un espazo de colaboración institucional que teña como obxectivo a implementación de plans directores locais, cartas de dereitos e accións coordinadas en colaboración cos diferentes sectores da sociedade.

273. O galego, protagonista no contorno mediático.

Entre outras accións, converteremos a Radio Galega Música nunha emisora de música galega e lusófona que divulgue música moderna de tódolos países do noso ámbito cultural. Cumpriremos a normativa vixente en materia de protección da lingua, xa que en moitas ocasións, pese a existir normativas que impoñen obrigas de servizo público a operadores privados, estas non se fan efectivas. Como exemplo, o Decreto da Xunta 102/2012 do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia dispón no seu artigo 10.j) a seguinte obriga aos titulares de licenzas de radiodifusión: «Empregar a lingua galega nas súas emisións, de forma que o 50%, como mínimo, do tempo de programación sexa en lingua galega. O uso do galego débese distribuír equitativamente en tódalas franxas horarias. Non obstante, para as emisoras que actualmente formen parte das cadeas de ámbito estatal, aplicárase a porcentaxe arriba sinalada nas conexións que se realicen dentro da Comunidade Autónoma de Galicia».

274. Transversalidade da Política Lingüística.

O organismo administrativo encargado da política lingüística debe ter consideración equivalente a unha Consellería e funcionará en colaboración directa coa Presidencia da Xunta. O seu principal cometido será traballar a prol da extensión social da lingua de maneira transversal e co apoio dunha comisión de persoas expertas e axentes sociais implicados. O seu cometido será dobre; por un lado, garantir o desenvolvemento pleno dos dereitos lingüísticos das persoas usuarias, o dereito a vivir a totalidade da vida na propia lingua; polo outro, establecer toda clase de medidas de promoción, desenvolvemento e presenza da lingua nos diferentes ámbitos da vida social. A infancia e a súa posibilidade de socialización en lingua galega será obxecto de atención prioritaria, tamén mediante os plans de ensino máis adecuados para garantir o pleno coñecemento e uso do idioma. Especial atención merecerá o ámbito familiar, o da transmisión de pais e nais a fillos e fillas para o que estableceremos plans de incentivación, axudas e colaboración.

275. Galeguización efectiva da administración galega.

Dentro da Administración pública abriremos un proceso de restauración da presenza do galego en tódolos niveis e cumpriremos a legalidade, por parte do Goberno galego, en materia de uso da nosa lingua tanto nas comunicacións internas como no contacto coa cidadanía. Fomentaremos e premiaremos a formación dos empregados públicos en materia de lingua, que se converterá en requisito imprescindible para o ascenso e a promoción interna dentro da administración pública. O Plan director de lingua contemplará tamén medidas efectivas de galeguización da administración.

276. Desenvolvemento da Lei Paz Andrade.

- Propoñemos introducir o portugués no ensino medio creando as necesarias prazas de profesorado para impartilo.
- Ofertar lingua portuguesa en todas as Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Galicia.
- Estreitar a colaboración entre a TVG e a RTP con intercambios de audiovisuais e garantir a recepción recíproca en ambos países.
- Compraremos ou produciremos un programa de televisión para ensinar portugués adaptado á cidadanía galega, como complemento á realización das pertinentes xestións para a recepción do sinal das televisións portuguesas no territorio galego.
- Promoveremos que a acción exterior do goberno galego teña especial foco na lusofonía solicitando o acceso e incorporación nos organismos pertinentes.

Medios de información plurais, veraces e independentes.

Urxe mellorar a calidade do servizo da televisión e radio públicas de Galicia para garantir que cumpren o seu obxectivo de informar de xeito veraz e obxectivo á cidadanía. Os medios públicos teñen unha enorme responsabilidade cultural, lingüística, económica e pedagóxica polo que debemos garantir que a súa xestión sexa o máis democrática e transparente posible, afastada de calquera tentativa de control e inxerencia por parte dos poderes públicos. Debe modificarse, nun sentido democratizador e garantista, a Lei de Medios Audiovisuais de Galicia, pactada entre PP e PSOE.

Os medios públicos non están destinados exclusivamente a competir por un mercado de audiencia. O seu obxectivo e o seu compromiso é cos múltiples sectores potenciais de audiencias, aos que debe prestar servizo. Cómpre establecer ademais unha conexión real de colaboración e apoio entre todos medios públicos, nomeadamente entre as emisoras locais de radio e a Radio Galega.

Avanzaremos nunha normalización cultural e lingüística a través dos medios públicos. Así mesmo, a infancia debe ter unha atención preferente e con contidos especialmente coidados. Finalmente, a CRTVG debe consolidarse, como o motor do campo audiovisual galego, entendido como sector cultural aberto e participado por unha pluralidade de axentes e non como couto de negocios particulares e produtoras privadas.

Estableceremos un modelo nítido de financiamento para a CRTVG dirixido a garantir un servizo público, baseado na neutralidade, que fortaleza unha democracia de calidade a través dunha cidadanía ben informada e teña rendibilidade social. Defendemos, neste aspecto, as reivindicacións da “Plataforma Mira por Elas” e traballaremos para unha radio e televisión públicas galegas. Promoveremos que os profesionais da comunicación poidan dispoñer dunha formación universitaria de calidade, así como de autonomía e condicións laborais dignas, para impedir que a precariedade contribúa á desinformación da cidadanía.

277. Reverter o desmantelamento da CRTVG.

A CRTVG leva anos sendo obxecto dun desmantelamento feroz e dunhas intolerables inxerencias políticas. Así o acreditan a manipulación sistemática dos seus contidos informativos, a vulneración dos dereitos de folga e expresión ou a supresión das desconexións locais. Comprometémonos a reverter esta deriva adoptada pola Corporación establecendo as medidas que os profesionais do ente público levan tempo reclamando desde a plataforma “Defende a Galega”. Así:

- Velaremos polo cumprimento da Lei de Medios.
- Levaremos ao Parlamento á dirección xeral da CRTVG.
- Debateremos a conveniencia de mudar o actual modelo de elección da Dirección Xeral.
- Deteremos as políticas de desmantelamento da corporación pública.
- Desenvolveremos o Estatuto Profesional dos traballadores da CRTVG previsto na Lei de Medios Audiovisuais de Galicia 09/2011, aínda pendente despois de cinco anos, para, entre outras cousas, clarear o réxime laboral das traballadoras e traballadores da CRTVG.
- Defenderemos a posta en marcha inmediata dun Consello de Informativos conforme ao regulado na propia Lei de Medios, co obxecto de evitar que se produzan inxerencias políticas na elaboración dos contidos dos medios públicos.
- Apoiaremos a recuperación das delegacións territoriais de Pontevedra, Ferrol e A Mariña, así como do conxunto das desconexións locais suprimidas en 2018.
- Defenderemos que a cultura sexa un contido transversal na programación dos medios públicos.
- Elaboraremos un protocolo que garanta o adecuado tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos.

- Apoiaremos a creación dunha comisión interna na CRTVG, con representación das diferentes categorías laborais implicadas, para abordar as fórmulas que permitan evitar a perda de calidade da emisión derivada da deficiente posta en marcha da dixitalización na TVG.
- Defenderemos a inclusión de programas de análise informativa e de debate en horario de máxima audiencia, tanto na radio como na televisión.
- Defenderemos unha programación dirixida ao público infantil e á mocidade que sexa diversa e de calidade.
- Apoiaremos a recuperación da produción propia.

278. Transparencia nas licenzas: un espazo mediático plural e xusto.

A Lei Xeral da Comunicación Audiovisual debe garantir para Galicia a repartición equitativa das licenzas entre os distintos operadores públicos, privados comerciais e privados sen ánimo de lucro, de maneira que poidan dispor de radios e televisións de cobertura municipal, autonómica e estatal. Para iso:

- Solicitaremos da Administración Xeral do Estado as licenzas necesarias para facer cumprir a Lei no que se refire aos medios de comunicación comunitarios e garantiremos transitoriamente a continuidade da súa actividade de acordo ao disposto na Disposición Transitoria 14 da devandita Lei.
- Buscaremos un sistema de concesións equitativo, claro e simplificado entre os devanditos operadores cun sistema de concesións transparente e por períodos claramente determinados. Cada un dos operadores accederá ás licenzas a través de concursos diferenciados, sen taxas e simplificaremos os trámites de solicitude nos concursos do Terceiro Sector.
- Incentivaremos o pluralismo mediático implementando liñas de apoio a novos medios baixo criterios de ben común e sustentabilidade.

- Supervisaremos o cumprimento das condicións dos concursos nas licenzas adxudicadas.
- Regularemos a transparencia e control das axudas aos medios de comunicación e a contratación da publicidade institucional de acordo a criterios de ben común.
- Protección e promoción dos medios de comunicación comunitarios.

Os medios comunitarios son instrumentos de participación cidadá que deben ter asegurado un segmento do espazo radiofónico, garantindo o acceso a este ben público por parte da sociedade civil. As súas informacións e informadores/as deberán estar suxeitas ás mesmas obrigas que os medios tradicionais, e deberán gozar das mesmas proteccións xurídicas e de acceso ás fontes de información en igualdade de condicións, evitando a penalización das entidades privadas sen ánimo de lucro fronte ás comerciais.

279. Regularemos e fomentaremos o dereito de acceso da cidadanía aos medios públicos, tanto á CRTVG coma ás emisoras municipais.

Instaremos ao aproveitamento dos medios públicos que se atopen actualmente en desuso; en especial, os que se atopan baixo a xestión directa dos concellos, promovendo e garantindo a participación das entidades sen ánimo de lucro destas localidades na xestión dos devanditos medios e facilitando a súa utilización.

280. A participación, clave dun novo modelo de comunicación.

Crearemos un Foro Galego de Educación, Comunicación e Cidadanía, composto por asociacións da sociedade civil, medios públicos e do terceiro sector e persoas expertas, que defina os marcos necesarios para o desenvolvemento de políticas públicas neste ámbito.

Este foro promoverá un Plan de Alfabetización Mediática Dixital en contornos comunicativos formales -potenciando asignaturas específicas no sistema educativo galego- e informales-con dinamización cultural de base. O obxectivo é que a cidadanía galega se empodere no desenvolvemento das TIC ampliando a súa autonomía e a capacidade de autoxestión dixital.

281. Defensa da paridade e respecto ás diversidades sexuais e de xénero nos medios públicos.

Dado o peso que os medios teñen na educación da nosa sociedade e a súa influencia para formar e concienciar, mudar actitudes nas familias e dar a coñecer estratexias para abordar posibles problemas como igualdade, a loita contra as violencias machistas, a visibilización e tolerancia ás diversidades sexuais e identidades de xénero, etc. os medios públicos deben ser exemplo no trato respectuoso destas realidades. Fomentaremos un código de boas prácticas dos e das profesionais do xornalismo no tratamento desta información, nomeadamente no caso de colectividades discriminadas, facilitando a súa formación.

Apoiaremos as campañas divulgativas en defensa da participación equilibrada dos homes e das mulleres en tódalas esferas da vida (política, económica e social) e tamén nos medios de comunicación cun chamamento específico aos/as profesionais para que o seu traballo asuma e reflicta a igualdade entre sexos. É radicalmente impropio poñer o foco no corpo das mulleres, hipersexualizalas ou presentalas como vítimas ou suxeitos pasivos sen voz. Así mesmo, cómpre rematar coas diferenzas salariais e contractuais que manteñen ás xornalistas nunha posición laboral máis feble e precarizada que aos seus compañeiros. Igualdade que debe ser asumida tamén nas estruturas de dirección dos medios.

282. Modificaremos o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que se converterá nun organismo público e independente do Goberno e grupos políticos, económicos e empresariais.

Este órgano de control estará integrado por persoas procedentes de organizacións representativas da sociedade civil, colectivos sociais e profesionais. O Valedor do Pobo formará parte do Consello.

283. Solicitaremos da Consellería de Educación o deseño e elaboración dun Plan de Educación Mediática para a súa implementación curricular en tódolos ámbitos formativos.

Crearemos un banco de recursos on line onde se poidan consultar os recursos existentes e as mellores experiencias educomunicativas galegas. Incentivaremos a investigación sobre novos alfabetismos e a cultura mediática e dixital da cidadanía. Fomentaremos a creación e difusión de obras baixo licenzas libres “Creative Commons”.

284. Lei de Publicidade institucional transparente e igualitaria.

Impulsaremos unha lei para regular a publicidade institucional aplicando criterios de transparencia e respecto á igualdade e a diversidade para fomentar a pluralidade e a calidade informativa.

Entre outros, introduciremos nesta nova norma cláusulas sociais e a favor da igualdade (en base á porcentaxe de mulleres nos cadros de persoal, cumprimento da equiparación salarial entre homes e mulleres en igualdade de condicións, etc.); criterios transparentes, plurais e estritamente xornalísticos para o reparto da publicidade institucional con rendemento de contas e publicación dos custes, convenios e campañas realizados así como establecer topes máximos aos grandes grupos en busca favorecer o fomento do emprego (por exemplo primando aos medios que contraten xornalistas en paro, especialmente a menores de 30 anos e a mulleres de máis de 40, colectivos máis afectados polo desemprego no sector, etc). Estudaremos a inclusión doutras medidas complementarias como vantaxes fiscais para PEMEs, subscricións, cooperativas e outras.

285. Recoñecemento ao labor das/os profesionais.

Defenderemos institucionalmente as reclamacións da familia de Xosé Couso e daremos apoio ao premio de xornalismo que leva o seu nome, en defensa e memoria de todos os e as xornalistas que cumpren honestamente co seu oficio por riba de ameazas ou coaccións e que, desgraciadamente en demasiados casos, lles custan a vida.

As administracións ao servizo da xente.

286. Lei galega de Participación Democrática.

A cidadanía debe poder influír de xeito directo na actividade lexislativa do Parlamento de Galicia. PODEMOS Galicia - Alianza Verde avanzará na elaboración dunha Lei de participación que inclúa mecanismos de proposición e decisión, que rebaixe os límites nas iniciativas lexislativas populares e a capacidade de veto que ten o Parlamento sobre a súa toma en consideración, e que favoreza a convocatoria de referendos ou procesos participativos en cuestións estratéxicas ou especialmente relevantes. Esa lei tamén contemplará a mellora do Portal de Transparencia para facelo máis accesible á cidadanía.

- Orzamentos Participativos. Un mecanismo de democracia directa. Crearemos mecanismos de democracia directa para que as galegas e galegos poidan decidir en que se inviste unha porcentaxe do orzamento da Xunta. A experiencia doutros territorios internacionais, estatais e mesmo galegos dinos que a cidadanía pode exercer este dereito de xeito responsable co valor engadido de ter un elevado grao de coñecemento sobre o territorio e as súas necesidades.
- Comprometémonos a desenvolver mecanismos de democracia directa a través dunha plataforma dixital, e a levar os resultados destes procesos ao Parlamento dentro do proxecto orzamentario, sempre que sexan responsables, sustentables e viables.

287. Modificación da Lei Electoral de Galicia.

Galicia precisa dunha revisión integral da lei de 1985 que rexe os procesos electorais autonómicos para acadar unha lei electoral que garanta a igualdade de tódalas forzas políticas e de tódalas persoas á hora de exercer o seu dereito a participar nos comicios. Revisaremos a actual normativa en aspectos referentes á distribución territorial, á composición de xénero do Parlamento de Galicia, e instaremos ao Goberno do Estado a facilitar a participación dos milleiros de galegos e galegas que residen no exterior. PODEMOS Galicia - Alianza Verde creará unha comisión de traballo que estude as actualizacións necesarias para termos unha Lei Electoral adecuada ao contexto político e demográfico actual.

288. Control do gasto

Controlar o gasto público será un obxectivo central da acción do goberno de PODEMOS Galicia - Alianza Verde para poder aumentar os investimentos en actuacións de interese xeral.

- Suprimir duplicidades
- Apostar e confiar nos funcionarios públicos
- Limitar as asesorías a empresas externas
- Mellorar os procesos de compras

Ademáis impulsaremos as modificacións lexislativas necesarias para aforrar sen deteriorar a calidade dos servizos públicos. Os gastos en publicidade institucional, protocolo, dietas, altos cargos e persoal dos gabinetes serán revisados, para eliminar privilexios e dotar dunha maior eficiencia os recursos públicos. Estimamos que os aforros poden situarse arredor do 1% do orzamento global da Xunta de Galicia.

289. Transparencia na acción do goberno.

PODEMOS Galicia - Alianza Verde impulsará unha Lei que acoute o poder dos grupos de presión ou lobbies, coa que faremos transparentes as reunións e as conclusións dos encontros de altos cargos do Goberno galego con grandes empresas. Esta nova Lei terá tamén como fin evitar as chamadas “portas xiratorias”.

290. Observatorio autonómico independente para avaliar as políticas públicas.

Impulsaremos un Observatorio autonómico independente para avaliar as políticas públicas xa que esta diagnose, os seus resultados e o control do proceso de implantación, son elementos chave na formulación de novas propostas e tamén unha ferramenta de control democrático.

291. Reapertura da Comisión de investigación das Caixas Galegas.

Así mesmo, reactivaremos tamén no Parlamento de Galicia a Comisión de Investigación das Caixas Galegas con novas comparecencias e información para clarear os seus procesos de fusión, privatización e posterior venda. Nesa Comisión poremos a disposición dos e das deputados/as toda a documentación ocultada polo goberno do PP para coñecer a dimensión da posible fraude na fusión das caixas galegas e determinar as posibles responsabilidades políticas que dese proceso se puideran derivar.

292. Un Parlamento que vele polos dereitos humanos.

Crearemos no Parlamento Galego unha comisión que vele polo efectivo cumprimento dos dereitos humanos e da súa preservación no territorio galego. Nela escoitarase de xeito activo a aquelas entidades e colectivos que traballan sobre materias

vinculadas cos dereitos que máis directamente se relacionan coa dignidade das persoas.

293. Unha Valedoría do Pobo máis esixente.

A figura da Valedoría do Pobo non pode seguir dependendo unicamente da vontade política, debe cingirse á función para a que se nomea. Modificaremos o proceso de escolla desa figura, sinalando como un dos requisitos principais a experiencia e o compromiso na defensa e ampliación dos dereitos e liberdades. Contará ademais, este órgano, cunha valedoría específica de igualdade, que supervisará de oficio e a demanda calquera tipo de atentado aos dereitos humanos e aos dereitos das mulleres.

294. Linguaxe de signos nas comunicacións oficiais.

Se unha institución pública debe gobernar e xestionar para todas e todos tamén debe ter en conta as distintas diversidades. Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde cremos necesario o recoñecemento das linguas de signos, tanto galega como castelá, como vehículos de comunicación administrativa ao entendelas como linguas con carácter co-oficial en Galicia.

295. As leis sobre accesibilidade non son de segunda categoría. Velaremos polo cumprimento da Lei de Accesibilidade Universal e a consecuente eliminación de barreiras arquitectónicas.

Fomentaremos tamén un modelo de transporte público que garanta o acceso físico da poboación aos distintos servizos dunha forma digna.

3. Economía e futuro

Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde consideramos que é necesario refacer os orzamentos da Xunta de Galicia para esta lexislatura, incrementando considerablemente a inversión, redefinindo as políticas de apoio aos sectores produtivos, e reorientándoos por completo para poñelos ao servizo dunha estratexia de reactivación económica do país, onde se sitúe o emprego como principal prioridade.

Impulsaremos a transformación da nosa economía cara modelos máis sustentables e solidarios, máis respectuosos co noso medio ambiente e coas persoas que o habitamos e, ao mesmo tempo, máis intensivos en coñecemento, de maior valor engadido, xeradores de postos de traballo de maior cualificación, mellor remunerados e con maiores perspectivas de futuro.

Unha transformación cara unha economía máis verde e máis solidaria, apostando polo desenvolvemento das nosas potencialidades e na que o sistema fiscal xogue un papel clave na redistribución da renda, para reducir as insoportables diferenzas actuais.

O emprego como prioridade

A recuperación económica ten que empezar polo emprego. As políticas de emprego deben ser a principal prioridade do novo Goberno da Xunta de Galicia. É necesaria vontade política para desenvolver estratexias que melloren a empregabilidade sen deixar a ninguén atrás. Precisamos un novo modelo económico

que poña as persoas no centro e precisamos con urxencia ferramentas útiles que faciliten, desde a formación e o acompañamento, o acceso dos e das galegas a un posto de traballo digno, que lle permita vivir con autonomía calquera que sexa a súa situación de partida. Non se pode traballar para “sobrevivir” senón para vivir con dignidade. Hai que acabar cos traballadores empobrecidos (350.000 en Galicia) que tras xornadas laborais completas teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes.

296. Plan especial de emprego de Galicia.

Elaboraremos unha Lei de Emprego de Galicia, na que se estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego, definindo o sistema de emprego de Galicia e a súa carta de servizos. Poremos en marcha un Plan Especial de Emprego, de carácter plurianual, co obxectivo de incrementar as taxas de actividade en Galicia, sensiblemente inferiores á media do Estado, e reducir as taxas de desemprego.

Negociaremos co Goberno do Estado unha dotación especial para este Plan, que se completará con recursos propios da Xunta de Galicia.

Este Plan será negociado cos axentes económicos e sociais, abordará as problemáticas laborais vinculadas á dixitalización da economía, á transición cara unha economía de baixas emisión, a reformulación das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia, a reforma do Servizo Público de Emprego, e incluírá medidas específicas destinadas a favorecer o emprego da mocidade, as mulleres, persoas trans, maiores e paradas de longa duración.

Diálogo e concertación cos organismos e axentes económicos.

O Plan Especial de Emprego de Galicia ten que ser o resultado dun amplo acordo con todos os axentes económicos e sociais, para o que é fundamental o fortalecemento do Consello Económico e Social (CES) e do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL).

Tamén no marco da concertación, impulsaremos acordos para a regulación do teletraballo, incluíndo os medios e custes de produción, e para a racionalización dos horarios laborais, que permitan unha mellor conciliación da vida laboral e persoal.

297. Recuperación dos dereitos laborais no sector público.

É fundamental instar ao Estado á flexibilización da taxa de reposición, de xeito que se recuperen as dotacións de persoal necesarias para uns servizos públicos de calidade (comezando pola Sanidade, Educación e os Servizos Sociais pero tamén en toda a función pública no seu conxunto) e acompañar esa recuperación do emprego público coa dos dereitos laborais dos seus/súas traballadores e traballadoras. Con este obxectivo cómpre, ademais, establecer as seguintes medidas:

- Garantir a recuperación do poder adquisitivo e dos dereitos laborais directamente relacionados coa conciliación da vida familiar, como o réxime de permisos, vacacións e dereitos de xubilación.
- Afondar no cumprimento no sector público dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade de libre concorrência. Garantía da participación nos tribunais de representantes das organizacións sindicais e representantes de persoal para unha mellor transparencia dos procesos selectivos e todo o seu desenvolvemento.
- Ningunha persoa con cargo electo ou empregado público debe de ter máis dunha retribución de calquera ente do sector público, salvo as que sexan prestación por recoñecemento de pensión da Seguridade Social compatible.

298. Servizos de emprego públicos e eficaces.

Potenciaremos os Servizos Públicos de Emprego fronte ao modelo das empresas de traballo temporal e as axencias de colocación privadas con ánimo de lucro. Reconfiguraremos por completo o actual Servizo Público de Emprego de Galicia,

a súa natureza, misións e funcións de xeito que se configure como un organismo autónomo, reforzando o seu carácter de servizo público e dotando o mesmo de máis recursos humanos e materiais coa fin de garantir programas públicos que faciliten ou favorezan a inserción laboral, é dicir, itinerarios integrais de orientación, formación e emprego.

299. Promoveremos a modernización dos servizos públicos de emprego co obxectivo dunha mellor calidade na prestación dos servizos e estableceremos a obriga de que tódalas empresas que obteñan subvencións e axudas públicas teñan que contratar obrigatoriamente a través dos Servizos Públicos de Emprego.

300. Cómpre reformular os sistemas de atención e apoio ás persoas desempregadas para garantir unha atención coordinada por parte dos axentes do territorio no que as persoas, e os seus talentos e capacidades, sexan o centro do modelo.

Co novo modelo dos Servizos Públicos de Emprego buscamos que a súa actuación de subvencionador pasivo bascule cara á orientación, á formación e á intermediación no mercado de traballo, convertendo os itinerarios de inserción personalizados (seguimentos integrais de orientación, formación e emprego) na ferramenta fundamental da súa actuación.

301. Plans de emprego municipais e comarcais.

Dotación de competencias e financiamento para promover o desenvolvemento de plans de emprego municipais que se complementen e coordinen cos recursos e servizos dispostos a outros niveis. Estes plans deberán adaptar as súas actuacións ás singularidades económicas, laborais e sociais de cada zona, atendendo ás demandas e potencialidades reais do tecido empresarial local e vinculando aos axentes sociais que operan en cada territorio.

302. Territorializaremos as políticas de emprego, isto é, definir as políticas activas sobre unha base territorial comarcal, que teña en conta a realidade económica e laboral das diferentes áreas xeográficas do país, e que vinculen tanto á administración local coma aos axentes sociais de cada un deles.

303. Plans de emprego inclusivo.

Realizaremos programas de contratación pública e a empresas que prestan servizos ao sector público de persoas pertencentes a colectivos vulnerables e persoas en situación de risco de exclusión para traballos socialmente necesarios. Este plan terá unha liña de acción específica de financiamento a entidades locais para o desenvolvemento destas actuacións, dado que son as administracións encargadas de ofrecer a maior parte de servizos básicos á poboación e as máis próximas á cidadanía e onde se perciben, por tanto, de maneira real e directa as necesidades sociais existentes.

304. Redefiniremos os protocolos de atención á persoas desempregadas nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia e organismos colaboradores para garantir unha atención unificada e sen derivacións innecesarias para as persoas coa adopción, entre outras, das seguintes medidas:

- Reactivación e mellora da rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local de Galicia así como da rede de Orientadores/as laborais.
- Creación dun mapa único e claro para as persoas usuarias de recursos para o emprego, máis aberto, transparente e fácil de comprender e usar.
- Redefinición dos programas de formación para o emprego que incorporen a demanda e necesidades do mundo empresarial nos mesmos pero prestando especial atención ás PEMEs, ás Iniciativas Locais de Emprego Social (ILES), ás empresas innovadoras e/ou baseadas na economía social.

- Redefinición do programa de Obradoiros de Emprego garantindo períodos de contratación suficientes para a formación das persoas alumnas-traballadoras.
- Redefinición dos programas de cooperación garantindo períodos de contratación suficientes para a formación en prácticas das persoas participantes.

305.Modificar radicalmente os incentivos á contratación con recursos públicos que se teñen demostrado ineficaces, inxustos e desvalidadores, concentrando os fondos en colectivos moi específicos, ou ben dirixindo estes fondos a outras políticas activas.

306.Obrigatoriedade de dar a coñecer ao Servizo Público de Galicia as demandas de emprego, con independencia de que se publiciten por outros medios (publicidade, prensa, portais de emprego, etc.).

307. Inclusión Laboral de Persoas atendendo ás Diversidades Funcionais.

Para poñer freo á especial incidencia da pobreza sobre as persoas con discapacidades e, en consecuencia, á súa integración social plena promoveremos un programa específico de Inclusión Laboral de Persoas con Diversidade Funcional que permita aumentar nun 50% a súa taxa de actividade ao longo dos catro anos da lexislatura. Para isto, proporemos un novo marco legal de inclusión laboral de persoas con diversidade funcional que transcenda o vixente e se centre na atención individualizada ao longo do proceso de inserción laboral, a promoción da formación, o apoio individualizado, a activación de novas formas innovadoras de acceso e inclusión laboral, e a potenciación da discriminación positiva cara ás persoas con diversidade funcional con maior necesidade de apoio ou en situación de exclusión social. Teremos en conta tamén a perspectiva de xénero.

Aplicaremos, ademais, outras accións específicas como a de vixiar de forma efectiva a reserva de prazas para persoas con discapacidade e prohibir ás administracións contratar ou prestar calquera tipo de axuda ou subvención pública ás empresas que non cumpran a cota legal de reserva de emprego para persoas atendendo ao criterio da diversidade funcional. Asemade implantaremos sistemas de accesibilidade á información.

308. Recuperación de plans integrais de emprego.

Estableceremos programas para subvencionar formacións cualificantes a persoas de colectivos específicos para incorporarse a sectores estratéxicos, financiando tamén a súa incorporación a empresas cos que se asinen compromisos de contratación. Deste xeito garántese unha formación eficaz e unha incorporación real fomentando, ao mesmo tempo, o mantemento de sectores estratéxicos do país.

309. Plan de traballo garantido.

Creación directa de postos de traballo en actividades que se determinen socialmente útiles e onde non haxa oferta ou esta non sexa suficiente por parte dos sectores público e privado.

Nunha primeira fase poñeremos en marcha un proxecto piloto seleccionando varias comarcas con especiais carencias de desenvolvemento socioeconómico e servizos públicos, dirixindo as contratacións aos colectivos de persoas máis vulnerables. En función dos resultados obtidos durante esta primeira etapa estudarase a viabilidade e potencialidade de realizar ampliacións a outros territorios e colectivos, de maneira graduada, para a progresiva consolidación do proxecto. A participación neste programa será totalmente voluntaria por parte das persoas beneficiarias, sen excepcións.

O financiamento corresponderá á Xunta de Galicia en colaboración co Estado, pero a identificación concreta das actividades a realizar é competencia dos concellos en colaboración coa sociedade civil e os axentes sociais a través de mecanismos transparentes de participación cidadá.

Os ámbitos de actividade a cubrir serían:

- Servizos sociais: coidado de persoas adultas dependentes, coidado de nenos e nenas, coidado de doentes, apoio académico a estudantes, seguridade pública, acubillo a persoas sen fogar, provisión de alimentos a persoas necesitadas, formación profesional, xestión e administración dos plans de emprego, entre outros.
- Coidado do medio ambiente: protección e reforestación dos bosques, proxectos ecolóxicos de sementa e rega, retirada de residuos, servizos de reutilización, servizos de reparación, servizos de reciclaxe, coidado dos espazos verdes e coidado das praias.
- Servizos culturais, deportivos e recreativos: promoción do patrimonio (información e excursións para visitantes), mantemento e renovación dos complexos deportivos, representacións artísticas (teatro, música, etc.) e competicións deportivas.
- Construción, habilitación e mantemento de infraestruturas: limpeza de edificios e espazos públicos, parques, prazas e zonas históricas; rehabilitación de edificios para lograr maior eficiencia enerxética; mantemento da infraestrutura; pequenos proxectos de construción de infraestrutura pública; mantemento e renovación da rede de estradas públicas; e mantemento de áreas de patrimonio cultural.

310. Dotación dun fondo destinado ao financiamento de entidades locais e supramunicipais de tamaño pequeno e mediano para a creación e sostemento de equipamentos e infraestruturas para o emprendemento (centros de oficinas, centros de servizos persoais, naves industriais e estruturas comerciais).

311. Eliminación da fenda salarial e de xénero.

Aplicaremos medidas tendentes á erradicación da discrimina-

ción laboral das mulleres e vixiaremos o cumprimento e respecto ao principio fundamental de igual salario a igual traballo, con independencia do xénero, sancionando a aquelas empresas que non o cumpran. Entre outras, estableceremos as seguintes actuacións:

- Elaboraremos unha Estratexia Galega para a Eliminación da Fenda Salarial que teña como primeiro paso realizar un estudo cualitativo e cuantitativo sobre esta, que analice as diferenzas entre traballos e categorías similares, contando para a súa elaboración coas organizacións feministas e coas centrais sindicais.
- Implementaremos mecanismos, de maneira permanente, para mellorar os indicadores que forman parte das estatísticas acerca do emprego, superando a mera segregación por sexos, e incorporaremos os datos referidos ao tempo de traballo de maneira non remunerada, para avaliar a incidencia do traballo reprodutivo e categorizar o seu valor.
- Impulsaremos un plan para fomentar a implantación e cumprimento dos Plans de Igualdade no conxunto das empresas.

312. Plan de recuperación do talento científico e profesional emigrado

Financiaremos proxectos e medidas de estímulo para a incorporación de xente nova con demostrada capacidade investigadora ou profesional para reforzar o sistema galego de I+D+i ou enriquecer os cadros de persoal do sector industrial.

313. Nunca emprendemos sós.

Baixo esta máxima queremos reintroducir os valores da economía colaborativa e social en tódolos programas de apoio ao emprego, ao emprendemento e á mellora empresarial como elementos claves da construción dunha economía máis competitiva. Nese senso, promoveremos a creación de grupos de busca

de emprego e emprendemento colaborativos que substitúan os programas de formación para o autoemprego. Estes grupos funcionarían de maneira estable e aberta baixo a titorización de persoal experto na xestión de proxectos empresariais cooperativos e colaborativos.

314. Co comercio de proximidade, mellor.

Apostamos por empoderar o comercio de proximidade a través de programas de promoción da vida a pé tanto en barrios como en vilas. O pequeno comercio non só é un espazo de compra venta, é un núcleo de encontro e cohesión social, polo que debe estar ligado, ademais, á realización de actividades culturais abertas ao público, educativas e de formación e carácter solidario. Cómpre dinamizar os espazos comerciais de proximidade e para iso queremos:

- Vincular ao pequeno comercio e as políticas de emprendemento e apoio a PEMEs coas de xestión do territorio, creando programas de formación que aborden non só como elaborar un plan de empresa, senón tamén como xestionar o custe dos alugueiros e as estratexias de promoción dos microterritorios.
- Crear espazos de emprendemento empresarial, tanto urbanos como rurais, nos que se faga unha posta en valor a experiencia empresarial galega.
- Promocionar as políticas de relevo xeracional ligadas ao comercio de proximidade, de cara a que este se transforme nun creador de emprego, tanto no urbano como no rural, onde favorecerá a fixación de poboación no territorio.

315. Posta en marcha dun programa de emprego público para o rural.

Propoñemos a elaboración dun plan de emprego público no rural establecendo unha liña de financiamento a entes públicos e entidades sen ánimo de lucro que considere medidas como o

reforzo das Oficinas Agrarias Comarcais, Centros de Investigación Agraria, Centros de Formación e Extensión Agroforestal, etc. Propoñemos a contratación de persoas desempregadas para a dotación de persoal destas oficinas que deben constituírse en axentes dinamizadores do desenvolvemento sustentable nas zonas rurais e prestar apoio tanto as explotacións agrarias como aos montes en mancomún, incorporación de xente nova....

Abriremos unha segunda liña de axudas para a incorporación de persoal destinado a cubrir outras necesidades básicas da poboación das zonas rurais como servizos de coidados, servizos de transporte a demanda e outras actividades.

316. Implementaremos un Plan para o reforzamento e dinamización do Campus de Lugo da USC e a conexión deste co tecido produtivo agrogandeiro e forestal.

Crearemos liñas para prácticas en explotacións agrarias, liñas de axudas a circulante e subvencións para a incorporación de novos activos agrarios para potenciar o inicio de actividades. O Banco de Terras establecerá procesos de colaboración cos concellos rurais para a xestión das terras dispoñibles.

O incremento das oportunidades de desenvolvemento no rural require do compromiso firme da Xunta de Galicia, e unha parte dese compromiso significará dotar de servizos de proximidade local e/ou comarcal para o empoderamento das iniciativas innovadoras.

317. Acreditación da experiencia laboral.

Moitos dos e das traballadoras en activo non teñen recoñecida a súa cualificación profesional real a través de ningún documento/ acreditación oficial, o que lles impide acceder ou progresar no mercado laboral. As medidas precisas para resolver esta cuestión son as seguintes:

- Apertura da Convocatoria de Acreditación da experiencia profesional durante todo o ano e non nunha época concreta,

ademais de ampliala á maioría das ocupacións con especial peso e relevancia na economía do país, así como as que sexan máis demandadas polos sectores produtivos.

- Para que a convocatoria pública sexa aberta en tempo e en prazas, haberá que aumentar os recursos, sobre todo humanos, que se dedican dentro da Administración a este tipo de procedemento, así como establecer mecanismos de cooperación cos actores sociais.
- Abrir un proceso paralelo de recoñecemento para estes colectivos que non teñen forma de acreditar documentalmente a súa experiencia a través da creación dunha Comisión ao efecto que analice cada un dos casos presentados e permita o acceso coa presentación de outro tipo de documentación: declaracións xuradas, testemuñas, etc.
- Adaptar os cursos de formación para o emprego dándolle prioridade absoluta no acceso aos mesmos, a todas aquelas persoas que se presentaron ao procedemento e non o superaron.

318. Transferencia e reforzo da Inspección laboral.

Solicitaremos a transferencia da competencia de Inspección Laboral á Xunta de Galicia, fixando mecanismos de cooperación co Estado, e a ampliación das competencias ao ámbito das Administracións Públicas. Reforzaremos os medios para incrementar as inspeccións en materia de fraudes na contratación, na subcontratación e contratación de falsos autónomos; na economía mergullada; no control das condicións e horarios de traballo; na contratación temporal e parcial; na saúde e a sinistralidade laboral; e na loita contra a desigualdade por razón de xénero, etnia, así como pola condición persoal (discapacidade). De forma específica implementaremos un plan de acción para a inspección e fiscalización en organismos públicos e empresas públicas e privadas con máis de 50 traballadores para garantir o cumprimento efectivo da lexislación vixente en materia de reserva de postos para o acceso ao emprego de persoas con discapacidade (artigo 42 da Lei Xeral de Discapacidade).

Esixiremos da Inspección de Traballo un control exhaustivo sobre as prolongacións de xornada irregulares, así como as horas extras non pagadas. Solicitaremos tamén limitar no máximo posible as horas extraordinarias, para facilitar a creación de novos empregos. Do mesmo xeito, cómpre acabar coas fórmulas fraudulentas de contratación, desde a utilización de contratos eventuais para cubrir postos de traballo indefinidos, coma os contratos a tempo parcial, que agochan traballos de xornada completa que só se pagan e cotizan parcialmente, pasando por perseguir a sobreexplotación das persoas máis novas, sometidas a becas e formas similares que encobren relacións laborais normais. Para iso, a Inspección de Traballo deberá ser dotada cos medios e o apoio necesario.

Así mesmo, é preciso brindar apoio ás persoas que traballan por conta propia, especialmente as denominadas dependentes, que teñen unha relación supostamente mercantil, cando en realidade a súa vinculación coa empresa para a que traballan é puramente laboral.

319. Mellora do sistema de Prevención de Riscos Laborais.

Impulsaremos Plans de Actuación específica para a prevención de accidentes laborais por parte da Administración Central, coordinados coa Xunta de Galicia, e coa participación dos axentes sociais. Promoveremos a creación dunha fiscalía específica coordinada coa Inspección de Traballo e os sindicatos, e a tipificación no Código penal do incumprimento continuado da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Publicar o nome das empresas incumplidoras (campañas de alta sinistralidade), como mínimo das reincidentes máis dun ano seguido.

320. Reparto dos tempos de traballo.

Realizaremos unha avaliación económica sobre os usos dos tempos, xornadas e reparto do traballo en Galicia. Analizaremos alternativas para a redución e/ou a racionalización dos horarios laborais para que sexan compatibles con outros tempos e

dimensións da vida. O tempo é un recurso limitado e a distribución que facemos del provoca posicións de desigualdade. O uso do tempo monetizado na esfera produtiva ten un lugar preeminente, porén, gran parte das necesidades persoais requiren dun tempo fóra de dita esfera. A división por xénero do traballo está implícita no reparto dos tempos de vida. Con esta medida, no marco da estratexia galega de socialización dos coidados, queremos contrastar se o actual reparto dos tempos persoais e de traballo son os máis axeitados para a eficiencia económica, a igualdade e a conciliación. Estas medidas serán acompañadas de campañas de sensibilización e concienciación.

Unha facenda galega ao servizo da xente.

Para deseñar solucións alternativas ao empobrecemento das clases traballadoras, para que o peso das crises non recaia sempre sobre os mesmos, para rematar coa precariedade laboral e coa discriminación da muller e da mocidade, é necesario que impulemos un cambio profundo na configuración da Facenda galega. Un cambio que poña fin ás rebaixas fiscais para os máis ricos e que configure un sistema fiscal galego que cumpra, de verdade, coa súa función redistributiva; que sexa máis xusto e mellore a capacidade da Facenda galega para financiar os servizos públicos esenciais.

Un cambio que, ademais, ten que pasar necesariamente polo reforzo da “fiscalidade verde”. Tamén desde a perspectiva tributaria temos que deseñar os incentivos necesarios para que a economía galega transite cara unha economía máis respectuosa co medio ambiente, unha economía que non estrague os recursos nin a paisaxe e que non hipoteque o benestar das xeracións futuras. Aplicaremos, entre outras, as seguintes medidas:

- 321. Revisión das deducións e da tarifa autonómica do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) para que pague máis quen máis teña e gocen de maiores beneficios fiscais as persoas declarantes con menos recursos.**

Analizaremos a actual tarifa autonómica do IRPF, reaxustando os tramos, reducindo os tipos para as rendas máis baixas e incrementándoos para as bases liquidables superiores a 60.000 euros.

322. Tasa Ortega

Desde o ano 2021 o PpdG leva avanzando nunha senda progresiva de redución do imposto de Patrimonio, establecendo bonificacións de ata o 50%.

323. Xunto a isto o tipo máximo era dun 2.5% dende 2011, en contraste co 3,5% da norma estatal, rebaixa que era aplicable a bases impositibles de máis de 10 millóns de euros.

Estes beneficios para os multimillonarios só foron quen de compensarse ante a aprobación do “Impuesto Extraordinario de Grandes Fortunas”, aprobado polo goberno de coalición do PSOE e Unidas Podemos, que conseguiu recaudar case 10 millóns de euros. Isto levou ao goberno de Galicia a modificar temporalmente o Imposto sobre o Patrimonio durante a vixencia do imposto ás grandes fortunas, co fin de evitar que estes fondos acabaran nas contas estatais, sen compensar todo o que as grandes fortunas deixaron de aportar ás arcas públicas galegas.

En Galicia ocorre unha circunstancia moi chamativa. A inmensa maioría do patrimonio declarado (un 65%) corresponde ás accións de empresas exentas de tributación por estar en propiedade dos xestores das entidades, ata 36.000 millóns de euros, cifra só superada polas comunidades de Madrid e Cataluña. E distribúese en moi poucas máis, principalmente na familia Ortega. Por todo isto propoñemos:

- Recuperar de forma permanente o imposto de Patrimonio sen bonificacións.
- Incrementar o gravamen máximo aplicable dende un 3,5% ata un 4,5%.

- Eliminar a exención das accións das empresas persoais para os patrimonios de máis de 100 millóns de euros.
- Con esta medida poderíamos recadar máis de 1.600 millóns anuais, o que suporía incrementar nun 12% a financiación dos servizos públicos de Galicia.

324. Revisión dos beneficios fiscais do Imposto de Sucesións e Doazóns.

A Facenda autonómica deixa de ingresar cada ano máis de 155 millóns de euros neste imposto, como consecuencia das modificacións introducidas polos gobernos do PP, que fan que, na práctica, non tributen as herdanzas de ate un millón de euros por contribuínte. Anularemos as modificacións introducidas na Lei de Acompañamento dos Orzamentos da Xunta, e revisaremos as demais reducións existentes.

325. Reforzamento da imposición ambiental.

No ano 2024, a Xunta so prevé recadar 36.8 millóns de euros polas principais figuras tributarias ambientais que non están a cumprir coa súa finalidade de desincentivar comportamentos e actividades agresivas co medio, nin de protección do medio ambiente, nin de recuperación ambiental das áreas afectadas, nin de contribución á diversificación económica e ao desenvolvemento dos territorios onde se implantan esas actividades. Neste sentido, revisaremos os principais tributos ambientais galegos, incrementando os tipos impositivos e sancións nos supostos de non cumprimento do Imposto sobre o Dano Ambiental da Auga Encorada, do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica, do Canon Eólico e do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro.

326. Incremento dos impostos sobre o xogo.

Coa finalidade desincentivar certas actividades que están a

xerar graves problemas de adición entre numerosos sectores da poboación -e o que é máis preocupante, cada vez máis novo/as-, como determinadas modalidades de apostas e do xogo on line, aumentaremos a imposición autonómica sobre o xogo, revisaremos a definición dos feitos impositivos e os tipos impositivos aplicables segundo as distintas figuras tributarias.

327. Creación dun Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais.

Pretendemos así ordenar a oferta comercial, evitar o sobredimensionamento desa modalidade comercial e aportar recursos para o desenvolvemento de políticas a favor do pequeno comercio e os centros comerciais abertos.

328. Revisión e modulación do conxunto de beneficios fiscais aplicables nas distintas figuras tributarias.

Eliminaremos os que non están xustificados desde o punto de vista redistributivo ou de ordenación e reforzaremos todos aqueles que contribúan a potenciar a progresividade do sistema.

329. Reforzo da Axencia Tributaria Galega.

- Dotaremos de contido real e de maiores competencias á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) ampliando as súas capacidades de xestión e inspección para desenvolver unha verdadeira loita contra a fraude fiscal.
- Modernizaremos a Administración Tributaria, facéndoa mais áxil, menos burocrática e poñéndoa ao servizo dos contribuíntes.
- Revisaremos os procedementos de liquidación e xestión dalgúns tributos, como é o caso da normativa que regula a valoración dos inmobles aos efectos dos impostos de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados

e Sucesións e Doazóns, declarada ilegal polo Tribunal Supremo pero que o actual goberno da Xunta segue mantendo.

- Priorizaremos a inspección e a loita contra a fraude fiscal para os grandes patrimonios e grandes empresas a través da creación e reforzamento na Axencia Tributaria de Galicia de unidades específicas.
- Reforzaremos a coordinación informativa e das bases de datos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e dotaremos de máis medios materiais e humanos á ATRIGA.

330. Banca Pública Galega

É imprescindible dotármonos de ferramentas bancarias con capacidade para xerar crédito e avaliar e apostar polos proxectos galegos.

Integraremos os instrumentos e os organismos de crédito cos que conta actualmente a Xunta de Galicia para poñer en marcha un Instituto Galego de Crédito e contribuír a reactivar os fluxos crediticios ás PEMEs, impulsaremos a actividade produtiva e sentaremos as bases para a creación final dunha Banca Pública Galega.

331. Democracia municipal e financiamento.

A Lei de Facendas Locais inclúe entre os ingresos dos concellos unha participación nos ingresos da Comunidade Autónoma. No caso da Xunta de Galicia estas transferencias teñen que canalizarse a través do Fondo de Compensación Local. Non obstante, nalgúns ocasións estas transferencias, lonxe de poder cumprir a súa función equilibradora, son empregadas para compensar a falta de esforzo fiscal local.

Consideramos que cada concello debe ser quen de elixir a combinación de prestacións e responsabilidades que estime

máis acidas a súa estratexia política e que corresponde ao Goberno autonómico garantir que isto se produza baixo criterios equitativos, xustos e democráticos. A tal efecto propoñemos a adopción das seguintes medidas:

- Vincularemos as transferencias económicas á verificación de que os concellos teñan realizados uns esforzos para dotarse de recursos propios equiparables aos do seu contorno.
- Estableceremos criterios transparentes de asignación dos fondos.
- O Parlamento e o Goberno galego obrigarán aos concellos beneficiarios a xustificar a oportunidade e rendibilidade social das subvencións outorgadas.

332. Unha administración cumpridora.

- Reformaremos os actuais protocolos de pago a provedores a fin de dar certeza, transparencia e fiabilidade aos procesos e períodos de pagamento da administración autonómica e dos organismos e axencias dependentes dela, garantindo tanto o cumprimento da lexislación vixente, como as medidas de autorregulación sobre o pago.
- Revisaremos o protocolo de aprazamento de débedas á Administración autonómica naqueles casos en que a falla de liquidez en empresas viables sexa crítica para a supervivencia da empresa.

333. Control e auditorías dos contratos públicos.

Cómpre regular de maneira urxente as condicións que actualmente se aplican nos concursos públicos, especialmente os de infraestruturas, que na práctica acaban por outorgarse atendendo a criterios exclusivamente económicos. Un sistema que se ten revelado como altamente custoso ao sumar, durante a execución, unha modificación tras outra -que só deberían aceptarse cando responden a casuísticas imprevisibles

ou sobrevidas- e que remata cun custe adicional disparatado, cando non abusivo.

Un novo modelo económico para Galicia.

A economía debe estar ao servizo das persoas, nunca ao revés. Cremos nun modelo económico responsable que aposte pola cooperación e por iso priorizamos as iniciativas laborais de corte social e cooperativo e os espazos de traballos conxunto, sen esquecermonos de que o crecemento económico non pode vir a costa do sacrificio do benestar social ou do deterioro medio ambiental. Para evitalo, introduciremos criterios éticos, ambientais, sociais e de igualdade en tódolos ámbitos, comezando pola propia contratación pública.

334. O cooperativismo como axente social.

É imprescindible recoñecer á economía social, e dentro dela ao cooperativismo, como un axente social e económico que actúa con personalidade propia, achegando riqueza, emprego estable e cohesión social. Dentro dese proceso de recoñecemento consideramos que cooperativismo e economía social, deben estar presentes nos foros de diálogo institucional, así como nos de decisión económica e nas políticas de formación.

335. Apoio directo aos modelos cooperativos e de economía social.

Cómpre que apoiemos orzamentariamente os proxectos baseados no cooperativismo e a economía social a través de axudas á creación, á inversión e ao financiamento, así como establecer subvencións para o asesoramento, acompañamento, posta en marcha e consolidación de empresas cooperativas, colaborando coas entidades do sector especializadas nestes procesos.

Daremos exemplo desde a propia Administración autonómica abrindo os concursos públicos ás entidades financeiras éticas, fomentando ás empresas proveedoras de enerxías renovables, e aos produtos e servizos de proximidade. Colaboraremos na posta en marcha de espazos que visibilicen o cooperativismo.

336. Impulso á cooperación entre as PEMEs téxtiles.

Promoveremos proxectos de cooperación e asociacionismo entre as pequenas e medianas empresas do sector téxtil para favorecer tanto a obtención de axudas, asesoramento, novas liñas de negocio, formación de persoas empregadas, así como a modernización mediante a innovación do proceso produtivo.

337. Contratación pública responsable para unha economía máis xusta.

En PODEMOS Galicia - Alianza Verde queremos incluír na contratación pública condicións e criterios que favorezan medidas sociais como a aposta por un emprego digno e de calidade, a igualdade de xénero, o respecto medioambiental e o comercio xusto. E facelo tanto a respecto das condicións e garantías de execución dos contratos como nos propios criterios de valoración e adxudicación. Aprobaremos de inmediato un decreto regulando estas normas para introducir cláusulas sociais na contratación pública, de aplicación tanto na Xunta como nas sociedades, entes e organismos dependentes dela. Estableceremos tamén máis medidas de control sobre as subcontratas e inspeccións de traballo nas obras públicas porque as devanditas subcontratas acaban derivando, en moitos dos casos, en salarios baixos para os traballadore/as e escasas ou inexistentes garantías de seguridade.

Os criterios sociais, ambientais e éticos deben tamén rexer a execución dos orzamentos públicos do Goberno galego no que atinxe á adquisición e consumo de bens e servizos. En PODEMOS Galicia - Alianza Verde cremos nunha compra pública responsable, que respecte as convencións

internacionais e os estándares das condicións laborais e sexa quen de desenvolver modelos de consumo máis respectuosos e igualitarios. Unha compra pública responsable trae aparelado o apoio ás empresas de economía social e favorece que as empresas concesionarias teñan en conta criterios ambientais. Con ese obxectivo, modificaremos os contratos de adquisición de enerxía eléctrica para que a Administración galega pase a ser demandante de enerxía procedente de fontes renovables e incorporaremos a perspectiva ambiental en tódolos pregos de contratación pública. Do mesmo xeito, avogamos por introducir criterios de proximidade e calidade ecolóxica no subministro dos produtos alimenticios que abastecen a entidades dependentes da Xunta, tanto no ámbito educativo como no sanitario.

O sector produtivo.

Afianzar os nosos sectores produtivos require de políticas que melloren a súa eficiencia, desde a responsabilidade e desde o equilibrio.

Apostaremos pola innovación, a través dun maior gasto público para dotar á nosa industria e o resto de sectores das capacidades para modernizalos e facelos máis competitivos, sempre desde a perspectiva do ben común. Galicia necesita recuperar a súa política industrial a fin de apuntalar o desenvolvemento do país. O decenio negro do goberno de Feijóo fundamenteouse na propaganda, apoiada con movementos curtopracistas de escaso alcance e carentes dunha perspectiva de mellora da competitividade da industria galega. Contra esta política impulsaremos unha mudanza que apoie a harmonización de empresas motrices, auxiliares, centros tecnolóxicos e de investigación conxuntamente coa administración galega e as universidades do país.

338. Plan de impulso do sector industrial galego.

Incrementaremos os investimentos para a formación de clústeres industriais e impulsaremos a diversificación das

PEMEs galegas con programas de apoio financeiro específicos para mellorar o valor engadido na transformación de produtos agropecuarios, do mar e forestais; aumentando o peso e a sostibilidade das actividades do sector naval e do aeronáutico, da industria do automóbil, da industria química, do caucho, do plástico, da fabricación de equipos informáticos e de maquinaria; incrementando o número de empresas galegas exportadoras e impulsar proxectos de industria 4.0 co obxectivo de fomentar a automatización e a dixitalización das empresas industriais. Ao tempo, estas medidas contribuirán a recuperar todos os postos de traballo do sector industrial destruídos polo Partido Popular.

339. Poremos en marcha unha Estratexia de Reindustrialización Verde e economía circular, para a creación de emprego en industrias cun impacto positivo sobre a contorna, actividades de xestión da contaminación, os recursos e a biodiversidade, e con prioridade nas zonas con máis problemas de emprego.

Impulsaremos a I+D+i e os investimentos industriais para a introdución de sistemas de ciclo pechado e economía circular, promovendo con iso a recuperación e reutilización de materiais e a minimización do impacto ambiental por parte das propias empresas. Apoiaremos a consolidación de empresas produtoras de equipos de enerxías renovables coa fin de avanzar cara ao obxectivo de “residuos cero” e gañaremos soberanía produtiva ao substituír elementos importados por propios durante todo o ciclo de produción.

340. Transición enerxética xusta para o peche de centrais térmicas de carbón.

Deseño e posta en marcha dun proxecto ordenado e gradual de transición enerxética para aquelas comarcas onde se pechan centrais térmicas de carbón, como Meirama e As Pontes, por medio de investimentos para a implantación de actividades industriais ligadas ás enerxías renovables, así como programas de transición económica que permitan a reabsorción das e dos

traballadores ligados de maneira directa e indirecta á actividade das antigas centrais de enerxía. Elaboraremos un mapa de transición ecolóxica que inclúa as comarcas citadas.

341. Industrialización de produtos agroalimentarios e pesqueiros.

Abriremos un Plan de axudas ao desenvolvemento da industria de transformación de produtos agrarios, de transformación cárnica, da industria conserveira e de transformación de produtos do mar.

É imprescindible adoptar políticas de clúster que permitan establecer marcos estables de cooperación entre o conxunto das empresas dunha cadea produtiva a fin de mellorar a competitividade. Así mesmo, o modelo de clúster a adoptar debe articularse en torno a centros tecnolóxicos que, mediante a colaboración público-privada, poderán dotarse de fondos suficientes, para adaptarse ás necesidades específicas das empresas, que poderán participar nos órganos de dirección dos clústeres.

342. Participación da Xunta en Empresas Públicas.

Reclamaremos as nosas competencias no marco das empresas públicas. Galicia ten dereito a participar nas decisións de empresas públicas estatais con importante repercusión na comunidade, a saber SEPI (posuidora de Navantia, entre outras), TRAGSA, ADIF, RENFE... etc. O obxectivo é dotármolos dunha maior capacidade para liderar o noso propio desenvolvemento.

343. Polígonos Industriais.

Galicia mantivo sempre políticas erráticas canto á dotación de solo industrial, dando lugar a notables desaxustes entre oferta e demanda. Neste senso é necesario revisar a política de solo empresarial e industrial. De feito, a Xunta debera levar a cabo unha dotación específica naquelas áreas de demanda constante e insatisfeitas, e non insistir nunha distribución aleatoria e baseada en intereses partidistas que acabou con enormes extensións de solo infrutilizado. Basta con ollar aos polígonos

industriais e parques empresariais realizados en resposta a criterios clientelares do PP . En concreto, para dotar de sentido a estes espazos parados, formularemos un Banco de Parcelas Industriais. Tamén apostaremos polas competencias sobre o solo industrial que controla o SEPES (Sociedade estatal de Solo) e, adicionalmente, sobre as poxas públicas a este respecto que realiza a Axencia Tributaria.

344. Intermodalidade do transporte.

A necesaria e demandada intermodalidade do transporte esixe o desenvolvemento paralelo de diferentes modelos de mobilidade a fin de acadar unha mellora loxística que reforce a competitividade da industria. Neste sentido, resulta preciso:

- Esixir a priorización dun transporte ferroviario de mercancías competitivo tanto cara Portugal, como cara o Eixo Cantábrico, a Meseta e Europa, coa incorporación de Galicia no Eixo Atlántico Ferroviario e o estudo da incorporación dun Eixo Cantábrico que poida formar parte da rede europea de mercadorías.
- Esixiremos ao Goberno do Estado a elaboración dos proxectos de conexión ferroviaria de mercadorías Vigo-Porto, e as conexións cos portos galegos para poder aproveitar os fondos europeos derivados da pertenza de Galicia ao Corredor Atlántico como Rede Básica e a inmediata construción da conexión ferroviaria ao Porto Exterior de Punta Langosteira con cargo a orzamentos do Estado e/ou europeos, sen que recaia o financiamento na Autoridade Portuaria. Medidas que en conexión coa rede de cabotaxe permitiría dinamizar os portos secos de Monforte e Salvaterra-As Neves, así como tódolos nosos portos, poñendo a Galicia na vangarda de Europa do transporte marítimo debido á vantaxe xeoestratéxica coa que contamos para xestionar o tráfico marítimo que discorre entre Europa e América.
- Reforzar a aposta pola autoestrada do mar Vigo-Saint Nazaire, así como por outras alternativas de cabotaxe,

a partir dos portos exteriores da Coruña e Ferrol (na actualidade infrautilizados a pesar dos seus elevados custes).

345. Mellorar o acceso ao apoio financeiro estatal do Programa de reconversión e reindustrialización.

- Anulación da modificación das bases reguladoras para a concesión de apoio financeiro ao investimento industrial no marco da política pública de reindustrialización, que provocou a eliminación das convocatorias territorializadas, deixando sen efecto as específicas das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
- Revisión dos prazos de amortización estipulados para a súa flexibilización e ampliación, así como da ampliación do período de carencia. Eliminación dos prazos pechados para a presentación das solicitudes, cambiándoos por unha convocatoria aberta todo o exercicio.
- Redución dos tempos de avaliación e resposta ás solicitudes por parte da administración e revisión dos prazos de execución, para a súa flexibilización.
- Establecemento de límites máximos ao incremento dos tipos de interese sobre o estipulado na metodoloxía establecida pola Comunicación da Comisión Europea relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actualización COM (2008/ C 14/02).

346. Navantia

Van demasiados anos nos que Navantia está a soportar pesadas cargas que limitan o seu desenvolvemento competitivo e cuxo impacto final recae sobre o tecido de empresas auxiliares e sobre a economía e a forza de traballo de Ferrolterra. Cómpre que o Goberno galego reclame que os centros produtivos de Galicia sexan dotados dunha estrutura, infraestrutura e marco tecnolóxico axeitado e competitivo.

Navantia debe converterse no eixo central dun clúster naval galego, onde se desenvolva o coñecemento tanto das universidades como dos centros de investigación de Galicia.

- Pulo ao auxiliar do sector naval.

Dotación orzamentaria de axudas á instalación de empresas auxiliares e ao desenvolvemento e a innovación de empresas privadas no sector naval nas comarcas onde opera a industria naval pública, como tractora da economía, para favorecer a creación de sinerxías.

- Novo dique seco.

É preciso que Galicia consiga de forma urxente para a revitalización do emprego en Ferrol o novo dique seco cunhas dimensións mínimas de 420 por 90 metros para atender a demanda dos novos megabuques dos que se están a dotar os armadores das frotas de portacontedores e gaseiros. Trátase dunha infraestrutura necesaria e fundamental para a revitalización da antiga Bazán.

- Transparencia nas contas de Navantia.

Esixiremos unha maior transparencia nas contas da sociedade naval, que unicamente presenta os seus resultados anuais consolidados de forma que evita dar a coñecer a rendibilidade de cada estaleiro. É preciso, para poder poñer en valor o potencial do naval galego, competitivo a pesar dos atrancos e de moitos anos de inoperancia, e para reclamar un trato para Ferrol-Fene acorde cos seus resultados e coa súa especialización.

- Sector auxiliar competitivo.

Apoio á instalación de empresas da área metalmecánica e electrónica (fabricantes de compoñentes como fundición, motores, turbinas, tubos, equipos auxiliares, equipos de control e outros) coas que se deben establecer alianzas cooperativas que reforcen a competitividade naval galega. Así mesmo debe reforzarse o apoio tecnolóxico as empresas auxiliares xa existentes.

- Conexión ferroviaria competitiva á rede estatal.

Para poder afianzar a nosa industria cómpre optimizar a conexión de Ferrolterra coa rede ferroviaria estatal mediante vías capaces para soportar tráfico propios dun gran porto base de contedores, graneis sólidos e outras mercadorías.

347. Automoción.

Galicia foi quen de amosar unha capacidade asombrosa de adaptación aos cambios produtivos, loxísticos e de estratexia comercial do sector, pero a contraprestación foi a xeneralización de emprego precario, mingua de dereitos laborais e a ameaza permanente da deslocalización cara a países veciños ou doutras latitudes.

A alta especialización laboral foi acompañada pola destrución de dereitos laborais, a xeneralización de convenios de empresa fronte aos sectoriais, e coa perda de capacidade de incidir nos centros de decisión do sector en Europa por parte de Galicia. Para reverter esta situación é preciso:

- Maior inspección laboral no sector da automoción. Promoveremos dentro da industria da automoción máis e mellores empregos, traballando coa inspección de traballo na verificación do cumprimento dos convenios e na supervisión sobre o desenvolvemento das xornadas laborais e as garantías coas que estas se realizan.
- Reforzo do I+D+i e reformulación do modelo do Centro Tecnolóxico de Automoción. O investimento en investigación e desenvolvemento é un elemento chave no necesario cambio de modelo económico. Reforzaremos esta idea dentro do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) en colaboración coas universidades galegas e atraendo e creando departamentos de investigación, así como sistemas de bolsas.
- As actuacións urbanísticas e as cesións de infraestrutura, sempre con retorno. Vincularemos calquera actuación urbanística, de cesión de infraestrutura ou de espazos industriais

a que esta sexa artellada mediante un convenio que garanta a inversión e emprego por parte do sector.

- Condicionar toda axuda ao mantemento do emprego. A colaboración do sector público co sector privado debe facerse nun marco de responsabilidade e reciprocidade, polo que vincularemos as liñas de colaboración ao mantemento de postos de traballo, á calidade dos mesmos e ao rendemento de ditas empresas.

Máis investigación, desenvolvemento e innovación.

Galicia encádrase, segundo o Regional Innovation Scoreboard, entre as rexións cunha capacidade innovadora moderada. O balance galego amosa certas fortalezas en termos de poboación con estudos superiores e exportacións de produtos de media e alta tecnoloxía, aínda que tamén se caracteriza por importantes feblezas na introdución de innovacións, particularmente de organización e márketing, e no investimento público en innovación e en I+D.

O obxectivo das políticas de PODEMOS Galicia - Alianza Verde debe ser reverter esta situación para aproveitar as fortalezas e corrixir as debilidades. Para iso, apostamos por:

348.Reformas no plano institucional.

Incrementar os fondos do Plan Galicia Innova e programa FEDER 2021-2027. Deste xeito, remataríamos coa interinidade actual, contaríamos con maior dotación de recursos e situaríamonos en liña coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) da Comisión Europea, procurando a complementariedade entre ambos.

Así mesmo cómpre acadar unha maior unificación das políticas e instrumentos de I+D+i na Axencia Galega de Innovación, e poñer fin á actual dispersión entre consellerías.

349. Colaboración para a innovación.

O fomento de estratexias colaborativas debe plasmarse, cando menos, en tres niveis:

- Fomento da cultura colaborativa para a innovación entre empresas e entre estas e os demais axentes do sistema de innovación galego. De especial importancia para as PEMES e miniempresas.
- Fomento de redes colaborativas con empresas e centros de investigación externos a Galicia -tanto dentro do contexto europeo, español e galego, como cos países próximos polo idioma común ou pola presenza de galegos- que faciliten o establecemento de redes e o aproveitamento de sinerxías.
- Dinamización de proxectos colaborativos de carácter estratéxico e singular tendo en conta os potenciais do tecido produtivo galego.

350. Proximidade ao tecido produtivo.

A dinamización do investimento implica unha maior proximidade e traballo conxunto entre as empresas e as fontes de innovación. Nese sentido, cómpre dotarnos de instrumentos de apoio á innovación específicos para cada tipo de usuario (empresa ou institución) e segundo a etapa do proceso innovador (máis afastado/ máis próximo ao mercado), así como favorecer a transferencia de coñecemento desde os centros xeradores ao entramado produtivo.

351. Visibilización das mulleres na investigación e a innovación.

Reactivación da Unidade de Muller e Ciencia como instrumento de visibilización e valorización da actividade investigadora e innovadora realizada por mulleres.

Apostar polo noso rural.

Dada a importancia que para a agricultura e o mundo rural galego teñen as políticas adoptadas na Unión Europea, PODEMOS Galicia - Alianza Verde tentará lograr a participación directa do Goberno galego en tódalas negociacións nas institucións comunitarias que afecten ao noso agro e que inciden negativamente no seu desenvolvemento ou sobre o principio de soberanía alimentaria.

Por outra banda, o potencial de progreso e de xeración de riqueza das zonas rurais non será posible sen a prestación de determinados servizos básicos de soporte e mecanismos que corrixan os desequilibrios territoriais existentes actualmente. Ademais, a investigación, formación e asesoramento públicos son imprescindibles para o desenvolvemento dos sectores agrario e forestal. Precisamos tamén un cambio de modelo produtivo das explotacións gandeiras cara a un modelo de menor dependencia das axudas públicas, o recoñecemento e profesionalización da actividade realizada polas mulleres e a incorporación exitosa de mozos e mozas á actividade agroforestal. Do contrario, o despoamento e empobrecemento da Galicia interior será inevitable. Debemos polo tanto recuperar e achegarao rural os recursos e servizos propios deste século e que ao longo dos últimos anos se foron precarizando ou restrinxindo.

352. Reforma da Política Agraria Común.

- Empezaremos negociacións en tódolos ámbitos para reverter as medidas que prexudican a Galicia:
- Esixindo a eliminación dos dereitos históricos cuxo cálculo penaliza ás producións galegas e ás producións situadas nas comarcas máis desfavorecidas;
- Creando liñas de axudas directas orientadas ao sostemento das rendas agrarias das explotacións pequenas e medianas
- Desenvolvendo un marco normativo que evite a especulación cos dereitos e introduza criterios de asignación de carácter social

- Introducendo un cambio nos criterios de distribución das axudas para que estean condicionadas por factores sociais, ambientais e económicos e para que se estableza un límite claro e significativo no monto a recibir.
- A Política Agraria Común (PAC) ten que contribuír a corrixir os desequilibrios sociais e territoriais na agricultura europea, favorecer as pequenas e medianas explotacións e priorizar a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións territoriais da actividade agraria. Unha PAC que recupere mecanismos públicos de regulación e estabilización dos mercados e asegure relacións equilibradas entre produtores/as, industrias e cadeas de distribución. Unha PAC na que o apoio á renda dos/as produtores/as avance na liña de establecer unha axuda única por unidade de traballo en toda a UE, modulada en función de criterios sociais, ambientais e territoriais.
- PODEMOS Galicia - Alianza Verde defenderá, desde tódalas instancias nas que participe o Goberno galego, o cese do proceso de liberalización do comercio mundial de alimentos impulsado desde a Organización Mundial do Comercio (OMC), e a configuración dun sistema alternativo de relacións comerciais que responda ás necesidades da poboación dos diversos países, en sintonía co principio de soberanía alimentaria.

353. Para desenvolver a nova política no mundo rural galego será necesario, no curto prazo, modificar o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia financiado con fondos europeos.

Para iso PODEMOS Galicia - Alianza Verde dará soporte a novas políticas e reorientaremos as medidas financiadas polo Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, coas seguintes directrices básicas:

- Centraremos as medidas nas persoas como motores do cambio, poñendo o acento en estimular, apoiar e facilitar as novas iniciativas, instaurando a cultura do acompañamento

e a cooperación co obxectivo de conquistar autonomía e autosuficiencia.

- Reorientaremos fondos asignados no actual Programa a infraestruturas de baixo valor engadido cara á medidas que estimulen e capaciten aos emprendedores e dinamizadores rurais e contribúan á sustentabilidade social, económica e ambiental do mundo rural.

354. Financiamento do Desenvolvemento Rural en Galicia.

- Estableceremos un marco financeiro multifondo para a política de desenvolvemento rural de maneira que poida compatibilizarse co financiamento de calquera dos Fondos Europeos.
- Aplicaremos a Lei 45/07 de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural empezando polas comarcas rurais galegas con maiores dificultades estruturais.
- Elaboraremos Plans de Zona para estas comarcas e as dotaremos de financiamento a través dun convenio interinstitucional entre a Xunta de Galicia, as entidades locais e a Administración Xeral do Estado.

355. Mellorar a posición negociadora do sector produtor para reequilibrar a cadea agroalimentaria.

Desde a Consellería do Mundo Rural poremos en marcha un Plan de Integración Cooperativa e Concentración da Oferta que contribuirá a mellorar a posición negociadora do sector produtor e a reequilibrar a cadea agroalimentaria.

356. Profesionalizar a actividade agraria das mulleres rurais e titularidade compartida das explotacións.

Realizaremos unha campaña de sensibilización e formación para a aplicación efectiva da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre

titularidade compartida das explotacións agrarias e simplifcaremos os trámites e o proceso de inscrición no rexistro deste tipo de copropiedades. Esta corresponsabilidade na titularidade supón, ao tempo, o recoñecemento e profesionalización do labor fundamental desenvolvido, case sempre de forma calada, polas mulleres rurais nas explotacións familiares. Impulsaremos programas de divulgación e de sensibilización da norma entre homes, mulleres e os técnicos encargados de aplicala, xunto con sistemas de mellora da formación do persoal encargado da atención ao colectivo agrario e dos rexistros e coordinaremos as actuacións entre as distintas Administracións públicas con competencias na materia.

357. Apoio á incorporación de novos agricultores e agricultoras.

Crearemos un Servizo de Apoio á Incorporación de novos/as agricultores/as formado por técnicos das Oficinas Agrarias Comarcais, para axudar e guiar a tódalas persoas que desexen sumarse a esta actividade, incluíndo aquelas que non proveñan da agricultura. A Xunta de Galicia prestará un servizo de tutela e seguimento na definición do plan de explotación e de negocio, na formación específica, na busca de terras, no plan financeiro, na xestión de axudas, etc. O acompañamento será previo, durante a implantación e nos primeiros anos; introducindo as modificacións necesarias nas actuais axudas á incorporación.

Estas axudas irán dirixidas, ademais dos investimentos, a reforzar os gastos de inicio da actividade durante os primeiros anos.

358. Banco de Explotacións Agrarias

Crearemos un Banco de Explotacións Agrarias, dependente da Xunta de Galicia, que terá como propósito poñer en conexión aos titulares de explotacións agrarias que non teñen relevo familiar con persoas, do rural ou non, que teñan interese en facerse cargo desas explotacións. Con este novo servizo prestaremos, ademais, o apoio necesario para lograr estes acordos e faremos seguimento destas iniciativas.

359. Recoñecemento da agricultura a tempo parcial.

O novo goberno galego recoñecerá a agricultura a tempo parcial para o que impulsará medidas específicas de apoio ás explotacións semi-profesionais nas que os seus propietarios ou arrendatarios combinan diferentes ocupacións laborais.

360. Prioridade en prestacións e investimentos para o mundo rural.

Daremos prioridade ao mundo rural cando as principais políticas a implantar deban abordarse en distintas fases, entre elas, achegar a banda ancha, internet e a telefonía móbil a todo o territorio ou garantir o acceso das persoas que viven nos concellos rurais a outros servizos básicos como a sanidade, a educación, etc. Tamén descentralizaremos os investimentos, en particular os de industrias e infraestruturas relacionadas co cambio a prol de modelos máis ecolóxicos.

361. Plan de desenvolvemento da rede rural de transporte sustentable de Galicia.

Realización e implantación dos correspondentes estudos e proxectos que delimiten e poñan en marcha novos sistemas de transporte público que resulten viables e sustentables no económico, o social e o ecolóxico, e axuden á vertebración territorial desta comunidade, tales como o transporte a demanda, sistemas de microbuses ou outras fórmulas.

362. Revitalización poboacional do rural.

A Xunta de Galicia creará unha nova división do Banco de Terras de Galicia (BTG), en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e coa participación dos concellos, para a mobilización e/ou recuperación do parque residencial rural.

Entre as súas funcións estarán as seguintes: aplicación ás vivendas rurais do enfoque BTG; inventario e seguimento oferta e demanda; definición de instrumentos de mobilización e apoio á rehabilitación e acondicionamento.

363. Dotación efectiva do Banco de Terras e dos polígonos agroforestales.

Reactivaremos o Banco de Terras, paralizado na práctica polo goberno do PP. A dinámica do Banco de Terras e dos polígonos agroforestales estará inserida dentro da Estratexia de Administración de Terras de Galicia e terá como obxectivo facilitar o incremento da base territorial das explotacións e o acceso á terra de novos agricultores co obxectivo de favorecer o vivir no rural. A mobilización das terras estará ligada á posta en marcha de producións sustentables e innovadoras no rural galego.

364. Máis terra para as explotacións agrarias

Elaboraremos un Mapa de Solos de Galiza que os clasifique en función da súa aptitude como paso fundamental para a preservación dos terreos con elevada idoneidade agronómica.

365. O novo agro

Durante as últimas décadas actividades como a gandería de vacún de leite, o vacún de carne, a horta, a vitivinicultura e moitos outros subsectores téñense convertido nos principais vectores de actividade nas zonas rurais de Galicia, contribuíndo a soste as rendas e o emprego. Estas actividades, sen embargo, están a afrontar notables retos que requiren dunha acción de apoio e orientación por parte da Administración pública.

Ao mesmo tempo, o desenvolvemento do mundo rural galego require da apertura de novas oportunidades, da diversificación, tanto cara novos produtos como cara outras formas de produción. Así mesmo, a capacidade do agro galego para competir

nun mercado cada vez máis liberalizado e globalizado debe basearse principalmente en produtos de calidade, con personalidade propia e diferenciados, e con garantía de salubridade.

366. Promoción da produción de alimentos diferenciados.

- Reforzaremos as axudas e incentivos previstos no Plan de Desenvolvemento Rural coa fin de incrementar as medidas de apoio ás Indicacións Xeográficas Protexidas, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade diferenciada que se podan promover. Ademais incluiremos esa liña de fondos nas axudas a investimentos en industrias agroalimentarias.
- A nova Xunta de Galicia apostará polos sistemas de gandería de carne extensiva, con especial atención a aqueles desenvolvidos a partir das razas autóctonas, e polo silvopastoralismo (combinación de explotación de árbores, pasto e gando que permite unha xestión sostible e supón o aproveitamento total tanto do gando como dos elementos vexetais).
- Elaboraremos Plans Estratéxicos Sectoriais de impulso das principais liñas de especialización. Estes Plans seguirán os vectores de desenvolvemento enunciados anteriormente: mobilización de terras, extensificación, calidade, incorporación de novos activos, implantación das TIC, formación, diversificación, etc.

367. Producións ecolóxicas.

Apoiaremos o desenvolvemento da agricultura ecolóxica e a gandería extensiva, entendendo que a sustentabilidade económica destas actividades está intimamente ligada á súa sustentabilidade ambiental, social e económica. Dirixiremos as axudas a proxectos de formación, calidade, novas tecnoloxías, equipamentos, mobilización de terras, extensificación e diversificación das producións.

368. Calidade e seguridade alimentaria.

Promoveremos a mellora das condicións de seguridade e calidade alimentaria primando os mecanismos de apoio e asistencia por parte de entes públicos e entidades sen ánimo de lucro fronte a outros sistemas que impliquen o aumento de custos aos pequenos produtores.

369. Producións sen veneno nin elementos tóxicos.

Posicionarémonos na Unión Europea contra a prórroga do uso do herbicida tóxico Glifosato, e respecto da rebaixa dos niveis máximos de certos metais pesados e doutras substancias tóxicas na composición dos fertilizantes usados en agricultura.

370. Prohibición e control dos cultivos transxénicos.

Desenvolveremos un Plan para a recuperación e investigación sobre variedades autóctonas de sementes integrando a produtores locais. A Xunta de Galicia traballará para o establecemento dun Banco Galego de Sementes, a partir do xa existente, dotándoo de medios humanos e materiais e promocionando o seu uso entre os agricultores. Prohibiremos o uso de transxénicos nos cultivos e tamén o uso de fariñas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos ao tempo que adoptaremos as medidas necesarias para garantir un control eficaz nos mesmos.

371. Aposta polas iniciativas de transformación de produtos agrarios.

A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de transformación de materias primas agrarias en produtos con maior valor engadido, executados preferentemente polos propios produtores. Neste marco de apoio incluiremos tamén a produción artesanal.

372. Programa de apoio ás comarcas agrarias.

Dirixido a entes locais, entidades sen ánimo de lucro e empresas, con este Programa de apoio ás comarcas agrarias realizaremos actuacións relacionadas coa innovación e a diversificación da actividade económica.

373. Sustentabilidade do regadío na Limia, Terra Chá e Val de Lemos.

Destinaremos investimentos a modernizar as infraestruturas de regadío, reforzar as actuacións de mantemento, introducir melloras no uso e xestión da auga e acadar un uso eficiente da enerxía. Para avanzar na tecnoloxización e sustentabilidade dos sistemas de regadío fai falta ampliar os aportados da Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (SEIASA) na Terra Chá e A Limia e deseñar un programa de actuación en Terras de Lemos.

374. Producións hortofroiteiras.

O déficit de froita e horta en Galicia é moi evidente e as posibilidades de desenvolvemento son enormes polas condicións ambientais de determinadas comarcas e polo coñecemento adquirido e a capacitación de moitos labregos e labregas. Desde o Goberno galego apostaremos moi decididamente por este subsector. Neste sentido:

- Elaboraremos un Plan específico para a Horta Galega dirixido a consolidar estas producións naquelas comarcas onde están asentadas (como as Mariñas Coruñesas, Salnés, Ulla, Sar e Baixo Miño) e a impulsar o seu desenvolvemento noutras zonas con potencial para a súa expansión.
- Melloraremos o aproveitamento da mazá de sidra e a mazá roxa, e fomento do cultivo de pequenos froitos. Realizaremos campañas de promoción dos produtos hortofrutícolas galegos co fin de fomentar o seu consumo no mercado interno.

- Colaboraremos cos concellos, coas asociacións de nais e pais e coas ONGDs para impulsar Hortas Escolares e Hortas Comunitarias como unha ferramenta de Educación Ambiental e humana.

375. Apoio ás redes curtas de comercialización e á soberanía alimentaria.

A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de desenvolvemento de canles curtas de produción e comercio de proximidade (como mercados locais e cooperativas de consumo) de alimentos e outros produtos agrogandeiros de calidade, por medio de liñas de axudas para a promoción de asociacións de produtores e consumidores. Estas axudas estenderémolas a entes locais e entidades sen ánimo de lucro para a realización de investimentos en infraestruturas e equipamentos para soste as redes curtas de comercialización de alimentos (transporte, almacenaxe e conservación, puntos de venda).

Estudaremos tamén a creación de sistemas de protección para algúns alimentos específicos, a través de marcas de garantía. Entre eles cómpre mencionar o leite de pasto, a marca de Garantía Horta Galega, a carne de montaña e a lamprea do Miño e do Ulla. Promoveremos, igualmente, as modificacións lexislativas necesarias para regular as iniciativas de certificación participativa de produtos de proximidade.

376. Apoio á Apicultura.

Impulsaremos as axudas directas ás explotacións que atopan dificultades para garantir a súa continuidade ou as de nova creación, así como a cooperativización do sector e prestaremos apoio ás organizacións de produtores de mel para reforzar a capacidade das persoas apicultoras na negociación de prezos e dos produtos tanto comestibles como cosméticos ou outros, derivados do propio mel.

Apoio ao sector lácteo.

O sector leiteiro xoga un papel estratéxico no mundo rural galego pero atravesamos unha situación crítica. A resposta a eses problemas require unha estratexia desde o Goberno galego que combine accións de choque a curto prazo coa adopción de medidas a medio e longo prazo. É precisa unha estratexia que integre unha posición firme para influír no marco europeo e estatal xunto coa adopción pola Xunta de Galicia de reformas e políticas decididas naquelas cuestións que son da súa competencia.

377. Impulsaremos as axudas directas e as adicionais do Fondo de Crise ás explotacións que atopan dificultades para garantir a súa continuidade, así como a cooperativización do sector e prestaremos apoio ás organizacións de produtores de leite para reforzar a capacidade das ganderías na negociación de prezos.

Adicionalmente, vixiaremos o cumprimento do Plan Nacional de Controis da Contratación no sector lácteo, e a través do Protocolo de control da venda de leite líquido envasado aqueles casos nos que se dean prezos anormalmente baixos. Avanzaremos na mellora da transparencia da transmisión do valor ao longo da cadea de subministración.

378. Medidas institucionais de defensa do sector lácteo.

- Presionaremos á Unión Europea para que adopte mecanismos que contribúan ao equilibrio do mercado e á recuperación dos prezos ao produtor, corrixindo a liberalización da política láctea europea aplicada na última década. Neste aspecto defenderemos o establecemento na UE de medidas públicas que permitan un control da produción e unha redución da volatilidade dos mercados.
- No Goberno galego adoptaremos unha posición activa na aplicación do “Paquete Lácteo” no Estado español e a súa concreción en Galicia, para lograr avances reais no equilibrio

das relacións entre gandeiros/as, industrias e distribución. Para isto na Xunta de Galicia: reactivaremos os mecanismos de interlocución e negociación a nivel galego; adoptaremos unha posición proactiva na mediación e supervisión dos contratos; e poremos en marcha tódalas actuacións que contribúan á transparencia, equilibrio e estabilidade da cadea de valor do leite.

- Reclamaremos confirmenza ao Goberno do Estado que aplique, de forma inmediata, a etiquetaxe obrigatoria da orixe do leite (aprobada xa por outros países da UE, como Francia e Italia).

379. Un modelo de distribución e comercialización do leite máis xusto.

Como complemento do anterior, desde o Goberno galego condicionaremos as axudas públicas e utilizaremos tódalas medidas ao noso alcance para conseguir compromisos das cadeas de distribución e das industrias que garantan a recollida do leite de tódalas explotacións con referencias obxectivas canto á negociación de volumes e prezos. Na mesma liña, controlaremos e perseguiremos as prácticas abusivas coas industrias por parte das cadeas de distribución e aplicaremos un plan de choque específico para as explotacións que están percibindo prezos máis baixos.

380. Cooperativismo agrario, produción ecolóxica e maior calidade da industria leiteira.

- Aumentaremos os fondos para apoiar a creación de cooperativas e a concentración da oferta de pequenos produtores agroalimentarios.
- Elaboraremos e aplicaremos un plan de desenvolvemento da industria láctea, baseado no apoio de proxectos que elaboren derivados de maior valor engadido e/ou baseados na diferenciación dos produtos e as marcas de calidade (leite e produtos lácteos ecolóxicos, leite procedente de vacas

alimentadas en pastos, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade).

- Favoreceremos aqueles proxectos industriais que contén cunha participación directa dos e das produtoras, ben sexa a través de cooperativas ou doutras organizacións.
- Tamén apoiaremos a transformación artesanal, para a valorización directa da súa produción por un segmento das explotacións.
- No Goberno galego adoptaremos unha posición activa para favorecer a configuración de proxectos industriais lácteos viables e diversificados, liderados na medida do posible por capital galego.

Potenciar os nosos produtos.

381. Valorizar a carne de vacún do país.

O vacún de carne é tamén un sector estratéxico no rural galego pola súa calidade e pola súa extensión ao longo do noso territorio. Con todo, está a sufrir problemas estruturais nos mercados globalizados e é, desde hai anos, un dos de menor rendibilidade e tamén dos máis desatendidos desde a Administración autonómica. Situado maioritariamente nas zonas do país máis desfavorecidas e castigadas pola crise, é fundamental tomar medidas de cara a unha orientación produtiva máis rendible. Neste sentido:

- Impulsaremos a implantación de pastizais para que as explotacións contén con base territorial suficiente. En especial, emprendemos a transformación de montes veciñais.
- Adecuaremos as liñas de axuda pública aos investimentos e ás necesidades reais do sector de vacún de carne e priorizaremos a gandería extensiva nas axudas ás zonas desfavorecidas.
- Fomentaremos o consumo da carne do país fronte á foránea en carnicerías e centros públicos (colexios, hospitais, etc.).

No caso das razas autóctonas desenvolveremos accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas que se desenvolven na actualidade. Daremos un novo impulso á Tenreira Galega galeguizando o nome da marca, co obxectivo de que teña capacidade para comercializar toda a carne de calidade das explotacións familiares.

382. Outras producións cárnicas: da gandería industrial á gandería con terras.

- A Xunta de Galicia elaborará un Plan Estratéxico específico para os sectores cunícola, porcino e avícola. O Plan será resultado da participación dos produtores, das súas asociacións, dos sindicatos, dos técnicos da administración e dos investigadores dos OPIs (Organismos públicos de investigación).
- A Xunta de Galicia tomará as medidas necesarias para impulsar os modelos artesanais, familiares e autónomos. Apostaremos pola produción avícola artesanal, como recolle o Decreto de 2011, e desenvolveremos as normas necesarias para estender ese modelo aos subsectores cunícola e porcino, contemplando os seguintes principios reitores: uso da base territorial (tódalas producións deberán observar a cría de animais en liberdade e no seu medio natural); regulamento da carga gandeira máxima en cada sistema produtivo e da alimentación, con base nas producións da propia explotación, incluídos cereais. Será prioritaria nesta lexislatura a posta en marcha de proxectos de produción de coello, porco e aves ecolóxicos.
- Apoiaremos a posta en marcha da “gandería artesanal”. Na Xunta financiaremos proxectos de matadoiros de proximidade ou móbiles, creando un marco legal axeitado para ter salas de despece caseiras ou infraestruturas nas propias explotacións que permitan aos produtores e produtoras comercializar directamente estes tipos de carne cumprindo todas as garantías sanitarias.

- Para o caso das razas autóctonas do porco e da avicultura, na Xunta de Galicia desenvolveremos accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas que se están realizar co porco celta, a galiña piñeira e a galiña de Mos.

383. Gando ovino e caprino.

A Xunta de Galicia do PP nunca lle concedeu a este subsector a importancia estratéxica e o potencial que ten, sobre todo ao tratarse duns animais que poden aproveitar biomasa que na actualidade non conta con outra función dentro do sistema agrario galego, Neste ámbito, deseñaremos de xeito participativo un plan de revitalización e impulso de ambos os dous sectores.

- Recoñeceremos e poremos en valor, mediante un programa específico, o aproveitamento silvopastoril e do pastoreo nos sistemas agrogandeiros vencellados á gandería de ovino e caprino e apostaremos pola valorización da la.
- En colaboración co sector, buscaremos oportunidades para a posta en valor da mesma, así como doutros subprodutos animais, con axudas públicas que permitan a aparición dunha industria de tratamento da la para a súa posterior transformación dentro do territorio galego, de cara a evitar a súa exportación a outros mercados.
- Debemos avanzar na profesionalización da rapa en Galicia.
- Crearemos as condicións técnicas e financeiras necesarias para impulsar a transformación do leite de ovino e cabrún.
- Afondaremos e estabilizaremos nas estratexias de prevención de danos por predadores nas ganderías e daremos impulso ao diálogo entre os actores involucrados.

Os nosos viños.

As cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia (Monte-rei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, O Ribeiro e Valdeorras) constitúen

un notable caso de éxito certificado por unhas cifras crecentes de exportación. Un sector cuxos progresos en materia de profesionalización e incorporación de coñecemento, tense materializado nun produto de elevada calidade. Consolidar os logros acadados e avanzar nun escenario internacional cada vez máis competitivo require de esforzos continuados en materia de comercialización, innovación, cualificación dos recursos humanos e sustentabilidade. PODEMOS Galicia - Alianza Verde propón as seguintes medidas específicas:

384. Apoio técnico e económico para reestruturar o sector vinícola.

- Coa incorporación de castes autóctonas e establecendo marcos de plantación que permitan un axeitado cultivo, priorizando aqueles modelos de xestión respectuosas co medio ambiente.
- Incentivaranse e apoiaranse con recursos públicos aqueles procesos de reestruturación mediante reagrupamento parcelario de xestión societaria ou cooperativa, que permitan salvagardar ou recuperar zonas de tradicional aptitude vitícola e permitan a xeración de postos de traballo ligados aos mesmos.

385. Os novos viñedos adoptarán os criterios das comarcas vitivinícolas.

As autorizacións para novas plantacións de viñedo deberán utilizar criterios de conservación dos recursos agrarios das comarcas vitivinícolas nas que se implanten. En moitas comarcas trátase do único recurso para manter a paisaxe, o medio e a actividade económica, moitas veces converténdose nunha verdadeira viticultura heroica. Esta actividade permite manter a poboación no rural, contribúe ao comercio local e frea o éxodo da xente moza, sobre todo na Galicia interior.

386. Revitalización da Mesa do Viño e contratos homologados.

Recuperaremos a actividade da Mesa do Viño, practicamente inoperante na actualidade, e estableceremos contratos homologados que deben garantir prezos xustos e dignos para os produtores. As explotacións de uva non poden depender dun mercado non regulado e moitas veces especulativo, como ocorre hoxe en día.

Desde a Xunta promoveremos e obrigaremos á interlocución entre as partes: produción, elaboración, comercialización e consumo.

387. Respaldo institucional á innovación vitivinícola.

O mundo do viño en Galicia e a calidade dos caldos ten experimentado un cambio sen precedentes nos últimos anos, especialmente coa formación e especialización dos produtores, coa posta en valor do seus cultivos de vide tradicionais e coa entrada de especialistas, como os enólogos, nas bodegas. Ao tempo, a introdución de novas e innovadoras técnicas ten contribuído de forma esencial á mellora dos nosos viños. Cremos que esta aposta pola investigación e a innovación, que os vinicultores comezaron a facer de forma individual, debe contar co apoio da nova Xunta de Galicia canto á formación e últimas técnicas para afianzar e avanzar na mellora dun sector produtivo de alto endemento económico.

388. Promoción internacional dos viños galegos.

Daremos apoio institucional á posta en valor e promoción dos nosos viños nos principais foros profesionais e feiras internacionais que o sector celebra anualmente. Xunto cos representantes das bodegas das distintas denominacións de orixe recoñecidas na nosa terra, participaremos cun pavillón propio dos caldos galegos no estranxeiro para dar a coñecer a calidade dos nosos viños, cada vez máis apreciados e demandados.

Xestión pesqueira integral.

O sector do mar en Galicia ven padecendo un auténtico proceso de reconversión promovido polas políticas pesqueiras da Xunta de Galicia do PP e a Unión Europea. Ademais dos ataques á nosa frota por parte daquelas forzas que pretenden unha concentración de capitais no sector do mar, a actividade pesqueira e marisqueira está fortemente condicionada pola inacción da Administración autonómica na conservación do noso mar, a deficiente depuración das nosas rías ou a erradicación do furtivismo que se teñen convertido xa en reivindicacións históricas do sector.

Así, desde o 2009 o sector perdeu 624 embarcacións (98 durante a última lexislatura) e case cinco mil postos de traballo. A estas dramáticas cifras temos que sumar os 344 permisos de marisqueo a pé perdidos no meso período.

A pesar desta situación, o sector do mar e a súa industria (incluíndo a acuicultura, a conserva e procesado de peixe e marisco, os conxeladores e frigoríficos, a comercialización, o sector naval e todo o entramado de industrias auxiliares e provedoras) continúan ser fundamentais para o país, dando emprego directo a máis de 54.200 persoas e cunha produción de mais de 6.500 millóns de euros ao ano. Non se entende Galicia sen o seu mar e o seu sector mariñeiro e marisqueiro, non atendelo, é atacar a Galicia mesma.

Para mudar as nosas políticas pesqueiras debemos afondar na coxestión, fortalecer as capacidades de representación e decisión das asociacións de produtores e combater tanto a competencia desleal como a venda de produto foráneo como propio. É urxente sanear e protexer as nosas rías, mares e ecosistemas mariños, para preservar o seu valor natural, pero tamén como garante económico. Debemos reforzar o papel das actividades pesqueiras e acuícolas, como fontes de alimentación e planificar a súa xestión desde este obxectivo como eixo fundamental.

389.Reforma da Política Pesqueira Común.

Impulsaremos un cambio na aplicación da Política Pesqueira Común que a faga realmente transparente e participada por tódolos sectores afectados, incrementado a descentralización da xestión a través da corresponsabilidade e a coxestión. Loitaremos para acabar co actual modelo inxusto de reparto de TAC (totais admisibles de capturas) e cotas favorecendo un novo reparto xusto baseado en criterios ambientais e socioeconómicos (aqueles que máis emprego xeran por tonelada descargada), sempre de forma exclusiva entre os usuarios do recurso.

390.Defensa e posta en valor da pesca artesanal.

Negociaremos tamén coa Unión Europea para que adopte, de forma consensuada co sector, unha definición de pesca artesanal clara e que incorpore as artes tradicionais respectuosas co medio que son máis relevantes na actividade pesqueira galega como a “arte do xeito”;e que se desenvolva e se aplique o apartado 25 da Resolución do Parlamento Europeo sobre unha nova Política Pesqueira Común que considera que a pesca artesanal accidental debe quedar excluída dos TAC e que á pesca artesanal ou de litoral se lle apliquen devolucións cero.

Cómpre favorecer a pesca artesanal daqueles sistemas de pesca tradicionais máis respectuosos co medio ambiente, que xeran mais postos de traballo por tonelada descargada e consumen menos enerxía por unidades de pesca. Estes sistemas abastecen maior diversidade de especies, son máis selectivos e os seus actores están máis concienciados coa necesidade de preservación dos caladoiros. Por iso estableceremos liñas de axuda para a súa modernización así como mecanismos de compensación económica ante as paradas biolóxicas, favorecendo sempre este tipo de pesca fronte á industrial.

391. Oposición ás cotas individuais transferibles.

A concentración de capital e actividade que provoca a compra venda de dereitos de pesca favorecen un sistema antisocial e

insostible ecoloxicamente. Os dereitos de pesca deben ser considerados como un ben público e polo tanto non poden ser suxeito de especulación e mercantilización. A proliferación deste tipo de actividade comercial de compra venda de cotas, suporá a desaparición de pequenos armadores, e provocará que soamente poida pescar aquel que teña capacidade económica previa para mercar os seus dereitos de pesca.

392. Ingresos dignos para os traballadores e traballadoras do mar.

Instauraremos nos mercados mecanismos que eviten a volatilidade dos prezos e a flutuación especulativa, garantindo prezos que superen os custes de produción, establecendo a posibilidade de introducir prezos mínimos de retirada consesuados co sector, e creando unha rede de distribución pública para abastecer comedores escolares, residencias, etc. Con estas medidas buscamos asegurar ingresos dignos para os traballadores deste sector.

393. Fomentar a organización do sector.

Como medida complementaria ao punto anterior e ante os enormes desafíos aos que se enfronta o sector do mar en Galicia, precisamos elaborar unha estratexia que permita mellorar a organización, adaptando e mellorando as súas funcións de representación, xestión e comercialización. Apostamos tamén pola necesaria sindicalización dos traballadores do mar, co obxectivo de mellorar as súas condicións laborais tanto internas como en países terceiros.

Traballaremos conxuntamente coas confrarías, asociacións de pescadores, asociacións de armadores, sindicatos, organizacións de produtores, federacións, confederacións, consellos reguladores, etc. na necesidade de mellorar a súa representatividade e presenza na toma de decisións.

394. Recuperación do seguro de mal tempo.

Desde a Consellería do Mar, estableceremos un seguro compensatorio ante as paradas obrigadas polo mal tempo que se producen nas frotas de artes menores polos amarres. O contido deste seguro así como o seu alcance e condicións serán negociados co sector. O obxectivo é compensar as perdas económicas provocadas polos temporais, de tal forma que se eviten as saídas a faenar en condicións inapropiadas debidas ás posibles necesidades económicas das empresas e profesionais do mar, co risco laboral e humano que supoñen.

395. Nova Lei de Pesca.

En colaboración co sector impulsaremos unha nova Lei de Pesca de Galicia, que contemple as reformas necesarias na organización do sector, a organización do mercado, a xestión dos recursos e os dereitos de uso, a creación de plans de xestión de especies a longo prazo e unha aposta decidida pola coxestión.

396. Plan integral de saneamento e xestión das rías galegas.

- Deseñaremos e implantaremos un Plan Estratéxico de Xestión Integrada das Rías de Galicia que incorporará obxectivos de resiliencia ambiental e ecolóxica, sustentabilidade e desenvolvemento socioeconómico. Incorporaremos neste proceso aos diferentes axentes políticos, científicos, económicos e sociais con implicación e coñecemento nestes ámbitos. Este plan abordará necesidade de mellorar a calidade das augas, nomeadamente nas zonas de marisqueo, co obxectivo de garantir un correcto estado de conservación que permita unha correcta explotación marisqueira, pesqueira, turística e recreativa das rías galegas.
- Completaremos a rede de saneamento, renovando e incrementado as plantas depuradoras, hoxe incapaces de tratar o caudal que reciben, dotándoas de depuración terciaria.

- Estableceremos un plan de inspección continuada, en instalacións públicas e privadas, que permita erradicar os milleiros de puntos de vertidos contaminantes e incontrolados existentes no litoral galego.
- Esixiremos desde o goberno Galego o traslado fóra das nosas rías das instalacións perigosas e contaminantes ubicadas nelas como ENCE (en Pontevedra), REGANOSA (en Mugarbos), XEAL (a antiga Ferroatlántica, en Cee) e os depósitos de Ferrazo en Vilagarcía. Ademais impulsaremos a clausura do punto de vertido de Sálvora na Ría de Arousa.

397. Novo Plan Marisqueiro.

- Realizaremos un esforzo orzamentario para recuperar zonas improdutivas e incrementar o espazo destinado a explotación marisqueira, co obxectivo de aumentar o número de permisos de Explotación (PERMEX).
- Introduciremos novos mecanismos de xestión das axudas para facilitar o acceso ás mesmas ás agrupacións de mariscadoras.
- Apostaremos pola semente autóctona coa instalación de novos criadeiros, ou hatcheries cento por cento públicas, que permitan subministrar semente autóctona a prezos alcanzables.
- Incrementaremos as inspeccións e controis, sobre todo nos puntos de venda e distribución, para evitar a proliferación de produto foráneo presentado como “galego”.
- Abordaremos cos sectores afectados, mexilloeiros e percebeiros, a elaboración dun acordo que permita o normal desenvolvemento de ambas actividades, respectando os intereses lexítimos dos sectores implicados, mediante a fórmula da coexistión e seguimento para garantir o acceso aos recursos de forma equilibrada e sostible.
- Información veraz da etiquetaxe do mexillón galego.

A Denominación de Orixe Mexillón de Galicia foi creada para axudar a poñer en valor o molusco procedente das nosas rías, sendo a única que legalmente pode empregar referencias á orixe galega do mexillón. Sen embargo, os dereitos dos produtores e dos consumidores están a ser continuamente vulnerados, empregando dita denominación para a venda de produto foráneo (especialmente de Chile e Perú). Comprometémonos a apoiar á denominación galega, promocionándoa e poñendo maiores recursos para o control do etiquetado.

- Controis sanitarios sobre as importacións de moluscos para sementar nas rías.

Moitos moluscos son depurados en circuíto aberto ou sementados sen ter en conta a presenza de organismos patóxenos, xa que non existe o suficiente control sanitario, podendo traer asociados patóxenos ou sementes doutras especies inexistentes en Galicia. Ao efecto de garantir o equilibrio ecolóxico das rías e a sostibilidade das produción, comprometémonos a regular as importacións de moluscos foráneos ás Rías Galegas e garantir a aplicación de controis sanitarios exhaustivos á entrada de organismos vivos para sementeira ou depuración en circuíto aberto.

398. Combater o furtivismo.

A presenza crecente de furtivos nas rías galegas e a extensión do fenómeno amosa a ineficacia das medidas adoptadas ata o momento para combatelo. Por iso:

- Reforzaremos os corpos e os sistemas de vixilancia e control do furtivismo, evitando a extracción e distribución dos seus produtos. O furtivismo non é homoxéneo polo que traballaremos en accións específicas para superar cada un dos tipos de furtivismo.
- Realizaremos políticas sociais orientadas a individuos que se converten en furtivos por necesidade: Campañas de educación entre mariscadores.

- Crearemos campañas de concienciación pública sobre os efectos adversos do furtivismo sobre a actividade marisqueira.
- Impulsaremos campañas de valorización da actividade marisqueira como ocupación socioeconómica relevante con efectos directos sobre outras industrias (conserveira, de conxelados, etc.).
- Realizaremos nos medios e institucións públicas, campañas de concienciación sobre os perigos sobre a saúde do consumo e compra de marisco ilegal e sen depurar.
- Incrementaremos a actividade inspectora sobre os focos de grandes compradores de marisco furtivo, poñendo especial atención na erradicación do furtivismo profesional.
- Ademais promoveremos o incremento de prazas públicas de gardacostas, que permitan superar, de forma paulatina, a actual obriga recollida nos plans de explotación, de que as mariscadoras teñan que facer as vixilancias das súas concesións.

399. Plan de Xestión propio para a Sardiña en Augas interiores.

Exerceremos as competencias que nos outorgan o Estatuto de Autonomía e a Constitución, para decretar un Plan Galego de Xestión da Sardiña nas rías galegas que, entre outras cousas, incremente as posibilidades de pesca da sardiña para a frota de xeito significativo. Realizaremos estudos científicos propios que nos permitan coñecer o estado do stock da sardiña en augas galegas e a situación da especie no interior das rías.

400. Apostar pola formación.

Actividades como a pesca artesanal ou o marisqueo están sometidas a esixencias competitivas, regulamentarias, de xestión interna, de comercialización ou de sostibilidade que fan preciso incentivar e facilitar cursos de formación e actualización.

Estas actividades de formación estarán deseñadas de acordo ás necesidades específicas e contexto existentes en cada confraría ou agrupación.

401. Apoiarse na mellor ciencia dispoñible.

Galicia conta co principal sistema de ciencia mariña do Estado integrado por centros de investigación públicos e centros tecnolóxicos públicos e privados. Sen embargo, se ben a creación de coñecemento científico é notable, a transferencia dos resultados da investigación aos sectores produtivos e a súa aplicación a resolución dos problemas do sector seguen a ser insuficientes. Consecuentemente comprometémonos a incrementar o esforzo para fomentar a investigación aplicada no sector e a transferencia de resultados. En particular:

- Investir na innovación da industria transformadora dos produtos procedentes do mar para aumentar a súa conservación e durabilidade, calidade, preservación e por tanto valorizalos, así como avanzar nas tecnoloxías alimentarias (envases en atmosfera protectora...) contribuíndo así a fixar máis riqueza no territorio.
- Mellora da identificación de especies e da súa orixe a fin de garantir a súa correcta etiquetaxe e evitar fraudes ao consumidor.
- Fomentar a colaboración entre empresa, industria, sectores produtivos e científicos.
- Dotar de medios económicos, técnicos e humanos, aos centros de investigación dependentes da Xunta como o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia-Intecmar ou o Centro de investigacións Mariñas-C.I.M.A., e apoiar a conversión do Centro Tecnolóxico del Mar (CETMAR) nun verdadeiro centro tecnolóxico, a fin de darlle resposta a problemas coma as enfermidades que afectan aos recursos das Rías (acumulación de chumbo na ameixa reloxo, marteilia no berberecho, toxina na vieira...), afrontar os problemas derivados do cambio climático (desde

os desprendementos do mexillón derivados da temperatura da auga ao impacto que poida ter na produtividade primaria das rías), favorecer a sostibilidade das actividades, etc.

- Facilitar o aumento da selectividade das artes de pesca.

Se ben durante o últimos anos estas teñen avanzado significativamente, este campo segue a ser un reto crítico a efectos de conciliar sostibilidade económica e social. Así, apoiaremos a mobilización de recursos científicos para mellorar a selectividade das artes de pesca.

- A investigación ao servizo da sustentabilidade pesqueira.

Realizaremos estudos científicos sobre a situación das especies pesqueiras afectadas por plans de recuperación ou polo peche das pesqueiras, stocks pesqueiros, evolución das especies e estado dos ecosistemas, incidencia da contaminación e os microplásticos, etc. que nos permitan implementar medidas eficaces tamén en ríos, rías e estuarios para asegurar o futuro do noso sector e o noso territorio.

402.Mellorar a presenza e a representatividade das mulleres no sector do mar.

Aínda que se ten avanzado enormemente na visibilización das mulleres no sector do mar, necesitamos estender e protexer o papel fundamental que desempeñan as mulleres no sector, desde as redeiras, mariscadoras e o resto de actividades pesqueiras, de forma que se incremente o seu protagonismo na xestión e toma de decisións, con medidas de contratación, formación náutico-pesqueira e fiscalidade. A correcta representación das mulleres debe reflectirse nas futuras certificacións dos distintos sectores pesqueiros e nas constitucións dos novos cabildos, confrarías e demais organismos de representación.

Turismo de calidade e sostible.

A actividade turística constitúe unha importante vía de desenvolvemento e de xeración de emprego e rendas para Galicia, que debe reflectirse nunha estrutura institucional axeitada. En particular, consideramos que a Axencia de Turismo de Galicia debe volver ser un referente no Estado, como o foi no seu momento Turgalicia, dotándoa de maior axilidade e capacidade de resposta aos retos do sector. A tal efecto consideramos que deben ser adoptadas as seguintes medidas:

403.Decisións eficientes baseadas en información veraz.

Aseguraremos a dispoñibilidade de información veraz, ampla e necesaria para, consecuentemente, poder adoptar as políticas turísticas máis eficaces e axustadas á unha realidade tan cambiante como a desta industria. A tal efecto resulta imprescindible que potenciemos a área de estudos e investigacións da Axencia de Turismo de Galicia -desmantelada ao longo das dúas últimas lexislaturas- atendendo tanto ás necesidades globais do conxunto de Galicia, como desenvolvendo liñas de colaboración cos diferentes xeodestinos, a fin de adecuar as ofertas e mercados de cada un deles ás novas demandas.

404.Resulta necesario abordar a revisión da carteira de produtos turísticos de Galicia para establecer as directrices necesarias que permitan o desenvolvemento útil dos mesmos e a súa competitividade no marco internacional.

Concretamente traballaremos cara a un turismo de calidade a través do reforzo da comunicación a nivel nacional e internacional e da estruturación de produtos turísticos baseados nos diversos e excelentes recursos de Galicia (turismo cultural, de reunións, de natureza e rural, de balnearios, enolóxico, gastronómico, relixioso, Camiño de Santiago, deportivo, de eventos, etc). Asemade, potenciaremos nichos de mercado concretos e rendibles que contan cada vez cunha maior demanda como a observación de aves, xardíns, idiomático, turismo mariñeiro...etc.

405. Estableceremos tamén un primeiro chanzo da promoción dos destinos de interior mediante a súa incentivación e impulso no mercado interno, o que redundará en que os propios galegos/as coñezan máis e gocen do seu país mediante estancias curtas.

406. Desenvolveremos un Plan de Sostibilidade do Turismo, mediante acordos concretos cos distintos actores e nun horizonte temporal de quince anos, que estableza novas bases para o avance dun novo modelo turístico para Galicia e para cada un dos municipios turísticos.

Aseguraremos procesos produtivos sostibles mediante a regulación adecuada dos sistemas de transporte dos subministros, embalaxes e reciclaxe.

407. Impulsaremos novos e máis eficaces modelos de xestión dos establecementos, dos servizos, dos destinos turísticos e, incluso, das institucións implicadas, baseados en criterios ecoeficientes.

Promoveremos a desestacionalización e o desenvolvemento dos destinos turísticos xestionados mediante organismos participativos, capaces de incorporar os intereses dos distintos actores: empresarios, traballadora/es, cidadanía, xestora/es, investigadora/es, técnica/os e responsables política/os.

408. Reforzaremos os mecanismos de diálogo e cooperación público-privados e co Consello Galego de Turismo para acadar un desenvolvemento coherente e acompasado do sector turístico a nivel destino, así como para poñer en marcha iniciativas específicas xurdidas do consenso con estes actores.

409.Camiño de Santiago.

- Dado o atractivo e o interese turístico do Camiño de Santiago, crearemos unha Oficina de Xestión Integral do Camiño Francés -declarado Patrimonio da Humanidade e Primeiro Itinerario Europeo-, ao efecto de exercer tarefas de coordinación entre os diferentes órganos das administracións competentes, favorecer o diálogo público-privado, incorporar coñecemento experto e executar a supervisión ou coordinación de actuacións conxuntas.
- Revisaremos toda a lexislación galega aprobada en relación ao Camiño de Santiago para actualizala e adaptala ás novas demandas.
- Elaboraremos, paralelamente, Plans de xestión, protección e promoción dos resto dos camiños, reforzando a súa preservación para impedir novos atentados contra a súa traza histórica como sucedeu sobre o Camiño Francés co aval da Xunta do PP á mina de Touro-O Pino.
- Estableceremos un plan de actuación para a mellora do seu atractivo como plantación de árbores de sombra, máis fontes ou o repaso e mellora da sinalización.
- Dinamización turística e de protección das rutas xacobeas.

Aprobaremos un Plan de Dinamización Económica, Turística e de Protección Patrimonial das Rutas Xacobeas co que desenvolveremos programas concertados pola Xunta de Galicia que contribúan a reactivar a economía e favorezan a permanencia de poboación nas comarcas integradas nas distintas rutas xacobeas. Trátase de conectar a intervención pública con iniciativas locais ligadas á protección e conservación do patrimonio cultural e natural; o mantemento e mellora das rutas de peregrinación; o desenvolvemento, consolidación e diversificación de servizos turísticos; a promoción de produtos alimentarios e artesanais locais; e o desenvolvemento de industrias e servizos anexos.

As intervencións terán lugar nas comarcas ligadas ao Camiño Francés e ás restantes nove rutas xacobeas en Galicia

(Camiño de Fisterra e Muxía, Vía da Prata, Camiño Inglés, Camiño Primitivo, Camiño do Norte, Ruta do Mar de Arousa e río Ulla, Camiño de Inverno, Camiño Portugués e Camiño Portugués da Costa).

- Mellora dos núcleos dos Camiños.

Sendo os núcleos de poboación un dos criterios da autenticidade nos que se basea a declaración do Camiño Francés como Patrimonio Mundial, entendemos positiva a súa recuperación -que faremos extensiva progresivamente ao resto- xa que conta, ademais, co apoio amplo dos xestores públicos locais. Crearemos un Observatorio dos Camiños no marco das áreas de estudos da Axencia Turística de Galicia a fin de dispor de datos fidedignos de oferta, demanda, percepción da poboación local, impacto económico, etc. Daremos recoñecemento a aquelas empresas ou colectivos que, a través do seu labor ou servizos, contribúan a transmitir e conservar a cultura e os valores das diferentes rutas xacobeas.

410. Plan Integral Ribeira Sacra.

Aprobaremos un Plan Integral da Ribeira Sacra con recursos e financiamento suficientes para deseñar e aplicar, en colaboración tanto co Estado como cas Deputacións de Lugo e Ourense e os concellos da zona, un programa de medidas e actuacións específicas. Os obxectivos deste plan serán o desenvolvemento socioeconómico da Ribeira Sacra e a protección e divulgación do seu patrimonio ambiental e cultural a partir da súa declaración como Ben de Interese Cultural e candidata a Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO.

411. Conectar a área atlántica.

Ao longo do Atlántico, de Portugal aos países escandinavos, existen elementos dun relato común, dunha cultura compartida, factores de recoñecemento que facilitan a aproximación ás distintas identidades que conforman esta área. Sen embargo, existe unha aínda escasa atención ás demandas dos

viaxeiros e turistas desta extensa zona que debemos corrixir especificamente.

412. Selo de calidade turística.

Crearemos un selo de recoñecemento da calidade turística para os establecementos que respecten os dereitos laborais e coiden a súa contorna. Esta rede de establecementos, incluírase nunha plataforma dixital pública de servizos turísticos de excelencia. Este selo distintivo será a primeira liña de visibilización dunha malla de turismo sustentable de calidade e que aposta pola modernización, a desestacionalización e a descentralización deste sector.

4. Ecoloxismo

O territorio galego cos seus montes, ríos e rías, constitúe un enorme tesouro que cómpre coidar e mimar para poder continuar a gozar del no futuro. O noso goberno respectará o medio ambiente e a nosa xeografía, consciente da enorme riqueza que conteñen. Un goberno no que traballaremos para conservar e desenvolver tódolos recunchos de Galicia, tódalas cidades, vilas, barrios e parroquias do país.

Un novo modelo territorial para vertebrar o país.

Temos un compromiso firme na vertebración de Galicia. Precisamos un novo modelo de organización territorial que favoreza o equilibrio económico entre a Galicia do Eixo Atlántico e a Galicia interior, que consolide as actividades económicas ligadas ao capital territorial das ecorrexións e inicie procesos irreversibles dunha distribución territorial máis equitativa que permitan ás persoas vivir e traballar no lugar onde nacen se así o desexan.

Apostamos por políticas absolutamente contrarias ás que ven desenvolvendo a Xunta do Partido Popular que responden a un modelo territorial e urbanístico obsoleto, incoherente e fragmentado que non contempla ao país como un todo; un modelo desarrollista onde prima a especulación inmobiliaria; inseguro xuridicamente porque está sometido a constantes modificacións; que non respecta os valores naturais e paisaxísticos; que destrúe o patrimonio arquitectónico tradicional; que diminúe a superficie agraria útil, etc.

413. Novo Código de ordenación territorial e urbanística.

Aprobaremos un código que rexa a normativa reguladora da ordenación territorial e urbanística para impulsar un novo modelo de convivencia dotado de estabilidade e ao servizo do ben común.

414. Derrogaremos a actual normativa dispersa en varias leis que son incoherentes entre si.

Neste senso resulta fundamental que desde a Administración autonómica se redacten directrices para a redacción de cada planeamento municipal cunha visión conxunta de país; se faciliten mecanismos de solidariedade nas propostas municipais que asignen aos concellos os adecuados papeis na organización territorial e impidan a concorrencia entre municipios ademáis de contribuir, cadanseu na súa medida, á solidariedade territorial e ao equilibrio demográfico.

415. Revisión das Directrices de Ordenación do Territorio.

Revisaremos as Directrices de Ordenación do Territorio e cambiaremos o actual modelo obsoleto coa finalidade de garantir o reequilibrio territorial, a adaptación ao cambio climático e á transición enerxética, a creación dunha rede galega de infraestrutura verde, a preservación dos recursos naturais e a biodiversidade, a revitalización das cidades e dos núcleos de poboación existentes, e o aumento da calidade de vida para a xente do común.

416. Estudos de impacto socioeconómico obrigados.

Os proxectos de infraestruturas supoñen importantes modificacións sobre o territorio, o medio ambiente e sobre o tecido socioeconómico do lugar en que se instalan polo impacto que causan sobre o contorno.

Aprobaremos unha lei para a realización obrigatoria e inescusable de estudos de impacto socioeconómico e medioambiental naquelas obras que superen os dez millóns de euros de orzamento. Esta Lei regulará o procedemento de avaliación de impactos, garantirá a participación cidadá real e efectiva, incorporará as consecuencias ambientais, económicas e sociais, así como o procedemento que resulte máis adecuado e un órgano administrativo colexiado.

417. Cidades sostibiles.

Levaremos a cabo unha política activa que transforme os ecosistemas urbanos en lugares máis sostibiles e habitables favorecendo un crecemento equilibrado e un urbanismo de calidade que sexa esixente coa aplicación de medidas medioambientais. Con estes obxectivos:

- Favorecemos o uso eficiente do solo (compactación, que abandone o modelo especulativo de construción desmesurada e se oriente cara á rehabilitación e a eficiencia enerxética dos edificios existentes, o que por outra banda creará máis emprego e de maior calidade),
- Perseguiremos un espazo público de calidade con posibilidades reais de mobilidade sostible e na que coexistan diversos usos e funcións que permitan, ao tempo, o incremento de zonas verdes e da biodiversidade urbana.
- Buscaremos a máxima eficiencia dos servizos a través da xestión pública e sustentable do ciclo completo da auga e dos residuos sólidos urbanos. A meta final é un aumento da cohesión social e a máxima eficiencia do sistema urbano.

418. Impulsar a rexeneración urbana.

Promoveremos un programa público de rexeneración urbana de carácter integral para o período 2024/2028, dando prioridade aos conxuntos históricos e aos barrios en situación de vulnerabilidade, evitando o fenómeno da xentrificación ou perda da poboación residente.

419. Transformación urbanística e protección de propietarios e residentes.

Melloraremos as técnicas de execución do planeamento territorial e urbanístico, axilizando os procedementos e garantindo a debida protección dos pequenos propietarios afectados, das persoas residentes no ámbito de actuación e do conxunto da cidadanía.

420. Programaremos as actuacións de transformación urbanística e regularemos os supostos de perda de vixencia dos plans no caso de incumprimento dos seus prazos de execución coa finalidade de evitar calquera tipo de especulación.**421. Xestionar o dominio público marítimo-terrestre e as bacías hidrográficas.**

Reclamaremos ao Estado a transferencia a Galicia das competencias sobre o dominio público marítimo-terrestre e sobre as bacías hidrográficas situadas dentro do territorio galego. Revisaremos o Plan de Ordenación do Litoral para incorporar a perspectiva de adaptación á emerxencia climática e recuperar o borde litoral (especialmente o solo portuario que deixa de ter esa finalidade) para o uso público e así protexer os asentamentos tradicionais de poboación emprazados no litoral.

422. Recuperar o patrimonio público desafectado.

Queremos recuperar para uso e goce público os enclaves, terreos e a multitude de edificacións estatais espalladas polo noso país e que, actualmente, están en desuso ou abandonadas. Instaremos ao Estado á cesión gratuíta para os concellos dos terreos que no pasado estiveron destinados a infraestruturas de transporte, á defensa nacional, ou a outros equipamentos e dotacións públicas desafectados para evitar, tamén, a especulación urbanística sobre eles.

Desde o goberno da Xunta reclamaremos ante a Administración xeral do Estado a modificación da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante para esixir a devolución á cidadanía dos espazos portuarios non dedicados ao tráfico marítimo e á loxística internacional e promoveremos as modificacións legislativas necesarias para garantilo, xa que a lexislación vixente configura ás Autoridades Portuarias como espazos de xestión fóra da gobernabilidade municipal.

Con esta finalidade reclamaremos ao Goberno central, entre outras cuestións:

- O traspaso da Illa de Tambo á Xunta de Galicia.
- A cesión do edificio do apeadoiro de Franza ao Concello de Mugardos.
- Os terreos de dominio público marítimo terrestre localizados no Porto e Fábrica de Massó ao Concello de Cangas.
- O antigo Edificio de Aduanas e a zona ocupada polo antigo peirao carboeiro ao Concello de Ferrol.
- O Campo de Tiro de Penizas ao Concello de Marín.
- O espazo de Cabo Silleiro ao concello de Baiona.
- Os antigos edificios de Facenda e da Garda Civil ao Concello de Pontevedra.
- O edificio do antigo centro de saúde e o edificio do antigo sindicato ao Concello de Betanzos.
- As antigas vivendas de ferroviarios ao Concello de Ribadavia.
- O antigo Cárcere Provincial, os terreos do campo da Estrada, así como os terreos dos peiraos interiores que deixen de ter uso portuario, no Concello da Coruña.

423. Loita contra a corrupción urbanística.

- Adoptaremos medidas eficaces para a prevención da corrupción urbanística e para evitar a arbitrariedade e a especulación inmobiliaria.
- Prohibiremos as portas xiratorias na Administración autonómica e local.
- Garantiremos a participación efectiva da comunidade nas plusvalías urbanísticas
- Impediremos a apropiación do aproveitamento urbanístico sen asumir os gastos de urbanización e a entrega de solo para dotacións públicas necesarias.

424. Impedir o negocio urbanístico co lume.

O novo Goberno galego deseñará ferramentas, en coordinación cos servizos competentes, para impedir as recualificacións de terreos que teñan padecido unha catástrofe natural (incendios, asolagamentos, derrubamentos) e que deberán manter as súas condicións anteriores para a súa rexeneración.

425. Recoñecemento das comarcas e parroquias.

- Aprobaremos unha nova Lei de Réxime Local que impulse a autonomía municipal e regule as áreas metropolitanas, as comarcas e recoñeza ás parroquias como entidades locais propias de Galicia, facilitando sempre a participación da veciñanza.
- Instaremos ao Goberno de España á supresión das Deputacións provinciais e, mentres tanto, coordinaremos as súas competencias para evitar o clientelismo político.
- O novo Goberno galego desenvolverá e deseñará ferramentas didácticas e pedagóxicas para o coñecemento do

noso territorio, dirixidas a tódolos niveis e ciclos educativos e dotará tanto de ferramentas como de medios para a formación ao propio persoal da administración.

- Asemade, asumiremos á reorganización e a reforma dos múltiples e diferentes órganos existentes na Administración autonómica en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, que son unha das causas da fragmentación e descoordinación territorial. Daremos un novo enfoque as funcións do Instituto de Estudos do Territorio para convertelo nun instrumento dinámico e útil no cambio de modelo de organización territorial que se propón.

Unha mobilidade sostible.

A dispersión xeográfica da poboación e a complicada orografía do noso país ten dificultado unhas boas infraestruturas de conexión do territorio pero iso non se pode converter nunha excusa para aprazalas indefinidamente ou non acometer un plan de transporte público de calidade que solucione as necesidades de mobilidade da cidadanía e se converta nunha auténtica alternativa aos desprazamentos en vehículos privados. Temos tamén que ser conscientes de que estas infraestruturas non poden ser ilimitadas porque conlevan un importante impacto sobre o territorio e, polo tanto, é necesario que estean moi ben pensadas e xustificadas. Con todo, precisamos unha Galicia ben conectada internamente e tamén co resto do mundo.

426. Lei de Mobilidade Sostible, Accesible e Segura de Galicia.

Precisamos abordar con urxencia a mobilidade en Galicia desde unha perspectiva integral e sistemática, establecendo un marco xurídico regulador que debe responder a unha xestión da mobilidade das persoas e do transporte de mercadorías baixo principios de sustentabilidade, seguridade e equidade territorial e social.

427. Plan Estratéxico de Mobilidade Galicia 2030.

Debemos dirixirnos cara un modelo integrado de mobilidade sostible, accesible e segura. Para isto, é fundamental establecer mediante directrices e liñas de planificación, a mobilidade no noso territorio. O Plan debe abordar os diferentes planos da mobilidade e debe servir de guía das diferentes accións a implantar ao longo da próxima década.

Pero para que esta estratexia funcione precisamos coñecer previamente os diferentes desprazamentos que se producen no nos país, polo que realizaremos estudos de mobilidade periódicos que sirvan de base para unha ordenación axustada a unha realidade sempre cambiante. Estes estudos resultan imprescindibles para a toma acertada de decisións partindo dunha información ampla e veraz, ben mediante enquisas orixe-destino ou outras bases de datos apropiadas.

428. Un sistema de tarifas integrado e xusto.

O réxime tarifario é unha das ferramentas máis poderosas para promover a mobilidade sostible, o equilibrio territorial e a xustiza social. Por iso faremos unha aposta pola rebaixa do réxime de tarifas no transporte en Galicia que potencie a mobilidade sostible para toda a cidadanía galega.

429. Implementar o título único de transporte e novas tecnoloxías.

Ao tempo que se impulsan a construción das estacións intermodais e os intercambiadores modais, precisamos avanzar na coordinación entre o transporte en autobús (urbano e interurbano) co ferrocarril e o marítimo ou de ría, mediante un título de transporte único e adaptado ás novas tecnoloxías.

Para poder dar cohesión ao noso territorio precisamos dun sistema de mobilidade intermodal, ecolóxico e articulado polo que emprenderemos negociacións co Goberno central para acadar as inversións necesarias en varias liñas de actuación principais:

- Axilización das obras para a conexión dos servizos ferroviarios de Alta Velocidade a Galicia cos mellores sistema de seguridade dispoñíbles.
- Activar a execución da denominada Variante de Ourense.
- Construción das estacións intermodais segundo os compromisos xa adquiridos polo Estado coa Xunta de Galicia e os concellos das principais cidades.
- Tren de proximidade para as áreas metropolitanas galegas (Vigo-Pontevedra, Vilagarcía-Compostela e A Coruña-Ferrol).
- Ampliación das frecuencias entre Ourense e Compostela e redución da tarifa.
- Melloras nas conexións ferroviarias para a cidade de Lugo.
- Melloras e actuacións precisas para diminuír os tempos da conexión Vigo-Ourense.
- Desenvolvemento das conexións ferroviarias Vigo-Porto e A Coruña-Ferrol.
- Modernización e reforma integral da liña de ancho métrico (antiga liña estreita, FEVE) entre Ferrol e Xixón.
- Mellora do tren convencional (ampliación de servizos e frecuencias, e electrificación total da rede ferroviaria).
- Conexión ferroviaria dos portos galegos coas liñas de alta velocidade.

430.Portos e aeroportos.

O Goberno galego debe ter capacidade de xestión propia sobre os portos e aeroportos situados no seu territorio, transferencia que, como explicamos anteriormente, solicitaremos sexa traspasada desde o Goberno Central á Xunta.

- Neste sentido elaboraremos un Plan integrado de coordinación do Sistema Aeroportuario Galego no que participen tódolos axentes implicados. Na perspectiva dunha futura privatización total de AENA estudaremos as vías para crear un ente público de xestión aeroportuaria galega.
- Estudaremos alternativas para a implantación dun plan de consolidación e diversificación da actividade aeroportuaria galega, co desenvolvemento de novas liñas de negocio -como o de base de operacións de empresas de transporte aéreo de correo e pequena paquetería- aproveitando o gran incremento desta actividade polo auxe das plataformas comerciais on line. Estes novos desenvolvementos servirían de impulso ao sector loxístico, que ten unha importante repercusión na apertura de novas oportunidades e nichos de mercado para a industria manufactureira e o comercio.
- Aprobaremos unha nova Lei de Portos de Galicia que garanta a súa coordinación e complementariedade para evitar a competencia entre eles. Promoveremos, asemade, nesta Lei un uso responsable dos recursos naturais do noso medio costeiro e mariño e a sustentabilidade e eficiencia enerxética dos 123 portos de titularidade autonómica, así mesmo, esta reforma modificará a actual fiscalidade do uso de térreo portuario para usos sociais, culturais e festivos evitando o abuso da situación actual.

431. Rescate da concesión da AP-9.

A actual xestión da Autoestrada do Atlántico non serve para mellorar a cohesión territorial do eixo atlántico e encarece de xeito notable a cada pouco un traxecto fundamental a nivel social e económico. Ademais, a AP-9 é unha infraestrutura completamente amortizada. A AP-9 é hoxe un negocio redondo para os seus accionistas, e unhas estafa para a cidadanía galega: Nos últimos 23 anos recadou mais de 2.500 millóns de euros, cun beneficio antes de impostos de 1.900 millóns e xerando unha rendibilidade dun 700% mais que a media das empresas do Estado.

É por iso que solicitaremos o inmediato rescate da concesión da Autoestrada AP-9 e o seu posterior traspaso a Galicia, para acabar coa estafa continua que sofre a economía da cidadanía galega coa situación actual.

432. Mellora da Rede de Estradas de Galicia e a súa seguridade.

Deseñaremos e executaremos un Plan integral de recuperación, rehabilitación e reforma das estradas autonómicas, provinciais e locais en Galicia que actualmente presentan tramos en mal estado, falta de mantemento e unha avanzada degradación produto da ausencia de investimentos na súa conservación. Tamén impulsaremos un plan de adaptación da normativa das vías de titularidade galega á realidade das mesmas, buscando obter os mellores estándares de seguridade posibles.

Na mesma liña, instaremos ao Goberno central a que tome as mesmas medidas de mantemento e mellora da seguridade nas vías da súa competencia.

433. Un parque móbil privado menos contaminante.

- Implantaremos liñas de investimento que apoiarán a implantación do coche eléctrico e híbrido ou que funcionen con outras tecnoloxías alternativas aos combustibles fósiles: industria de motores, tecnoloxía do hidróxeno, redes intelixentes, innovacións sociais para favorecer a mobilidade, etc.
- Reivindicaremos o apoio directo por parte do Estado ás empresas deste sector estratéxico en Galicia para que poidan adaptar as súas cadeas de montaxe á produción de coches eléctricos ou alternativos aos derivados do petróleo e sen que o cambio do parque móbil supoña ningún custo engadido á economía das familias.
- Crearemos unha rede intelixente de puntos recarga eléctrica para vehículos ou electrolíneas, establecendo zonas prioritarias de instalación, dispoñendo redes máis eficientes e priorizando o seu carácter público. Todas estas medidas

contarán cun marco normativo que favoreza a xestión pública das redes de distribución eléctrica.

434. Plan estratéxico da bicicleta.

- Trazaremos unha estratexia de seguranza viaria orientada á seguridade de peóns e ciclistas/vmp con velocidade limitada a 30 km/h. para os vehículos nas rúas das cidades.
- Fomentaremos a intermodalidade tren-bicicleta cun mínimo dun 10% de prazas reservadas para poder levar unha bicicleta no tren e cumprir co obxectivo de que un 10% dos desprazamentos sexan en mobilidade activa en bicicleta ao final da lexislatura. Unha medida que será complementada coa creación ou incremento de estacionamentos seguros para bicicletas nos principais intercambiadores modais.
- Para estimular o uso deste transporte non contaminante e saudable, incentivaremos a adquisición de bicicletas de pedaleo asistido a través de subvencións, plans de financiamento ou plan “renove”.
- Converteremos tamén as vías de ferrocarril en desuso en rutas ciclistas (“Vías Verdes”).

A auga: un ben común.

O carácter vital e esencial da auga esíxenos implantar un modelo de xestión que garanta a eficacia, a solidariedade, a eficiencia, a equidade e o control democrático dos servizos de auga desde a perspectiva do ben común. A vaga privatizadora dos últimos anos inseriu a xestión da auga nun contexto de prioridade do beneficio privado fronte ao interese xeral. As consecuencias deste modelo son claras: falta de inversión na rede de abastecemento, unha porcentaxe de fugas inadmisíble e obsolescencia dos sistemas de captación, potabilización e depuración de augas.

Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde apostamos por garantir o dereito universal á auga de calidade que é, ademais,

dun asunto de saúde pública un elemento moi pegado á nosa identidade, asumir o reto da necesaria transición hidrolóxica de cara á emerxencia climática e a conseguinte recuperación e axeitada xestión dos ecosistemas hidrolóxicos que aportan ademais unha gran oportunidade económica para o noso país.

435. Xestión 100% pública da Auga.

Reformularemos a estrutura de Augas de Galicia coa fin de favorecer, impulsar e desenvolver mecanismos de xestión 100% pública do servizo de abastecemento e saneamento da auga. Para conseguilo prestaremos soporte xurídico, administrativo, técnico e financeiro aos concellos galegos para acadar este obxectivo.

436. Fixar un mínimo vital de 100 litros por persoa e día.

A necesidade de recoñecer expresamente a auga como dereito humano, así como de regular os instrumentos que garantan a prestación dos servizos de abastecemento e saneamento de auga a colectivos e familias en situación de vulnerabilidade, obríganos a fixar por lei un mínimo vital de 100 litros de auga por persoa e día.

437. Dotaremos á entidade de Augas de Galicia dos medios e recursos necesarios para o cumprimento real da Directiva Marco de Auga, que ten como obxectivo prioritario a protección e conservación da calidade ambiental de tódalas augas (ríos, acuíferos, humedais, lagos e augas costeiras).

438. Garantía de abastecemento en períodos de seca ou risco sanitario.

Modificaremos a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas

situacións de risco sanitario. Toda a regulación normativa para combater os períodos de seca debe fundamentarse no principio de precaución fronte ao cambio climático tal e como dita a Directiva Marco de Auga. Da mesma maneira é fundamental ter en conta o carácter estrutural, recorrente, inevitable e rexional (non local) dos fenómenos de seca, a fin de reducir ao máximo a vulnerabilidade social e ambiental derivada destes períodos.

439. Creación dun Laboratorio Urbano de Auga.

Fomentaremos a creación dun Laboratorio de Auga Urbana en Galicia que supervise a calidade dos servizos de abastecemento, ademais de asesorar aos concellos na súa xestión. Este Laboratorio de Auga Urbana debe contar cos axeitados mecanismos de participación e de control público.

440. Mellora das redes de saneamento e depuración das augas.

- É urxente desenvolver un Plan de Saneamento para Galicia para dar solución ao colapso da xestión dos servizos de saneamento das redes urbanas provocado polo mal estado de funcionamento do 60 % das Estacións Depuradoras de Augas Residuais. Con este novo Plan integral de Saneamento pretendemos acabar coa contaminación sistémica dos nosos acuíferos e cursos de auga e protexelos.
- En liña co anterior, é prioritario para nós dotar de medios e recursos a Augas de Galicia e aos servizos de vixilancia para loitar de forma efectiva contra as verteduras urbanas, industriais e agrogandeiras que contaminan de forma sistémica tódalas nosas augas.

441. Apoio ás Comunidades de Augas.

Elaboraremos unha Guía de Apoio ás Comunidades de Augas, como unha aposta clara da Administración pública galega pola conservación e fomento desta vía de xestión comunitaria.

442. Aval de recursos hídricos nos desenvolvementos urbanísticos.

Crearemos un Certificado de Disponibilidade Hídrica que será obrigado para novos desenvolvementos urbanísticos. Con este certificado, que será expedido por Augas de Galicia, aseguráremos de que eses novos equipamentos urbanísticos dispoñen e garanten a capacidade necesaria para acceder aos recursos hídricos de forma responsable e respectuosa co medio.

443. Impulso dunha nova cultura da auga e fomento da auga da billa.

- A través da Estratexia Galega de Educación Ambiental, na Xunta de Galicia incluiremos accións encamiñadas a sensibilizar á poboación da necesidade de facer un consumo de auga responsable, evitando o despilfarro para axudar á conservación ambiental e á prolongación dos recursos hídricos.
- En colaboración cos concellos traballaremos para transmitir con claridade as cualidades da auga da billa e a idoneidade da titularidade pública da mesma para, á vez, favorecer elementos de identificación culturais da cidadanía cos seus propios recursos hídricos.
- Asemade, implantaremos unha estratexia encamiñada a eliminar o consumo de auga embotellada en tódalas dependencias administrativas dependentes da Xunta de Galicia, así como nas dependencias do Parlamento de Galicia.

444. Nova proposta para a xestión das Augas Termais.

Favoreceremos un novo marco de xestión das augas termais centradas no ben común, de forma que se poidan xerar novas oportunidades económicas que repercutan no interese xeral da cidadanía e das comunidades locais.

445. Realizaremos un Plan específico para a protección integral do patrimonio cultural, arquitectónico e etnográfico relacionado coa auga velando pola súa conservación e restauración.

Neste Plan incluiremos a colaboración cos concellos para a protección de lavadoiros, pesqueiras, fontes, muiños, canais de rega ou pontes históricas.

Novo modelo de xestión de residuos.

O colapso do actual modelo de xestión de residuos converteuse nunha das principais problemáticas medioambientais que asolan o noso territorio. A Xunta de Galicia debe dotarse dos instrumentos normativos necesarios para desenvolver unha nova xestión de residuos sustentable ambientalmente e eficiente economicamente.

Faise prioritaria a redacción dunha nova Lei de Residuos para Galicia na que propoñamos un modelo da xestión de residuos máis competente e poñamos solución á catástrofe ambiental causada polo modelo obsoleto da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA). A nova Lei de Residuos de Galicia que nós propoñemos basearase en criterios sustentables, non contaminantes e, sobre todo, no principio de que o mellor residuo é o que non se xera. Ademais da reformulación do tratamento baseado na redución, reutilización e reciclaxe. Avogamos pola compostaxe e o control e tratamento axeitado de cada vertido segundo a súa natureza así que ampliaremos as redes de puntos limpos e verdes. Apoiaremos tamén outro tipo de incentivos, como os fiscais ou a fin da obsolescencia programada.

Cambio inmediato do actual modelo de xestión e tratamento dos residuos. Pensamos que a solución pasa por reverter, de xeito inminente, o modelo actual aplicado desde a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA). Un modelo caduco e fracasado que non responde a criterios ecolóxicos, sustentables, eficientes e nin sequera económicos porque:

Está baseado nunha xestión excesivamente centralizada e non adecuada ao territorio galego, que obriga a unha enorme pegada de carbono provocada polo transporte de residuos dada a dispersión urbana de Galicia.

Ademais é altamente contaminante xa que se basea na incineración. SOGAMA leva anos contaminando o aire de todas e todos a cambio de que “Naturgy” (propietaria do 49%) obteña inxentes beneficios asociados á produción de enerxía.

SOGAMA incide nun incumprimento sistemático dos obxectivos marcados polas Directrices Europeas no marco da economía circular. Ditos obxectivos marcan para o presente ano 2020 porcentaxes de reciclaxe do 50%, namentres que en SOGAMA estanse a dar ridículas cifras de reciclaxe que xiran ao redor do 3%. Tendo en conta que SOGAMA xestiona o 90% dos residuos sólidos urbanos producidos en Galicia, e que a maior parte dos concellos son clientes reféns, atopámonos ante unha estafa á cidadanía.

A proliferación de vertedoiros en antigas canteiras é unha das mostras máis palpables do colapso do modelo SOGAMA. Unha problemática medioambiental de primeira orde que pon en risco a saúde das persoas, provoca a contaminación sistemática dos nosos acuíferos e cursos de auga e que ten grandes afeccións no desenvolvemento económico das zonas afectadas.

446.Xerarquía de tratamento: redución, reutilización e reciclaxe.

Existe un consenso rotundo arredor de cales deben ser as chaves para unha xestión de residuos respectuosa co medio ambiente, baseadas no que comunmente é coñecido como a xerarquía dos tres “R”: Redución, Reutilización e Reciclaxe. Por esta orde, a xestión de residuos cinguiríase a seguinte xerarquía de tratamento: prevención e redución, preparación para a reutilización, reciclado, valorización e eliminación.

447. Principios de proximidade e de precaución.

Respectando as premisas da economía circular, tódolos refugalllos deben ser tratados de xeito preferente nas proximidades de onde son xerados, implementando sistemas descentralizados e tendo como prioridade básica a minimización da súa trasfega. É por isto que toda Lei de Residuos debe estar baseada nos principios de proximidade e de precaución.

448. Xestión de biorresiduos e aposta pola compostaxe.

A fracción orgánica supón o 40% do peso da bolsa de lixo domiciliaria. Os obxectivos de reciclaxe fixados nas directrices europeas marcan taxas do 50% para este ano 2020. Faise necesario, para dar cumprimento a estas directrices e acadar os obxectivos por elas fixados, que apostemos pola compostaxe e pola recollida separada da materia orgánica.

449. Para superar as ridículas cifras, xa comentadas do 3% acadadas polo modelo SOGAMA, é fundamental que na nova Lei de Residuos contemplemos un apartado específico para a xestión de biorresiduos.

É esencial que impulemos a recollida separada de materia orgánica que supere a achega voluntaria de refugalllos, introducindo alternativas como a recollida porta a porta ou sistemas de pago por xeración. Debemos, paralelamente, contemplar a posta en marcha de plantas de compostaxe de pequena e mediana escala a nivel local e comarcal, que se complementen coa promoción da compostaxe doméstica e comunitaria, como sistema de prevención e reciclaxe máis barata e efectiva.

450. Redución de plásticos.

Un dos elementos vitais que contemplaremos no marco normativo para un modelo de xestión de residuos respectuoso co medio ambiente será o de reducir o uso dos plásticos.

Neste senso é importante priorizar accións encamiñadas á eliminación de plásticos dun só uso como bolsas para a compra, envoltorios de comestibles ou botellas de auga, que son perfectamente substituíbles por materiais respectuosos co medio, mantendo as mesmas condicións de comodidade e funcionalidade no uso.

Incluiremos estratexias para diminuír o plástico en grandes áreas comerciais e distribuidores, minorando plásticos de uso único nos lineais, promovendo sistemas de compra que garantan a reutilización de envases, fomentando a venda a granel, restrinxindo a embalaxe de plásticos en produtos de proximidade ou eliminando o uso de auga embotellada en plástico na Administración pública.

451. Reducir o desperdicio alimentario.

Emprenderemos tamén accións encamiñadas a reducir o desperdicio de alimentos que se produce nos fogares, nos restaurantes e nos servizos públicos de restauración.

A Xunta de Galicia non debe ser allea, senón promotora, da loita contra o o desperdicio de alimentos, tanto por razón ambientais como sociais e solidarias na loita contra a fame.

Fiscalidade ambiental para fomentar a redución e a reciclaxe.

Na nova Lei de Residuos contemplamos a introdución de medidas fiscais para desincentivar o uso excesivo de envases (prevención), respectar a xerarquía (reciclaxe) e penalizar a vertedura. Canto ao sobreenvasado, revisaremos as embalaxes excesivas e potenciaremos outras máis eficientes en termos do seu ciclo de vida.

Cómpre, da mesma maneira, establecer os instrumentos económicos para avanzar no cumprimento da xerarquía, en particular os impostos (canon) á vertedura e á incineración de residuos.

452. Ampliar a rede de Puntos Limpos e mellorar o seu funcionamento.

Alén das funcións que xa se cumpren, no marco normativo en materia de xestión de residuos introduciremos o aumento do número de Puntos Limpos e a conversión destes en espazos que faciliten a reutilización de bens de consumo en bo estado de funcionamento.

453. Puntos Verdes nas comarcas e os concellos que o precisen.

Na nova Lei de Residuos contemplaremos a creación de “Puntos Verdes”. Estes novos mecanismos de xestión permitirán reducir a cantidade de recursos leñosos xerados en orixe mediante a súa transformación en estelas que poderán ter destino enerxético ou servir de materia prima para a creación de biofertilizantes. Por este motivo crearemos Puntos Verdes en tódalas comarcas con actividades agrarias que na actualidade son obxecto de incineración in situ e naqueles concellos onde o volume de residuos leñosos o permita, xa que nestes poderemos dar unha saída máis sostible a residuos vexetais procedentes de parques e xardíns.

454. Evitar o uso de canteiras como vertedoiros.

A nova Lei de Residuos debe contemplar os mecanismos de control sobre as operacións con residuos para a súa valorización e restauración e evitar que a recuperación de espazos degradados e restauración de antigas canteiras remate en vertedoiros pola porta traseira.

Neste sentido, na nova Lei de Residuos estableceremos os instrumentos para evitar prácticas e operacións de “reciclaxe de baixa calidade”, das que son exemplo en Galicia o uso de residuos na restauración de canteiras, evitando esta fraude na súa xestión. Prestaremos tamén especial atención ao uso dos tecnosolos para o que revisaremos a instrución técnica ITR/01.0/05, que regula a elaboración e uso dos solos derivados de residuos, para evitar a mestura de residuos en destino co obxectivo de modificar as súas propiedades por dilución duns noutros.

455. Plan para a xestión real dos residuos agrícolas.

Dentro da Lei de Residuos deben fixarse os parámetros para a creación e impulso dun novo plan para a xestión real dos residuos derivados das prácticas agrícolas, principalmente zurros. Mediante modos brandos, descentralizados e con repercusión local, que reverta na agricultura mediante abonos de alta calidade. Unha fórmula que redundará a non contaminar os nosos acuíferos, ríos e medio mariño.

456. Loita contra a obsolescencia programada.

É esencial facer fronte ao axioma da obsolescencia programada estendida de forma sistemática na produción de bens de consumo. Incluíremos no articulado da nova Lei de Residuos de Galicia elementos que garantan a reparabilidade e a reutilización destes produtos, así como a recuperación de refugallos antropoxénicos con gran potencial de valorización e que evitarían, de forma derivada, proxectos devastadores para o medio e o territorio como a minaría a ceo aberto. Acabar coa obsolescencia programada supón, ademais, un importante aforro enerxético, de auga, etc. na produción deses bens de consumo.

457. Campaña pública de concienciación ambiental.

Dentro da Lei de residuos, en consonancia coa Estratexia Galega de Educación Ambiental, contemplaremos accións encamiñadas a incrementar a conciencia ambiental relacionada coa redución de residuos e coa concienciación da cidadanía como consumidores responsables. Deste xeito, desde a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, definiremos medidas de diversa índole e alcance para lograr unha redución significativa dos residuos sólidos xerados.

Galicia e a emerxencia climática.

Galicia afronta, como o resto do planeta, unha situación de emerxencia climática e medioambiental. Existen evidencias científicas absolutamente alarmantes que mostran a incidencia do cambio climático en Galicia como son o incremento da temperatura de 1'5° C; un aumento do nivel do mar na costa atlántica e cantábrica de ata 6 mm/ano; os cada vez máis recorrentes períodos de seca co risco de desertización de máis do 40% do solo galego; o alarmante incremento dos incendios forestais no noso país, onde se producen o 70% do total dos lumes do Estado ou a emisión de gases de efecto invernadoiro, de case o 12% do total español (nun territorio que representa o 6% da poboación e o 5% do PIB). Neste contexto, Galicia presenta unha serie de elementos intrínsecos e específicos que a fan especialmente vulnerable fronte ao cambio climático. A xestión ambiental levada a cabo en Galicia nas últimas décadas acrecentou esta situación de vulnerabilidade. Logo de anos de negacionismo continuado, as consecuencias agroman en forma de múltiples problemáticas medioambientais que requiren dun xiro apremiante nas políticas públicas.

Mais cremos que Galicia conta con excelentes potencialidades para abordar con solvencia unha verdadeira e profunda transición ecolóxica na industria, na agricultura, na enerxía e no transporte, que eviten unha situación de non retorno fronte ao cambio climático e, ao tempo, non deixen a ninguén atrás.

Ademais é urxente desenvolver políticas públicas destinadas a reducir a vulnerabilidade social e ambiental dos efectos derivados do cambio climático emprendendo unha ineludible transición hidrolóxica e enerxética ou mudando as políticas forestais de Galicia. As medidas administrativas deben, tamén, contribuír a reforzar esta estratexia porque só unha correcta diagnose da situación ambiental nos permitirá tomar as mellores decisións e as máis sostibles, tanto coa participación activa da cidadanía como das organizacións involucradas e non estar determinada exclusivamente por intereses económicos curtopracistas.

458. Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático.

Aprobaremos a Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático que terá como principal obxectivo definir a estratexia galega contra a emerxencia climática. A utilizaremos para:

- Definir unha estratexia que favoreza a eficiencia enerxética (nos fogares e nas industrias e servizos) e o impulso de tódalas fontes enerxéticas de orixe renovable.
- Tentaremos que as fontes enerxéticas contaminantes e os produtores de residuos fagan fronte a tódolos custes que a súas industrias conlevan.
- Fomentaremos a descentralización enerxética para reducir as emisións no transporte (favorecendo o transporte colectivo de persoas) e incentivaremos a redución da velocidade máxima en vías intraurbanas para minorar a contaminación sobre a cidadanía.
- Impulsaremos cambios nas políticas forestais, agrícolas e gandeiras para facelas menos demandantes de combustibles fósiles
- Estableceremos un marco de apoio á I+D+i para favorecer a mitigación dos efectos do cambio climático.

Moitas das actuacións concretas a adoptar para acadar a eficacia desta Lei requiren da aplicación dun conxunto de medidas transversais que foron xa desenvolvidas máis polo miúdo en anteriores apartados como a Lei de Mobilidade Sostible, no tocante a reducir as emisións de gases contaminantes; a nova Lei de Resíduos e o cambio do modelo de SOGAMA (que provoca unha elevadísima pegada de carbono e emisión de gases derivada do transporte e incineración dos residuos sólidos urbanos), etc.

459. O bosque autóctono como freo á desertización.

A loita contra os efectos do cambio climático en Galicia pasa necesariamente polo impulso dunha nova política forestal.

A recuperación do bosque autóctono e a loita contra a desertización son fundamentais á hora de diminuír a emisión de CO₂ á atmosfera, principal causa do cambio climático e do queceamento do planeta.

- Desde a Xunta de Galicia estableceremos as medidas necesarias para crear un novo modelo forestal que reverta o proceso de desertización de xa máis do 40% do solo galego. As vagas anuais de lumes, as talas indiscriminadas, os monocultivos de eucalipto e piñeiro agravan cada ano a perda de cobertura vexetal incidindo nunha cada vez maior vulnerabilidade fronte as consecuencias derivadas da emerxencia climática.
- Mudaremos as actuais políticas forestais, conservando e recuperando o bosque autóctono, acometendo actuacións nas cabeceiras dos ríos, pulando pola recuperación do bosque de ribeira e reducindo as especies consumidoras de recursos hídricos como o eucalipto ou as acacias.

460.Abordar unha Transición Enerxética Xusta.

Esta transición enerxética debe estar fundamentada en actuacións como:

- Crear un operador público de enerxía
- Instar ás grandes empresas enerxéticas como “Endesa” e “Naturgy” a participar na recuperación económica e no mantemento de postos de traballo dos concellos de Meirama e As Pontes.
- Impulsar un Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, desenvolver un Novo Plan Eólico para Galicia
- Fomentar a creación de cooperativas de produción enerxética en base ás diferentes enerxías renovables.
- Recuperar paulatinamente as centrais hidroeléctricas galegas para que a súa xestión sexa pública.

461. Asumir o reto da Transición Hidrolóxica en Galicia.

PODEMOS Galicia - Alianza Verde aposta por elaborar e desenvolver un Plan de Choque Contra a Afección do Cambio Climático que teña como un dos retos fundamentais abordar unha inaprazable Transición Hidrolóxica no noso país. Transición hidrolóxica que basearemos na intelixencia ambiental da sustentabilidade, na aplicación rigorosa do principio de precaución fronte á emerxencia climática e na recuperación da calidade ambiental das nosas masas de auga, tal e como fixa a Directiva Marco da Auga do Parlamento Europeo. Cómpre, igualmente, apostar por novas estratexias de xestión da demanda baseadas no aforro e na concienciación, desde a perspectiva da racionalidade económica e o consumo responsable.

462. Lei contra a contaminación lumínica

Elaboraremos unha norma que racionalice a iluminación pública e diminúa a contaminación lumínica, garantindo que o alumeadado exterior dos concellos e dos entes provinciais e da propia Administración autonómica cumpra coa lexislación vixente (Real Decreto 1890/2008 de 14 de novembro).

Promocionar o uso de luminarias con intensidade lumínica adaptable dependentes de sensores de movemento – máis intensidade cando detectan movemento e máis atenuadas cando non transiten humanos- para diminuír o impacto lumínico nas zonas menos habitadas e polo tanto con menor tránsito.

463. Mellora dos procesos de avaliación ambiental.

No novo Goberno garantiremos e esixiremos a máxima independencia e calidade técnica aos Estudos de Impacto Ambiental (EIA) e incorporaremos o coñecemento científico dispoñible máis actual. Adoptaremos tódalas salvagardas necesarias para evitar o intercambio territorial dos EIA ou o que é o mesmo, impediremos a compra de “lavados verdes” para sacar adiante os trámites de aprobación ambiental de determinados proxectos e aplicaremos medidas coercitivas cando se detecten estes comportamentos.

Así mesmo, concederémolle ás Declaracións de Incidencia Ambiental (DIA) toda a responsabilidade técnica e política que se merecen estes instrumentos ambientais destinados a garantir a minimización dos impactos ecolóxicos.

464. Evitar o uso de trámites de excepcionalidade.

A participación pública, das persoas, dos colectivos sociais e profesionais son unha garantía da aceptabilidade social coa que estamos comprometidos e cremos que non se debe evitar. Por este motivo, fuxiremos do uso de salvagardas de excepcionalidade reservadas para proxectos estratéxicos, pero que se teñen convertido en atallos para reducir ou evitar a exposición pública das preceptivas avaliacións ambientais.

465. Dinamización do Consello Galego de Medio Ambiente.

Alén das funcións xa asignadas, co Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA) deberemos contribuír activamente ao incremento da sustentabilidade do modelo económico e social de Galicia. Debido á súa pluralidade social e sectorial, pretendemos converter este órgano no centro do debate ambiental do noso país, superando a paralización ao que o ten sometido a actual Xunta. Ç

466. Mellora do Sistema de Información Ambiental de Galicia.

Retomaremos a publicación periódica de datos actualizados para todos e cada un dos indicadores do Sistema de Información Ambiental de Galicia (SIAM) e aumentaremos o número de indicadores ambientais analizados, sobre todo aqueles relacionados con grandes proxectos ou posibles focos de contaminación.

A información derivada do SIAM será parte fundamental da estratexia do Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA) para contribuír ao seu fin fundamental: o aumento da sustentabilidade do modelo económico e social de Galicia.

Por outra banda, aplicaremos a transposición do “Convenio de Aarhus”. Coa aplicación deste convenio garantiremos e facilitaremos o acceso da sociedade e das ONGDs á información xerada pola Administración pública e aos procedementos administrativos relacionados con calquera ámbito das actuacións con incidencia medioambiental.

467. Comunicación e educación ambiental na acción do Goberno galego.

Queremos que as accións do Goberno de Galicia e as de calquera iniciativa privada que conte con apoio público inclúan sempre a dimensión ambiental. Artellaremos un sistema de comunicación ambiental, difusión ou educación (en ámbitos concretos) da acción do Goberno galego. Para iso empregaremos canles de comunicación propias e alleas, incluíndo bloggers, youtubers, streamers, etc. Coa nova Estratexia Galega de Educación Ambiental aportaremos unha visión transversal a tódalas nosas accións de goberno nesta materia.

Protexer a nosa riqueza natural.

Desde o novo Goberno galego procuraremos a harmonización entre a protección e conservación da natureza do noso país, coa consolidación e desenvolvemento dun turismo sustentable. Impulsaremos a conservación e coidados dos seis parques naturais de Galicia e instaremos á declaración de novos parques naturais como o do Courel. Debemos prepararnos tamén para os cambios que nos van afectar como consecuencia da emerxencia climática, un dos desafíos máis grandes do noso tempo.

468. Derrogaremos a Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Unha Lei que supón un grave atentado á defensa do noso patrimonio natural pois implica unha redución inaceptable dos requi-

sitos ambientais que precisan as empresas en Galicia para levar a cabo a súa actividade.

Esta lei, coñecida socialmente como a Lei de Depredación de Galicia, significa a desregulación de ámbitos con gran pegada no medio, como o eólico, o forestal, o mineiro ou os usos hidráulicos. Así como unha porta aberta á desprotección da poboación, mediante un uso abusivo e xeneralizado da lei de expropiación, para situar por diante do interese xeral as iniciativas privadas das grandes empresas.

469. Nova Lei de Protección da Paisaxe de Galicia.

Crearemos unha nova Lei de Protección da Paisaxe que promova, valore e utilice a paisaxe a partir do principio de precaución e non permita as actuacións ou intervencións que teñan un impacto irreversible sobre el. Unificaremos as políticas da paisaxe e incorporaremos unha planificación e protección desta na Ordenación do Territorio.

Neste sentido, fomentaremos a planificación participativa, segundo o estipulado no Convenio Europeo da Paisaxe, para que sexa a propia poboación quen defina os obxectivos de calidade da paisaxe que habita.

470. Protección e rexeneración de contornos singulares naturais.

Colaboraremos co Estado para a protección e rexeneración de espazos naturais, como Illa Pancha, en Ribadeo; praia de Covas, en Viveiro; ecosistema das marismas da Xunqueira e a praia do Areal, en Pobra do Caramiñal; lugar de Esteiro, en Boiro; praia de Bestarruza en Mugardos; areal de Altar, en Barreiros; praia de Arealonga, en Foz; praia de Aguete en Marín; praias Carabuxeira e A Lanzada en Sanxenxo; e os ríos Azúmara, Miño e Támega, entre outros.

471. Conservación da natureza e desenvolvemento turístico.

Desde a Xunta de Galicia iniciaremos a revisión participativa do Catálogo de Especies Ameazadas e dos seus Plans de Conservación e Recuperación. Así mesmo, poremos en marcha a ampliación da Rede Natura e a creación do Catálogo de Paisaxes de Interese. Todos estes recursos e as estratexias para a súa conservación servirán para potenciar o turismo natural en Galicia. Aproveitaremos as sinerxias entre natureza e capital rural para converter ao noso país nunha referencia europea e mundial do turismo de natureza. Os custes económicos de pór en marcha as medidas conservacionistas enunciadas son relativamente baixos. A participación dos axentes sociais, dos colexios profesionais e da sociedade en xeral faise imprescindible para o éxito desta estratexia. A ampla rede de turismo rural existente en Galicia poderá incrementar a súa oferta de servizos. Acompañaremos esta medida coa derogación da Lei de Conservación da Natureza de Galicia, e elaboraremos unha nova Lei acorde coas necesidades ambientais actuais, as novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental e teremos en conta as normas sectoriais que inciden na súa conservación.

472. Cambios na estrutura da Administración Forestal.

Estableceremos unha clara separación entre a xestión dos distintos programas de control dos lumes forestais e os programas de xestión e ordenación forestal. Esta separación non excluírá a necesaria coordinación entre os dous ámbitos. Neste sentido, os Distritos Forestais deben ser reforzados como unidade fundamental da administración forestal, da xestión pública de montes e de interacción cos propietarios e comunidades de montes da súa área de actuación. Por outra parte, a coordinación entre distintos departamentos da Administración autonómica simplificará os trámites para obter os permisos e autorizacións das actividades a desenvolver no monte.

473. Loita contra o lume

- Mesas de traballo e negociación para a loita conxunta contra o lume.

Con urxencia organizaremos estas mesas nas que participarán os Distritos Forestais -o ámbito administrativo máis achegado á realidade do monte no noso país- e as organizacións sindicais representativas dos traballadores do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) e as súas asociacións profesionais para abordar todos aqueles asuntos que afecten á estrutura, funcionamento e organización do dispositivo de prevención e control de incendios, co obxectivo de corrixir as deficiencias «técnicas» da loita contra o lume e facelo moito máis efectivo no curto prazo.

- O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) incluírá os resultados desas mesas de traballo e negociación, así como unha exhaustiva información sobre os incendios forestais en Galicia (detalles de cada un dos incendios, número de incendiarios detidos e condenados, situación forestal dos bosques queimados...), unha exposición polo miúdo e comprensible das partidas orzamentarias destinadas á prevención e extinción e o seu custe anual, contratos e convenios asinados pola Administración, así como outros asuntos relevantes para que prime a absoluta transparencia na xestión pública dos incendios.
- A prevención de incendios: eixe central da actuación pública. Converteremos a prevención de incendios forestais no eixe central da actuación pública neste ámbito e redefiniremos ás funcións que cumpren os traballadores do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) polo que na distribución dos tempos de traballo deberá facerse fincapé nas funcións de prevención e traballos forestais. Para iso, os Distritos Forestais porán toda a atención no cumprimento das faixas e perímetros de seguridade no seu territorio de influencia así como nas tarefas de control de biomasa nos montes xestionados pola administración.

Na nova Xunta de Galicia realizaremos as modificacións

lexislativas necesarias para garantir o cumprimento deses obxectivos e activaremos tódolos protocolos para que os titulares das infraestruturas de transporte (terrestre, ferroviario, eléctrico...) tamén os cumbran. Consideramos que temos que reverter a tendencia do gasto público, destinando progresivamente máis diñeiro á prevención de lumes e, polo tanto, menos á súa extinción.

- Dispositivo único e público de loita contra os incendios.

Apostaremos por este dispositivo único e público a través do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) apoiado e coordinado dentro do sistema integral de emerxencias. Deste xeito, iremos eliminando tódalas contratacións de persoal alleas a el. Así mesmo, de forma progresiva, iniciaremos a posta en marcha de Ofertas Públicas de Emprego que rematen coa precariedade laboral que sofre unha parte importante dos traballadores e traballadoras do SPDCIF.

474. Recoñecemento dos bombeiros e bombeiras forestais.

Recoñeceremos a categoría de bombeiro forestal aos profesionais da prevención e loita contra os incendios forestais. Para iso debe existir un proceso formativo anual posto en marcha tanto desde a Escola Galega de Administración Pública como da Academia Galega de Seguridade Pública. Contemplaremos incluso a formación a nivel internacional, no sentido de realizar prácticas no estranxeiro de algúns técnicos e tamén incluír aprendizaxe local de sistemas internacionais de extinción forestal.

475. Consenso para a ordenación do monte.

Canto á xestión e ordenación forestal do monte tentaremos establecer un modelo de consenso onde participen tódolos actores implicados: propietarios, produtores, comercializadores, madeiros, industrias, movementos sociais, agricultores, gandeiros, grupos políticos e sindicais... para racionalizar e ordenar o monte cunha ampla perspectiva temporal.

476. Nova Lei de Montes sobre un acordo nacional.

Revisaremos a Lei 7/2012 de 30 de xuño de Montes de Galicia cos obxectivos de:

- Reverter o proceso de abandono do mundo rural por parte das/os traballadoras/es do mesmo.
- Xerar riqueza e dinamismo no territorio desde a reordenación e o aproveitamento dos seus usos.
- Establecer un marco de corresponsabilidade de tódolos axentes implicados no novo modelo; recoñecer e protexer as súas funcións ecosistémicas e sociais.
- Preservar a seguridade alimentaria.
- Conservar o solo.
- Manter o ciclo da auga e demais ciclos naturais.
- Preservar a paisaxe e a biodiversidade.
- Innovar e profesionalizar as tarefas silvícolas.
- Trasladar criterios científicos e de emprego da innovación.

A nova Lei de Montes de Galicia será o resultado final dun acordo nacional de consenso cos sectores implicados para os vindeiros 60 anos sobre o novo modelo de aproveitamento do monte en Galicia.

477. Colaboración entre e con propietarios privados.

Mediante a creación de figuras de colaboración e/ou promoción das xa existentes para a posta en marcha de estratexias de cooperación entre propiedades privadas: Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, asociacións de propietarios ou calquera outra forma de colaboración das contempladas na lexislación ou creación e rescate doutras figuras (Unidades de xestión forestal,

UXFOR). Na nova Xunta de Galicia non centraremos a atención nun único modelo: debemos prestar apoio a tódalas figuras de actuación conxunta que se desenvolvan.

478. Contrato voluntario coa propiedade.

Alí onde a iniciativa privada non xestione o monte, desde a Xunta de Galicia actuaremos mediante o ofrecemento dun contrato voluntario coa propiedade, entendido como un instrumento financeiro a longo prazo para o fomento da silvicultura, dos aproveitamento silvopastoris ou doutros usos diversificados do monte, sempre compatibles coa conservación da natureza.

A nova Xunta débese converter no principal axente de innovación e transformación do monte. Na actualidade xestiona máis do 20% da superficie forestal do país. Esta intervención pública, debe ser considerada un instrumento eficaz para o desenvolvemento económico de áreas rurais e a vertebración de amplas zonas de Galicia. Debe ir, tamén, máis alá das funcións de vixilancia e inspección. En todo caso, en relación aos montes privados colectivos, desde a Xunta favoreceremos a xestión directa pola comunidade de todos aqueles Montes Veciñais en Man Común (MVMC) que contan cunha comunidade constituída e con certa base demográfica.

479. Montes en man común.

Daremos pulo ao recoñecemento legal dos montes veciñais como unha titularidade veciñal, comunitaria e cun tratamento fiscal acorde ás súas funcións sociais.

Entendemos que os Montes Veciñais en Man Común (MVMC) son un axente fundamental para a nova política do monte. Por iso crearemos a Axencia Galega de Montes Veciñais (AXEGA-MONVE), para promover e asesorar a acción das comunidades de montes, máis alá do desenvolvemento de funcións exclusivamente administrativas. Os montes veciñais deben ser en grande parte das comarcas galegas o motor da nova política para o monte: deben ser tratados como un espazo de innovación

agroecolóxica e social. Os MVCM representan tamén unha oportunidade única para o desenvolvemento rural e para o exercicio da democracia participativa e desde abaixo. Son latifundios democráticos e un claro exemplo doutras organizacións das que beber á hora de repensar a Administración pública. Por iso, debemos potencialos como modelo de éxito na xestión do común.

A Axencia Galega de Montes Veciñais servirá para garantir que as Comunidades de Montes se podan autoxestionar, habilitará un servizo de consultoría legal, de xestión, de apoio a comunidades «envellecidas» e de axuda a comunidades novas; tamén fomentará o seu empoderamento mediante campañas de visibilidade e unidades pedagóxicas para dar a coñecer os MVCM nos centros educativos e ante a sociedade.

A Administración mediará para que as comunidades que reclaman o seu monte expropiado poidan recuperalo e impulsará un sistema para estender o coñecemento (lexislativo, de xestión, agrogandeiro...) entre elas. Estudaremos o marco xurídico que as rexe para avanzar na reformulación da Lei de MVCM e traballaremos para que se lles aplique unha fiscalidade específica. Como consecuencia das medidas anteriores e dos consensos que se alcancen, todo isto inserido en estratexias máis amplas, como é a que se derive da Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático, modificaremos a Lei de Montes de Galicia.

480. Información e coñecemento para a política forestal.

Sen unha información completa e fiable do monte e do sector económico-industrial será máis difícil o desenvolvemento e revisión das estratexias e políticas forestais. De xeito urxente, promoveremos, mediante o mellor aproveitamento dos recursos existentes, un servizo específico de estatística forestal que en cooperación co Instituto Galego de Estatística (IGE), universidades e centros de investigación, e co sector privado, que nos permita mellorar a información dispoñible para transmitir de xeito eficaz.

481. Fomento da investigación, desenvolvemento e transferencia ao sector.

Se ben é necesario e urxente diversificar os aproveitamentos do monte, non debemos perder de vista que a produción de madeira é na actualidade unha compoñente central do valor engadido que produce o monte. Así, debe ser un obxectivo prioritario establecer liñas específicas de apoio á innovación na xestión forestal e na industria da madeira dentro da estratexia galega de I+D+i:

- Investigación para mellorar a xestión sustentable do monte.
- Análises de mercado e situación socioeconómica para o desenvolvemento do sector forestal
- Maior coñecemento sobre a dinámica dos ecosistemas forestais e a interacción coas prácticas silvícolas.
- Desenvolvemento de modelos de predición que aseguren unha optimización dos recursos na procura da multifuncionalidade.
- Desenvolvemento de modelos que compatibilicen a produción de madeira con aproveitamentos gandeiros.
- Investigacións en novos produtos forestais (biomateriais innovadores, biocombustibles a partir de residuos forestais.
- Obtención de compost a partir deses residuos)
- Exerceremos o papel de axente de transferencia de coñecemento entre os centros de investigacións e os xestores dos recursos do monte.

482. Mellora da xestión e innovación forestal.

Programaremos axudas a proxectos concretos de I+D+i destinados á valorización, aproveitamento e xestión sustentable de montes por entidades sen ánimo de lucro ou entes locais.

Aproveitamento da terra produtiva e políticas para as zonas de montaña.

A superficie agraria en Galicia está en diminución continua desde hai máis de 60 anos; pola contra, a superficie forestal incrementouse en boa medida co cultivo de especies exóticas de crecemento rápido. A forestación de terras agrarias e áreas de interese natural é o último chanzo na expulsión de traballadores do mundo rural, da perda de competitividade, da degradación medioambiental e paisaxística e dun dispendio de cartos públicos. Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde contemplamos un amplo conxunto de medidas para a mobilización produtiva de terras, a súa xestión e administración e, polo tanto, contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza e evitar o despoboamento dos núcleos rurais.

483. Frear a perda de superficie agraria útil e protexela.

Desde PODEMOS Galicia - Alianza Verde queremos frear a perda de superficie agraria útil e protexer o solo de maior aptitude agroalimentaria para que poida ser utilizado para este fin e non para o cultivo forestal. No mesmo sentido, pola riqueza medioambiental e social que aportan deben ser protexidas tamén ás zonas de especial interese natural. Para lograr estes obxectivos bastaría, en boa medida, co cumprimento e desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio e a aplicación efectiva e responsable do marco legal vixente (como a Lei de Mobilidade de Terras ou algúns preceptos da Lei de Montes)

484. Estratexia Galega de Administración de Terras.

O novo Goberno galego creará unha Estratexia de Administración de Terras de Galicia para desacelerar a inmovilización de terras asociada ao déficit de información, á presenza de conflitos, de titularidades descoñecidas, á problemática de deslindes, etc. Entendemos que todas estas e outras dificultades, relacionados coa propiedade rústica, poden ser resoltas a través dun novo Servizo de Apoio á Xestión de Terras de Galicia.

Desde este Servizo melloraremos e impulsaremos, asemade, os deslindes, o inventariado e cartografado dos Montes Veciñais en Man Común. Analizaremos a situación actual de xestión e aplicaremos as responsabilidades subsidiarias da Xunta de Galicia en relación á mesma.

485. Xestión de terras.

Dentro da Estratexia de Administración de Terras de Galicia, dotámonos das medidas necesarias para a selección, priorización e coordinación dos diferentes instrumentos de xestión de terras (reorganizacións parcelarias, Banco de Terras, agrupacións de xestión forestal, etc.) en relación aos obxectivos funcionais e características de tenza de cada territorio. Contemplaremos a coordinación e aplicación de instrumentos de reforma das estruturas previstos na diferente lexislación vixente e habilitaremos os mecanismos necesarios para compensar en terra agraria a agricultores nos procesos expropiatorios por construción de infraestruturas, minas, etc.

486. Agricultura urbana.

Poremos en marcha un programa para impulsar e vertebrar actuacións concretas para a divulgación da agricultura urbana de xeito que nos permita mobilizar soares infrautilizados, fomentando unha maior interrelación entre o urbano, o rural e o perirubano.

487. Lei da Montaña galega.

Ao igual que sucede noutros territorios, as áreas de montaña de Galicia caracterízanse polas limitacións das opcións de uso da terra e un maior custe relativo para a súa mobilización, debido a factores ambientais e orográficos. A Xunta de Núñez Feijóo nunca entendeu as particularidades deses territorios e os abandonou á súa sorte polo que neles avanzaron moito máis rápido os procesos de marxinalización, vulnerabilidade social e ambiental

e as conseguíntes desvantaxes socioeconómicas (despoboamento e carencia de servizos básicos).

- Elaboraremos a Lei para o Desenvolvemento da Montaña Galega, en base á premisa de cohesión social e territorial, promovendo o desenvolvemento local e sustentable e mediante a posta en valor das potencialidades de cada zona e a xeración de riqueza endóxena. Nesta lei contemplaremos a identificación e delimitación das áreas de montaña de Galicia, coa súa correspondente caracterización e tipificación tendo en conta criterios físicos, paisaxísticos, topográficos, bioclimáticos e socioeconómicos.
- Nesta Lei contemplaremos a realización de Plans integrais das comarcas da Montaña que xeren un desenvolvemento socioeconómico equilibrado en todo o territorio, apostando por modelos de desenvolvemento que combinen a conservación dos valores ambientais deses territorios co aproveitamento eficiente dos recursos existentes.

488.Singularidades da alta montaña na PAC.

Desde o goberno galego, nas axudas derivadas da Política Agraria Común (PAC), contemplaremos as singularidades das terras de alta montaña. Incluiremos a definición territorial das áreas de montaña nas Políticas de Desenvolvemento Rural e eliminaremos as trabas derivadas da situación das terras, como a pendente ou a superficie mínima de cultivo.

Preservar a nosa biodiversidade.

A biodiversidade proporciona beneficios fundamentais para a vida. A súa perda ten efectos negativos sobre o noso benestar, afectando aspectos da importancia da seguridade alimentaria, a vulnerabilidade ante desastres naturais, a seguridade enerxética ou o acceso ao auga limpa. Mais tamén afecta á faciana emocional da nosa vida, á vinculación á paisaxe, ao ocio e ao benestar social. A preservación e recuperación da biodiver-

sidade é un obxectivo ineludible, é un deber ético humanista conservar tódalas formas de vida do planeta e que estas poidan persistir xeración tras xeración.

Na Xunta de Galicia teremos unha posición proactiva para contribuír á preservación da biodiversidade.

A premisa coa que traballamos é que os espazos naturais deben ser xestionados, abandonado a idea de que a súa conservación significa «non tocalos». Ao contrario, debemos definir ferramentas, fórmulas e programas que nos permitan conservar eses ecosistemas e que fagan compatible a súa conservación coa presenza humana. No corpo normativo galego en materia ambiental existen algunhas carencias pero tamén existen elementos xurídicos que nunca foron desenvolvidos e executados pola actual Xunta de Feijóo, e que nós pretendemos desenvolver nesta lexislatura.

489. Aplicar a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

A tal fin, aplicaremos un plan de desenvolvemento sustentable con marcos de acción concretos no que se incorporen mecanismos de seguimento, avaliación e auditoría social para o correcto cumprimento do mesmo. Este plan incluírá un mecanismo específico de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento (CPD), co fin de evitar os impactos negativos que calquera política pública puidese ter na contribución de España aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

490. Saneamento integral das rías e os seus ecosistemas.

Desde a Xunta de Galicia, en colaboración co Goberno do Estado, daremos prioridade nos orzamentos á protección da calidade das augas das nosas rías e aumentaremos os investimentos en: sistemas de saneamento e depuración de augas nas cidades galegas e nos municipios de tamaño pequeno e mediano, traballos de dragaxe e dotación económica de programas de

restauración dos ecosistemas naturais á vez que acurtaremos os prazos de execución da construción das infraestruturas de saneamento.

491. Protección do medio mariño e a súa contorna.

- Desenvolveremos unha Planificación Estratéxica Mariña para Galicia, que sente as bases para as distintas actividades humanas no medio mariño na que se primará a protección dos nosos ecosistemas e o mantemento daquelas actividades económicas sostibles ligadas ás nosas comarcas pesqueiras.
- Continuaremos co investimento para o desenvolvemento efectivo da Directiva Europea de Estratexias Mariñas.
- Fomentaremos a divulgación das áreas mariñas protexidas e do seu valor natural, e incluiremos ditas áreas nas estratexias de promoción turística e educación ambiental. Incrementaremos o impacto positivo de devanditas áreas nas poboacións costeiras máis próximas. Neste sentido, desenvolveremos un etiquetado específico para o peixe e o marisco extraído mediante artes non destrutivas permitidas no interior da reserva.
- Traballaremos cos distintos axentes implicados para reducir o vertido de lixo no mar, a protección do medio mariño contra as contaminacións acústica e lumínica, e o desenvolvemento das enerxías renovables.

492. Plan para o Estudo Hidro-biolóxico dos ríos galegos.

Elaboraremos un Plan para o Estudo Hidro-biolóxico dos ríos galegos no que catalogaremos e cuantificaremos a biodiversidade fluvial de Galicia. Este plan incluírá o desenvolvemento de estratexias para a recuperación de especies ameazadas e control das especies invasoras.

493. Plans de mellora dos ecosistemas fluviais.

Nestes plans incorporaremos medidas de vixilancia e control sobre caudais ecolóxicos e actuacións destinadas á reforestación das zonas de servidume para recuperar o deteriorado e imprescindible bosque de ribeira; contribuiremos a minimizar as afeccións derivadas dos incendios forestais e axudaremos á regulación natural de enchentes e recargas de acuíferos. Estes plans incluírán tamén a prevención da contaminación difusa, creando zonas de protección contra as escorrentías agrícolas nas marxes laterais dos ríos.

494. Fiscalización das concesións de ENCE, REGANOSA e XEAL.

- Fiscalizaremos os incumprimentos da concesión para facer efectiva a derogación da prórroga por 60 anos da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre na ría de Pontevedra outorgada a ENCE.
- Ao tempo, garantiremos o cumprimento das resolucións xudiciais e o respecto á legalidade vixente no caso da empresa gasística REGANOSA, para o seu peche e retirada das instalacións situadas na Ría de Ferrol.
- Implantaremos as medidas oportunas para a recolocación do persoal destas empresas no marco do Plan de Transición Enerxética, que estipula que por cada posto de traballo que se elimine crearanse dous con condicións laborais idénticas ou mellores na mesma comarca.
- Igualmente controlaremos as instalacións que XEAL (a antiga Ferroatlántica) ten nos concellos de Arteixo, Dumbría e Cee e moi especialmente nestes dous últimos para que cumpra co caudal ecolóxico do Xallas na central hidroeléctrica de Dumbría e, no caso de Cee, cese o vertido de metais pesados ao río Brens e a ría de Corcubión.

495. Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras.

Faremos unha proposta lexislativa que inclúa a catalogación das especies exóticas invasoras e defina os medios para a posta en marcha de actuacións de control e erradicación das mesmas, tanto animais como vexetais. Neste sentido, comezaremos por deseñar un Plan de Eliminación destas especies dos nosos Espazos Naturais Protexidos e, de xeito progresivo, iniciaremos a erradicación de especies invasoras dos Parques Naturais. Comprometémonos a dotar este Plan con fondos suficientes para alcanzar eses obxectivos nun tempo razoable. Tamén incluiremos neste Plan os espazos protexidos baixo a Rede Natura 2000.

No caso das especies invasoras sobre o dominio marítimo terrestre, que son competencia do Estado, demandaremos desde a nova Xunta de Galicia que a Demarcación de Costas incorpore nos seus programas tódalas medidas necesarias para a erradicación desas especies, sen desbotar a colaboración coa iniciativa privada.

496. Limitacións ás plantacións de eucalipto.

Incluiremos na estratexia para facer fronte á emerxencia climática a necesidade de acoutar a expansión das plantacións de eucalipto por ser especies pirófitas que facilitan a propagación rápida de incendios. Así mesmo, incorporaremos o *Eucalyptus nitens* no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, regulado polo Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto, e a adoptaremos as medidas de prevención e loita derivadas da mesma, seguindo o criterio do Comité Científico do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Aprobaremos unha moratoria para novos cultivos de eucalipto ata a regulación e tramitación destes procedementos.

497. Conservación e/ou recuperación de especies ameazadas.

Precisamos da elaboración dun novo Catálogo Galego de Especies Ameazadas actualizado. Cómpre a revisión participativa e

a elaboración dun novo que recolla novas categorizacións das especies e novas inclusións.

É necesario, ademais, revisar o regulamento existente e desenvolver novos Plans de Conservación e/ou Recuperación das Especies Ameazadas, para dotármonos de medios que aseguren o cumprimento dos plans xa implantados e revisar as políticas sectoriais (agricultura, gandería, forestal, urbanismo...) que poidan afectar ás especies catalogadas como ameazadas ou en perigo de extinción.

498. Revisión do Plan de Xestión do lobo.

O lobo é a única especie que non está catalogada como ameazada e que conta cun plan propio. A nosa primeira proposta pasa por cambiarlle o nome: de «xestión» a «conservación e convivencia». A segunda pasa por eliminalo como especie cinxética de Galicia (isto é, de aqueles territorios galegos contemplados no plan nos que se pode cazar). Porén, permitiremos o «control de individuos» como exemplares que poden ser particularmente problemáticos e estean a xerar problemas de difícil solución. Dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental haberá un plan específico relativo ao lobo. Así mesmo, desde a Xunta de Galicia definiremos un novo marco que permita axilizar, mellorar e actualizar as compensacións polos ataques destes cánidos.

499. Custodia do territorio: Impulso aos proxectos e Comisión para o Desenvolvemento.

- Facilitaremos as iniciativas sociais e, sobre todo de voluntariado, implicadas na conservación da natureza, a paisaxe e o patrimonio cultural en terreos privados e públicos. Nestas iniciativas os principais protagonistas serán, por unha banda, as persoas rías e, por outra, unha entidade de custodia que lles asesorará para levar a cabo unha xestión do seu terreo orientada á conservación dos seus valores e recursos. Dada a experiencia positiva deste tipo de iniciativas nos últimos anos, realizaremos unha aposta decidida para a implemen-

tación, extensión e o desenvolvemento destes proxectos nas mellores condicións posibles.

- Poremos en marcha a Comisión para o Desenvolvemento da Custodia do Territorio. A partir da colaboración entre a Administración pública e as entidades privadas definiremos o contido (medios humanos, financeiros e mecanismos) para que a protección do territorio se converta nunha figura da Estratexia Galega de Conservación da Biodiversidade.

500. Políticas sectoriais do territorio que velen pola biodiversidade.

Nas actuacións en políticas sectoriais con incidencia territorial imporemos a obriga de contemplar e velar pola conservación da nosa biodiversidade. Desde a Xunta de Galicia garantiremos a avaliación das afeccións sobre a mesma e imporemos accións para a súa mitigación e/ou a compensación de danos no caso de se produciren.

501. Modificación do Plan Director da Rede Natura 2000.

Realizaremos modificacións nas que debemos incorporar os criterios científicos de xestión máis avanzados, limitando os usos incompatibles coa protección da natureza (como portos deportivos, recheos, plantas de acuicultura, aproveitamentos enerxéticos. etc.) e permitindo as actividades humanas que -respectando tódolos valores ecolóxicos deses espazos- desenvolven aproveitamentos tradicionais (por exemplo, gandería de alta montaña con especies en perigo de extinción).

Impulsaremos tódalas «medidas agroambientais» para que a actividade agraria e gandeira sustentable que se realiza dentro destas áreas obteña os apoios económicos precisos para permitir unha dobre función: económica e ambiental, de aproveitamento económico sostible dos recursos e de conservación dos valores naturais.

502.Revisión e ampliación da Rede Natura en Galicia.

Hai espazos que non están contemplados actualmente dentro da Rede Natura mais que cumpren dabondo cos requisitos para ser parte desa figura de protección e queremos que gocen tamén desa custodia. Entre eles a Serra do Suído, Río Arnoia, Serra da Cova da Serpe, Serra de Foncuberta, Serra da Groba, entre moitos outros. De igual modo, consideramos que algúns espazos que xa están dentro da Rede Natura requiren da ampliación da súa superficie así como a dotación de recursos necesarios para o correcto cumprimento da lexislación comunitaria e para facilitar a actividade e a vida dos habitantes deses espazos.

503.Restauración hidrolóxico-forestal.

Estableceremos un acordo de colaboración co Estado para dotar economicamente un plan de restauración dos ecosistemas e de repoboación con especies autóctonas que axuden a restaurar a biodiversidade que nos é propia. Daremos prioridade á restauración e reforestación con especies nativas de zonas afectadas polos incendios, con accións específicas no Parque Natural dos Ancares e no Parque Natural A Baixa Limia-Serra do Xurés.

504.Promover a investigación científica da nosa biodiversidade.

Dentro da Estratexia galega de I+D+i contemplaremos a promoción de accións e a dotación de financiamento para a investigación científica no ámbito da biodiversidade en Galicia e, particularmente, sobre bioloxía da conservación.

505.Modificación da Lei do Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia.

Modificaremos a Lei 5/2019 de 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia. Precisamos un novo marco regulador acorde coas necesidades ambientais actuais, coas novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental

e coas normas sectoriais que inciden na conservación da nosa biodiversidade.

506. Cumprimento da lexislación comunitaria sobre biodiversidade.

Reorientaremos as axudas da Política Agraria Común (PAC), tal e como se recolle nos seus obxectivos, cara á conservación da biodiversidade. Para conseguilo eliminaremos paulatinamente as axudas á actividades agrogandeiras que danen a biodiversidade e, pola contra, incentivaremos aquelas que contribúan á súa conservación. Teremos especial coidado no deseño de mecanismos que permitan a compatibilización das actividades agrogandeiras que se desenvolvan en Espazos Naturais Protexidos (ENP).

507. Lei de Conectividade Ecolóxica.

A natureza non entende de fronteiras por isto a conexión ecolóxica dos territorios en xeral e, en particular, dos espazos naturais é fundamental para a conservación das especies e das funcionalidades ecolóxicas que os habitan. O deseño da conectividade debe ser, obviamente, multiescala e multiespecie. Redactaremos, polo tanto, unha Lei de Conectividade Ecolóxica e a aplicaremos de xeito práctico. Na futura Rede Natura deberán preverse tamén estes espazos de conexión entre territorios.

Defensa dos animais.

A sensibilidade social das xentes do noso país ten mudado moito con respecto a nosa concepción sobre os animais. Temos cambiado a nosa mentalidade e sabemos que teñen sentimentos e uns dereitos que deben ser respectados. Agora forman parte da nosa familia nas zonas máis urbanas porque, en xeral, nas zonas rurais foron sempre coidados ao ser imprescindibles para a súa subsistencia. Por iso, a nova Xunta de Galicia debe deseñar unha nova Lei de Protección Animal e Convivencia Responsable.

508.Nova Lei de Protección Animal.

Redactaremos unha nova Lei de Protección Animal que incorpore:

- A supresión dos circos con animais e a inclusión dos équidos no eido de protección.
- Limitacións ao comercio de animais a través de internet e outros aspectos como a prohibición de exhibición comercial de animais en tendas,
- Veto ao uso de colares de descargas, pinchos ou aerosois,
- Regulación dos santuarios e aplicación de políticas de sacrificio cero de animais domésticos, e un control exhaustivo do sistema identificador dos mesmos.
- Endureceremos o catálogo de sancións e prohibiremos o uso de munición de chumbo en actividades cinexéticas e da caza de especies animais con algún grao de protección, como a cabra montés, ou con advertencias desde organismos internacionais, como a tórtola europea.
- Prohibición de participación e exposición de persoas menores de idade ás actividades que supoñan exposición á violencia, crueldade e sufrimento de animais, como as touradas e a caza.

509.Eradicación do toureo en Galicia.

Coa mesma coherencia, impulsaremos un Proxecto de Lei para introducir avances graduais que desemboquen na definitiva erradicación das corridas de touros e outros eventos tauromáquicos no noso país.

510. Prevención do abandono e maltrato animal.

Deseñaremos unha Estratexia Galega de Prevención do abandono e maltrato animal 2020-2024 que recollerá medidas sensi-

bilizadoras contra estas dúas lacras e aproveitaremos as canles de comunicación públicas, como a TVG e Radio Galega, para a súa difusión.

- Esta estratexia centrarase, con especial interese, no desenvolvemento de campañas educativas adaptadas aos diferentes niveis escolares e formativos.
- Crearemos tamén un Rexistro Galego de persoas sancionadas ou condenadas por actos de abandono e/ou maltrato animal, como medida para garantir o cumprimento das sancións accesorias de inhabilitación para a tenza e/ou comercio de animais.
- Avanzaremos cara ao peche das granxas peleteiras, proporcionando axudas para a transformación do sector.
- Crearemos unha liña de axudas para incentivar a transformación de explotacións gandeiras en producións sostibles de proteínas vexetais de especial crecemento económico.

511. Apoio ás protectoras de animais.

Dentro da Estratexia Galega de Prevención do abandono Animal, incluírase un catálogo de axudas directas aos Concellos para aplicar os marcos lexislativos estatal e galego, apoio ás entidades protectoras e campañas de inspección, vixilancia, tamén divulgación sobre bo trato animal, que posibiliten previr o abandono e o maltrato.

Daremos apoio económico e técnico ás entidades protectoras de animais para facilitar a recollida de animais abandonados e/ou feridos, a esterilización e outro tipo de accións preventivas como a sensibilización social.

512. Nova Lei de Caza e Pesca deportivas.

- Definiremos unha nova proposta normativa para estes dous ámbitos e faremolo de xeito participativo a partir dalgunhas

premisas irrenunciáveis: a xestión destas actividades debe ter en conta criterios científicos ou a utilización exclusiva de sistemas de caza e pesca absolutamente respectuosos coa conservación da biodiversidade.

- Ampliaremos os Comités de Caza e Pesca para que tódolos axentes sociais estean presentes e poidan ser ouvidos na elaboración das novas leis nas que avanzaremos na definición de medidas que amplíen a seguridade para o/as cazadore/as e pescadore/as e para a cidadanía en xeral.
- Canto á nova Lei de Caza estableceremos controis preventivos de alcol e drogas aos/ás portadore/as de armas e aumentaremos a idade legal para obter a licenza de caza aos 18 anos. Igualmente, suprimiremos os campionatos como práctica deportiva e negaremos calquera axuda pública a estas probas cruentas cando se utilicen animais.
- Incrementaremos as franxas de seguridade e a obriga de censos científicos independentes para autorizar plans de ordenación cinexética.

Sustentabilidade enerxética.

O noso país asume fortes impactos ambientais por ser un grande produtor e transformador enerxético e, a pesar diso, somos deficitarios en enerxía primaria. Por iso, é preciso que cambiemos o actual modelo enerxético galego.

513. Autoconsumo enerxético.

Promoción do autoconsumo eléctrico por medio de disposicións legais e administrativas, baixo as seguintes premisas:

- A enerxía autoconsumida instantaneamente queda libre de calquera tipo de imposición.
- A enerxía vertida ao sistema eléctrico será xustamente retribuída por parte da empresa comercializadora (mediante a cancelación da cantidade de quilovatio/hora consumida da rede ou por medio dun saldo económico).

- Axilización dos trámites administrativos para a aplicación das condicións anteriores.
- Axudas directas ao investimento para a implantación de pequenas e medianas instalacións de enerxías renovables promovidas por entidades locais, cidadás ou cooperativas para o consumo eléctrico.
- Regulación para favorecer as instalacións de autoconsumo compartido.
- Reparación da situación dos pequenos investidores prexudicados polo “machadazo ás renovables”.

514. Tecnoloxías para o almacenamento enerxético.

Abriremos unha liña de investimento público-privado de alto impacto para desenvolver novas tecnoloxías de baterías. Apostamos polo desenvolvemento dunha industria innovadora de alto valor engadido que permitirá, por unha banda, aproveitar mellor as renovables e compensar vales puntuais na xeración mediante un mellor almacenamento da enerxía e, por outra banda, mellorar a autonomía dos coches eléctricos e crear unha importante industria auxiliar que dea apoio á súa fabricación e a reconversión da automoción.

Complementaremos este investimento coa mobilización dun 3% do PIB anual de capital público e privado, para reducir as nosas emisións de CO₂ á metade nunha década e un 90% en 2040, cumprindo así os obxectivos do Panel Intergobernamental de Cambio Climático da ONU.

515. Reversión das hidroeléctricas a mans públicas segundo rematen as concesións.

- Revisaremos a caducidade e o cumprimento das condicións das concesións de explotación hidroeléctrica en Galicia (mantemento dos caudais ecolóxicos, existencia e bo funcionamento dos pasos para peixes migratorios, etc.)

- Comprometémonos a recuperar a xestión pública das centrais hidroeléctricas galegas a medida que vaian expirando os seus períodos de adxudicación e a non volver a sacalas a concurso público.
- Daremos cumprimento á Lei de Augas e tramitaremos de inmediato os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos.
- Destinaremos os beneficios das centrais de xestión pública á restitución económica e social nos concellos afectados polas instalacións hidroeléctricas e a outros fins de utilidade pública ou interese social ou ambiental.

516. Novo Plan Eólico Galego.

Redactaremos un novo Plan Eólico Galego baseado na xestión sostible do territorio, na calidade de vida das persoas, no fomento do autoabastecemento enerxético e no desenvolvemento de oportunidades económicas no rural.

O novo Plan Eólico Galego debe facer unha revisión das distancias mínimas ás vivendas, así como establecer valores máximos de ruídos e vibracións tendo en conta os seguintes elementos: dimensións dos aeroxeneradores, preservación da saúde das persoas e a conservación do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

517. Rehabilitación enerxética.

Estableceremos medidas para a rehabilitación de vivendas canto á mellora da eficiencia enerxética e a redución da factura da luz. Nestas actuacións incluiremos o illamento térmico, a instalación de sistemas de calefacción e auga quente eficientes e a iluminación de baixo consumo. Daremos prioridade aos fogares e barrios máis vulnerables e a edificios situados en zonas menos poboadas conforme ás garantías de xustiza social e territorial. A consecuencia destas intervencións as familias poderán chegar a reducir nun 50% o seu consumo de enerxía e aforrar

unha media de 400 euros anuais. Ao tempo, crearemos milleiros de empregos nun sector tan castigado como é o da construción. As empresas tamén se beneficiarán deste plan de rehabilitación a través dunha liña de subvencións para a adopción de tecnoloxías máis eficientes.

